

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FOMENTO

17236 *Orde FOM/2872/2010, do 5 de novembro, pola que se determinan as condicións para a obtención dos títulos habilitantes que permiten o exercicio das funcións do persoal ferroviario relacionadas coa seguridade na circulación, así como o réxime dos centros homologados de formación e dos de recoñecemento médico do dito persoal.*

ÍNDICE

- Título I. Disposicións xerais.
 - Artigo 1. Obxecto.
 - Artigo 2. Persoal afectado.
 - Artigo 3. Licenza, certificados e habilitacións exixidos para exercer funcións relacionadas coa seguridade na circulación no ámbito ferroviario.
 - Artigo 4. Centros homologados de formación.
 - Artigo 5. Centros homologados de recoñecemento médico.
- Título II. Persoal de circulación.
 - Artigo 6. Principios xerais.
 - Artigo 7. Tipos de habilitación.
 - Artigo 8. Condicións para acceder á formación que permite a obtención das habilitacións de circulación.
 - Artigo 9. Obtención das habilitacións.
 - Artigo 10. Validez das habilitacións.
 - Artigo 11. Suspensión e revogación das habilitacións.
- Título III. Persoal de infraestrutura.
 - Artigo 12. Principios xerais.
 - Artigo 13. Tipos de habilitación.
 - Artigo 14. Condicións para acceder á formación que permite a obtención das habilitacións de infraestrutura.
 - Artigo 15. Obtención das habilitacións.
 - Artigo 16. Validez das habilitacións.
 - Artigo 17. Suspensión e revogación das habilitacións.
- Título IV. Persoal de operacións do tren.
 - Artigo 18. Principios xerais.
 - Artigo 19. Tipos de habilitación.
 - Artigo 20. Condicións para acceder á formación que permite a obtención das habilitacións de operacións de tren.
 - Artigo 21. Obtención das habilitacións.
 - Artigo 22. Validez das habilitacións.
 - Artigo 23. Suspensión e revogación das habilitacións.
- Título V. Persoal responsable de control do mantemento de material rodante ferroviario.
 - Artigo 24. Principios xerais.

Artigo 25. Habilitación de responsable de control do mantemento de material rodante ferroviario.

Artigo 26. Condicións para acceder á formación que permite a obtención da habilitación de responsable de control do mantemento de material rodante.

Artigo 27. Obtención da habilitación.

Artigo 28. Validez da habilitación.

Artigo 29. Suspensión e revogación da habilitación.

Título VI. Persoal de condución.

Capítulo I. Réxime xeral. Certificación de maquinistas.

Artigo 30. Certificación de maquinistas. Licenza e certificados.

Capítulo II. Licenza.

Artigo 31. Licenza.

Artigo 32. Condicións para acceder á formación que permite obter a licenza de maquinista.

Artigo 33. Programas de formación.

Artigo 34. Probas de avaliación.

Artigo 35. Obtención da licenza.

Artigo 36. Validez da licenza.

Artigo 37. Suspensión e revogación da licenza.

Capítulo III. Certificados.

Artigo 38. Certificados.

Artigo 39. Condicións para acceder á formación que permite obter os certificados de condución.

Artigo 40. Programas de formación e probas de avaliación para a obtención dos certificados.

Artigo 41. Validez.

Artigo 42. Suspensión e revogación dos certificados.

Artigo 43. Supervisión dos maquinistas polas entidades ferroviarias.

Título VII. Obrigas das entidades ferroviarias. O responsable de seguridade na circulación.

Artigo 44. Obrigas das entidades ferroviarias.

Artigo 45. Condicións para ser responsable de seguridade na circulación e as competencias deste.

Título VIII. Avaliación dos procedementos de formación e exame.

Artigo 46. Avaliación independente.

Título IX. Centros homologados de formación de persoal ferroviario.

Capítulo I. Réxime xeral.

Artigo 47. Concepto e ámbito.

Artigo 48. Funcións.

Artigo 49. Réxime de funcionamento dos centros homologados en materia da licenza de condución.

Artigo 50. Réxime de funcionamento dos centros homologados en materia de habilitacións e certificados de persoal ferroviario.

Artigo 51. Obrigas dos centros homologados de formación.

Artigo 52. Convocatoria de exames. Examinadores.

Artigo 53. Réxime de inspección.

Capítulo II. Réxime de homologación dos centros de formación.

Artigo 54. Homologación. Requisitos para a súa obtención.

Artigo 55. Criterios para valorar a competencia profesional e a capacidade técnica.

Artigo 56. Criterios para valorar a capacidade financeira e a cobertura de responsabilidade civil.

Artigo 57. Procedemento de homologación.

Artigo 58. Validez da homologación.

Artigo 59. Suspensión e revogación da homologación.

Título X. Centros homologados de recoñecemento médico de persoal ferroviario.

Capítulo I. Réxime xeral.

Artigo 60. Concepto e ámbito.

Artigo 61. Funcións.

Artigo 62. Probas de valoración da capacidade psicofísica.

Artigo 63. Emisión de certificados de aptitude psicofísica.

Artigo 64. Validez dos certificados de aptitude psicofísica.

Artigo 65. Obrigas do centro de recoñecemento médico.

Artigo 66. Réxime de inspección.

Capítulo II. Réxime de homologación dos centros de recoñecemento médico.

Artigo 67. Requisitos para a homologación.

Artigo 68. Criterios para valorar a competencia profesional e a capacidade técnica.

Artigo 69. Criterios para valorar a capacidade financeira e a cobertura de responsabilidade civil.

Artigo 70. Procedemento de homologación.

Artigo 71. Validez da homologación.

Artigo 72. Suspensión e revogación da homologación.

Disposición adicional primeira. Dereito de acreditación da formación, cualificación e experiencia previa do persoal ferroviario.

Disposición adicional segunda. Aplicación ao persoal alleo ao Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, que exerza a súa actividade nas conexións da rede ferroviaria de interese xeral administrada pola dita entidade, con outras redes.

Disposición adicional terceira. Recoñecemento das licenzas de maquinistas expedidas por outros Estados membros da Unión Europea.

Disposición adicional cuarta. Excepcións ao réxime xeral dos certificados ou habilitacións de condución.

Disposición adicional quinta. Alteracións das condicións psicofísicas do persoal ferroviario.

Disposición adicional sexta. Controis para detección de consumo de alcohol e de indicios analíticos de consumo de drogas de abuso e substancias psicoactivas.

Disposición adicional sétima. Establecemento de itinerarios formativos básicos.

Disposición adicional oitava. Rexistro e intercambio de información.

Disposición adicional novena. Reembolso dos gastos de formación dos maquinistas.

Disposición adicional décima. Condicións excepcionais de capacidade psicofísica e requisitos médicos.

Disposición adicional décimo primeira. Habilitacións de piloto de seguridade e de operador de maquinaria de infraestruturas.

Disposición adicional décimo segunda. Inclusión no sistema de xestión da seguridade.

Disposición transitoria primeira. Equivalencia de titulacións académicas para efectos laborais.

Disposición transitoria segunda. Réxime aplicable ao persoal ferroviario que presta os seus servizos na entidade pública empresarial Ferrocarrís de Vía Estreita (FEVE).

Disposición transitoria terceira. Validación ao persoal de RENFE dos requisitos de nivel académico mínimo exixibles para o acceso á formación para os títulos e habilitacións.

Disposición transitoria cuarta. Acceso aos títulos de condución do persoal pertencente a outras empresas ferroviarias distintas de RENFE-Operadora.

Disposición transitoria quinta. Réxime aplicable ao persoal das entidades prestadoras de servizos adicionais, complementarios e auxiliares.

Disposición transitoria sexta. Persoal non pertencente a entidades ferroviarias.

Disposición transitoria sétima. Autorizacións para determinado persoal ferroviario.

Disposición transitoria oitava. Vixencia temporal do título V da Orde FOM 2520/2006, do 27 de xullo.

Disposición transitoria novena. Adecuación dos títulos habilitantes da actual orde á normativa comunitaria.

Disposición derogatoria única. Derogación normativa.

Disposición derradeira primeira. Horas de formación dos cursos formativos de licenza e certificados do persoal de condución.

Disposición derradeira segunda. Adaptación de denominacións.

Disposición derradeira terceira. Entrada en vigor.

Disposición derradeira cuarta. Autorización á Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias.

Anexo I. Condicións de capacidade psicofísica para a certificación de valoración de aptitude do persoal de circulación.

Anexo II. Condicións de capacidade psicofísica para a certificación de valoración de aptitude do persoal de infraestrutura.

Anexo III. Condicións de capacidade psicofísica para a certificación de valoración de aptitude do persoal de operacións do tren.

Anexo IV. Condicións de capacidade psicofísica para a certificación de valoración de aptitude do persoal de condución.

Anexo V. Programa de formación e probas de avaliación de maquinistas.

Anexo VI. Modelos de licenza e de certificado de condución.

Anexo VII. Titulacións exixibles.

O artigo 60.1 da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, establece que o persoal que preste os seus servizos no ámbito ferroviario deberá contar cunha cualificación que lle permita a realización das súas funcións coas debidas garantías de seguridade e eficiencia. Pola súa parte, o número 2 deste mesmo artigo establece que unha orde do Ministerio de Fomento será a que determine as condicións e os requisitos para a obtención dos títulos habilitantes necesarios para desempeñar as funcións relacionadas coa seguridade no ámbito ferroviario, así como o réxime de autorización e funcionamento dos centros para a formación do dito persoal.

A dita previsión legal foi desenvolvida pola Orde FOM/2520/2006, do 27 de xullo, pola que se determinan as condicións para a obtención de títulos e habilitacións que permiten o exercicio das funcións do persoal ferroviario relacionadas coa seguridade, así como o réxime dos centros de formación do dito persoal e dos de valoración da súa aptitude psicofísica.

Esta orde pretende cumprir un dobre obxectivo, por unha parte, traspasar ao noso ordenamento xurídico a Directiva 2007/59/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2007, sobre a certificación dos maquinistas de locomotoras e trens no sistema ferroviario da Comunidade, e por outra, aclarar e definir determinadas cuestións que regulaba a Orde FOM/2520/2006, que agora se derroga.

Segundo se apunta no artigo 28 da citada directiva, en caso de presentación e adopción de propostas lexislativas da Comisión Europea sobre un sistema de certificación para os outros membros da tripulación a bordo dos trens que desempeñen tarefas de importancia para a seguridade procederase ao seu seguimento e á modificación desta orde en consonancia co adoptado para o ámbito da Unión Europea, todo isto co fin de aumentar a libre circulación dos traballadores e a seguridade dos ferrocarrís.

Ante as posibles medidas que a Comisión Europea estableza en relación ás condicións e aos criterios de aplicación da Directiva 2007/59, preverase a posibilidade de incorporalas e adecualas á normativa española, co fin de propiciar a maior harmonización posible e de evitar que os españois encontren restricións que non se apliquen na maioría dos outros Estados da Unión Europea.

No Real decreto 918/2010, do 16 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 810/2007, do 22 de xullo, polo que se aproba o Regulamento sobre seguridade na circulación da rede ferroviaria de interese xeral, xa se incorporou ao dereito español o número 3 do artigo 2 da Directiva 2007/59, única parte desta que pola súa natureza e contido se considerou que se debía recoller nunha norma de rango superior ao de orde ministerial.

A orde estrutúrase en dez títulos que se dividen, pola súa vez, en capítulos.

O título I determina o seu obxecto e regula o réxime xeral aplicable ao persoal ferroviario e aos centros homologados de formación e aos centros homologados de recoñecemento médico de persoal ferroviario.

O título II recolle o réxime aplicable ás habilitacións do persoal de circulación, o título III determina o réxime aplicable ás habilitacións relativas ao persoal de infraestrutura, o título IV recolle o réxime aplicable ás habilitacións do persoal de operacións do tren e o título V establece o réxime aplicable ás habilitacións ao persoal responsable de control do mantemento de material rodante ferroviario.

Nos títulos mencionados no parágrafo anterior faise referencia aos distintos tipos de habilitación, aos requisitos mínimos exixibles, ás condicións para a súa obtención, así como á súa validez, suspensión e revogación.

O título VI establece a regulación relativa ao persoal de conducción ou maquinista. O dito título divídese, pola súa vez, en tres capítulos referidos, respectivamente, ao establecemento do réxime xeral aplicable e á certificación do persoal que realiza funcións de conducción, á licenza de conducción de vehículos ferroviarios, ás condicións para a súa obtención, validez e suspensión ou revogación e aos certificados de conducción requiridos para o exercicio das súas funcións.

Pola súa parte, o título VII determina as condicións e requisitos mínimos que debe cumprir todo aquel que desempeñe as funcións de responsable de seguridade na circulación no seo dunha empresa ferroviaria así como as obrigas das entidades ferroviarias.

O título VIII establece a avaliación dos procedementos de formación e exame dos coñecementos profesionais do persoal ferroviario.

O título IX establece o réxime xeral dos centros homologados de formación de persoal ferroviario e o seu réxime de homologación e o título X regula o réxime xeral dos centros homologados de recoñecemento médico de persoal ferroviario e o seu réxime de homologación.

Así mesmo, esta orde incorpora doce disposicións adicionais, nove transitorias, unha derogatoria e catro disposicións derradeiras.

Por último, o texto complétase con sete anexos que fixan, respectivamente, as condicións de capacidade psicofísica para a certificación de valoración de aptitude do persoal de circulación, do persoal de infraestrutura, do persoal de operacións do tren, do persoal de conducción, o programa de formación de maquinistas, os modelos de licenza e de certificado de conducción e as titulacións exixibles.

Finalmente, na tramitación desta orde foron oídos as entidades ferroviarias e demais interesados no sector ferroviario, incluídos os sindicatos máis representativos do sector, o

Consello Nacional de Transportes Terrestres, do Ministerio de Educación, e do Ministerio de Sanidade e Política Social.

Na súa virtude, coa aprobación previa da ministra da Presidencia e de acordo co Consello de Estado, dispoño,

TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto:

1) O establecemento das condicións, requisitos e procedemento para a obtención da licenza e certificados de condución e as habilitacións necesarias para o desempeño das funcións relacionadas coa seguridade na circulación no ámbito da rede ferroviaria de interese xeral.

2) A regulación, exclusivamente, das competencias profesionais vinculadas á actividade ferroviaria, as cales se obteñen mediante a cualificación suficiente que permita a prestación do servizo ferroviario coas debidas garantías de seguridade e eficiencia, e non será obxecto desta orde o establecemento das bases que definan unha clasificación laboral e profesional que afecten os traballadores que desenvolvan a actividade no sector ferroviario.

3) O establecemento das condicións e requisitos do réxime de autorización e funcionamento dos centros homologados de formación do persoal que realice funcións de seguridade na circulación no ámbito ferroviario.

4) O establecemento das condicións e requisitos do réxime de autorización e funcionamento dos centros homologados de recoñecemento médico, capacitados para valorar a aptitude psicofísica do dito persoal.

Artigo 2. *Persoal afectado.*

1. Para os efectos desta orde, establécense para o persoal que, no ámbito ferroviario, vaia realizar funcións relacionadas coa seguridade na circulación, en función da súa cualificación profesional, os seguintes grupos de actividade:

- a) Persoal de circulación.
- b) Persoal de infraestrutura.
- c) Persoal de operacións do tren.
- d) Persoal de condución.
- e) Persoal responsable de control do mantemento de material rodante.

2. A actividade do persoal de circulación inclúe, entre outras, o desempeño das funcións de xestión e control, incluída a regulación, do sistema de circulación ferroviaria.

3. A actividade do persoal de infraestrutura abrangue o exercicio, entre outras, das funcións de mantemento, control, operación de vehículos de infraestrutura e vixilancia da seguridade na circulación ferroviaria durante a realización de traballos sobre a infraestrutura ferroviaria.

4. A actividade do persoal de operacións do tren consiste no desempeño de funcións que garantan a seguridade nas operacións necesarias para a circulación dos trens, tales como a formación destes ou a manipulación e acondicionamento da carga neles ou a súa descarga.

5. A actividade do persoal de condución, ou maquinista, consiste, fundamentalmente, no manexo e condución sobre a rede ferroviaria de interese xeral de unidades tractoras ferroviarias, sexan de tipo convencional ou automotrices, de maneira autónoma, responsable e segura.

6. A actividade do persoal responsable de control do mantemento de material rodante consiste en emitir as acreditacións de que no vehículo ferroviario correspondente se

realizaron todas as intervencións e operacións conforme o plan de calidade do centro homologado de mantemento de material rodante e en nome deste.

Artigo 3. *Licenza, certificados e habilitacións exixidos para exercer funcións relacionadas coa seguridade na circulación no ámbito ferroviario.*

1. Para exercer funcións relacionadas coa seguridade do tráfico ferroviario, o persoal que as teña que realizar deberá dispor dos correspondentes títulos habilitantes de conformidade co disposto a continuación.

a) O persoal de circulación deberá obter a correspondente habilitación outorgada polo Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, na forma establecida no título II desta orde.

b) O persoal de infraestrutura deberá obter a correspondente habilitación outorgada polo Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, na forma establecida no título III desta orde.

c) O persoal de operacións do tren requirirá dunha habilitación outorgada ben pola empresa ferroviaria para a que preste os seus servizos, ou ben, se for o caso, polo Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, conforme o disposto no título IV desta orde.

d) O persoal de conducción, ou maquinista, deberá dispor, para o exercicio das súas funcións, da certificación de maquinista en vigor, composta dunha licenza outorgada pola Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias e do correspondente certificado ou certificados, outorgados conforme o disposto no título VI, pola empresa ferroviaria ou polo Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, en cada caso, a persoal propio.

e) O persoal responsable de control do mantemento de material rodante requirirá, para o exercicio das súas funcións, dunha habilitación outorgada polo director do centro homologado de mantemento de material rodante ferroviario, conforme o disposto no título V desta orde.

2. Para obter e manter a validez das licenzas de conducción de vehículos ferroviarios, dos certificados ou de calquera das habilitacións, así como para o exercicio das facultades que estes documentos confiren, os seus titulares deberán ter obtido, previamente, e renovar cando proceda, o correspondente certificado de aptitude psicofísica, nos termos previstos nesta orde.

3. A Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias, o Administrador de Infraestruturas Ferroviarias e as empresas ferroviarias, así como os directores dos centros homologados de mantemento de material rodante ferroviario, poderán limitar, dentro das súas respectivas competencias, a eficacia das licenzas, certificados e habilitacións que respectivamente outorguen, podendo suspendelos cautelarmente e, se for o caso, revogalos, logo de audiencia do interesado e mediante resolución ou decisión motivada fundada en razóns de seguridade ferroviaria debidamente acreditadas, que será revisable na vía que corresponda.

4. As empresas ferroviarias e o Administrador de Infraestruturas Ferroviarias comunicarán á Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias, para a súa correspondente anotación no Rexistro Especial Ferroviario, as habilitacións ou os certificados que outorguen de conformidade co previsto nesta orde, así como calquera alteración que se produza destes. Así mesmo, os directores dos centros homologados de mantemento de material rodante ferroviario comunicarán á Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias e ao Administrador de Infraestruturas Ferroviarias as habilitacións que se outorguen de conformidade co previsto no título V desta orde, así como calquera alteración que se produza destas.

5. O Ministerio de Fomento e o Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, de conformidade co previsto no artigo 86 da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, e dos artigos 117 e 118 do Regulamento do sector ferroviario, poderán requirir do persoal ferroviario afectado polos títulos II, III, IV e VI desta orde, durante o exercicio da

súa actividade profesional, que acredite que está en posesión dos correspondentes títulos habilitantes establecidos nesta orde.

6. Para os efectos do establecido nesta orde entenderanse como entidades ferroviarias, tanto as empresas ferroviarias como o Administrador de Infraestruturas Ferroviarias.

Artigo 4. *Centros homologados de formación.*

1. Os centros homologados de formación do persoal ferroviario teñen por obxecto impartir a formación teórica e práctica necesaria para a obtención e, se for o caso, mantemento da licenza e os certificados de condución, así como das habilitacións que se regulan nesta orde. A homologación para o exercicio da dita actividade outorgaraa a Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias.

2. Os requisitos que deben cumprir os ditos centros e o procedemento para a súa homologación axustaranse ao disposto no título IX desta orde.

Artigo 5. *Centros homologados de recoñecemento médico.*

1. Os recoñecementos médicos, entendidos para os efectos desta orde, como probas de valoración obrigatorias para a obtención do certificado de aptitude psicofísica que permita obter e conservar a licenza, os certificados e as habilitacións regulados nesta orde, serán realizados en centros homologados de recoñecemento médico. A homologación para o exercicio da dita actividade outorgaraa a Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias.

2. Os requisitos que deben cumprir estes centros e o procedemento para a súa homologación axustaranse ao disposto no título X desta orde.

TÍTULO II

Persoal de circulación

Artigo 6. *Principios xerais.*

1. O persoal de circulación que opere na rede ferroviaria de interese xeral deberá dispor dunha habilitación en vigor concedida de conformidade co disposto neste título, polo Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, por proposta do responsable da seguridade na circulación deste.

2. Corresponde ao responsable da seguridade na circulación do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, no marco do establecido nesta orde:

- a) Propor o tipo e alcance das habilitacións correspondentes ao persoal de circulación.
- b) Comprobar o cumprimento polo aspirante das condicións mínimas exixidas para acceder á formación necesaria para obter as referidas habilitacións.
- c) Determinar o contido dos programas de formación para a obtención e renovación das ditas habilitacións.
- d) Aprobar a proposta de desenvolvemento dos programas de formación e as probas de avaliación que lle formule o centro homologado de formación correspondente.

3. O Administrador de Infraestruturas Ferroviarias comunicará á Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias as decisións que se adopten en cumprimento do previsto no número anterior.

Artigo 7. *Tipos de habilitación.*

1. Para o persoal de circulación establécense, en función do tipo de actividade que vaia realizar, as habilitacións seguintes:

- a) De responsable de circulación.

b) De auxiliar de circulación.

2. A habilitación de responsable de circulación faculta o seu titular para dirixir a circulación de trens e manobras nunha estación, ou nun conxunto de estacións, en que estea operativo un sistema de control de tráfico centralizado, así como para exercer todas aquelas funcións que a normativa ferroviaria vixente en materia de seguridade na circulación asigne a este e, ademais, para realizar todas as tarefas para as que faculta a habilitación de auxiliar de circulación.

3. A habilitación de auxiliar de circulación faculta o seu titular para, conforme as ordes do responsable de circulación, levar a cabo determinadas tarefas nas terminais e estacións ferroviarias, tales como o accionamento de agullas e das barreiras dos pasos a nivel, a realización de manobras e demais tarefas complementarias.

4. O Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, cando o considere necesario, poderá outorgar a habilitación de auxiliar de circulación a persoal doutras entidades que dispoñan do título habilitante recollido no artigo 40 da Lei do sector ferroviario para a prestación dos servizos que se regulan nel ou ben de empresas ferroviarias para a realización dalgunha das funcións para as que aquela habilitación faculta, sempre que o dito persoal cumpra os requisitos exixidos nesta orde para a súa obtención. As ditas entidades deberán comunicar de maneira inmediata ao Administrador de Infraestruturas Ferroviarias a baixa laboral do persoal ao cal se outorgou a habilitación.

Artigo 8. Condicións para acceder á formación que permite a obtención das habilitacións de circulación.

Exirase a todo aquel que queira acceder á formación que permite obter as habilitacións de circulación o cumprimento das seguintes condicións:

a) Ter feitos dezoito anos.

b) Contar, polo menos, coa titulación que se indica no anexo VII. Non obstante, para obter a habilitación de responsable de circulación será necesario dispor do título de bacharel ou equivalente para os efectos laborais ou, no seu defecto, acreditar unha experiencia profesional de, polo menos, catro anos como auxiliar de circulación.

c) E, para aqueles interesados cuxo idioma nativo non sexa o castelán, acreditar un coñecemento suficiente do castelán que permita ao aspirante o adecuado seguimento do proceso formativo. Os centros homologados de formación poderán, para os exclusivos efectos da admisión, realizar aos interesados probas de avaliación de nivel lingüístico.

Artigo 9. Obtención das habilitacións.

1. A obtención de calquera das habilitacións que se recolle neste título requirirá a superación das correspondentes probas teóricas e prácticas que aseguren un nivel de formación e coñecemento adecuados para realizar as funcións para as que facultan, así como da obtención previa do certificado de aptitude psicofísica regulado no anexo I desta orde.

2. Determinado o contido dos programas de formación polo responsable de seguridade na circulación do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, corresponde ao centro homologado con que esta entidade conviñese a formación o seu desenvolvemento, establecendo as horas de docencia e a tipoloxía e características das probas teóricas e prácticas que se teñan que superar de conformidade co disposto nos programas de formación.

Esta proposta de desenvolvemento deberase presentar ante o citado responsable de seguridade na circulación de acordo co establecido no artigo 6 desta orde.

Non obstante o anterior, os programas de formación deberán recoller, polo menos, o seguinte:

a) Respecto da habilitación de responsable de circulación: coñecementos básicos da normativa ferroviaria vixente, os manuais de circulación, as técnicas de control e sistemas

integrados de xestión do tráfico ferroviario, os sistemas de sinalización e comunicacións, así como coñecementos en materia de prevención de riscos laborais do propio posto.

b) Respecto da habilitación de auxiliar de circulación: coñecementos básicos da normativa ferroviaria vixente, os manuais de circulación, os sistemas e técnicas de seguridade na circulación e de control, así como coñecementos en materia de prevención de riscos laborais do propio posto.

3. A formación exixida para a obtención das habilitacións recollidas neste título será impartida por un centro homologado de formación.

4. O certificado de aptitude psicofísica deberase obter nun centro homologado de recoñecemento médico.

5. O Administrador de Infraestruturas Ferroviarias establecerá o deseño, formato e contido do documento que formalice o outorgamento das habilitacións. Este documento conterá polo menos a seguinte información:

a) Identificación do responsable de seguridade na circulación do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias.

b) Nome, apelidos e fotografía recente do titular.

c) Data de nacemento.

d) Número do documento nacional de identidade, do permiso de residencia ou do pasaporte e nacionalidade.

e) Domicilio para efectos de notificacións.

f) Tipo de habilitación e data de expedición.

g) Data de realización da última reciclaxe formativa.

h) Data de expedición do último certificado de aptitude psicofísica e prazo de validez deste.

6. As habilitacións expediranse en castelán. Non obstante, o documento en que figuren tamén poderá estar redactado noutra lingua cooficial no lugar da súa expedición.

Artigo 10. *Validez das habilitacións.*

1. As habilitacións serán válidas mentres os seus titulares cumpran as condicións exixidas para o seu mantemento e non incorran en ningunha das causas de suspensión ou revogación establecidas no artigo seguinte.

2. Non obstante o establecido no número anterior, periodicamente e, polo menos cada tres anos e, en calquera caso, cando se produzan cambios normativos que afecten o contido da habilitación, os seus titulares deberán seguir un curso de actualización e reciclaxe de coñecementos teóricos e prácticos, cuxo contido e alcance será establecido polo Administrador de Infraestruturas Ferroviarias.

3. Sen prexuízo do previsto no artigo 64 desta orde, en relación cos prazos de validez do certificado de aptitude psicofísica, o persoal de circulación someterase, por indicación do seu superior xerárquico, a recoñecementos psicofísicos adicionais cando se dea algunha das circunstancias seguintes:

a) Estivese involucrado nun accidente ou nun incidente de circulación que puidese dar lugar a un accidente.

b) Se observen no titular alteracións evidentes do seu estado físico ou psíquico.

c) Estivese apartado, por enfermidade ou accidente, do exercicio efectivo das funcións de circulación, durante máis de tres meses; así como despois dun accidente laboral grave ou moi grave.

Artigo 11. *Suspensión e revogación das habilitacións.*

1. Para os efectos de garantir a seguridade no tráfico ferroviario, o Administrador de Infraestruturas Ferroviarias suspenderá a habilitación cando:

a) Se detecten, no seu titular, niveis de alcohol superiores aos autorizados ou indicios analíticos de consumo de estupefacientes, psicotrópicos ou calquera outra substancia que produce efectos análogos.

b) Non se realicen, en tempo e forma, os cursos de actualización e reciclaxe a que se refire o artigo 10.2 desta orde.

c) Se cometa unha infracción administrativa nos termos previstos no artigo 92 da Lei do sector ferroviario.

d) Non se renove puntualmente a validez do certificado de aptitude psicofísica.

e) O seu titular, no exercicio da súa actividade profesional, se negue a someterse a un control para a detección de consumo de alcohol ou de indicios analíticos de consumo de estupefacientes, psicotrópicos ou calquera outra substancia que produce efectos análogos, realizado por persoal suficientemente cualificado e autorizado para o efecto, de acordo coa normativa vixente.

2. O titular poderá recuperar a validez da habilitación suspendida cando:

a) Acredite de novo a súa aptitude psicofísica no suposto dos casos a) e d) do número anterior.

b) Supere os oportunos cursos de actualización e reciclaxe no suposto do caso b) do número anterior.

c) Cumpra a sanción administrativa a que dese lugar a infracción cometida, ou se proceda ao seu arquivo no suposto dos casos a) e c) do número anterior.

d) Transcorridos tres meses desde a súa negativa no suposto do caso e) do número anterior, logo de acreditación da súa aptitude psicofísica.

3. O Administrador de Infraestruturas Ferroviarias revogará a habilitación cando:

a) Exista unha perda sobrevida das condicións exixidas para a súa obtención.

b) O seu titular cese na súa actividade no Administrador de Infraestruturas Ferroviarias. No caso de auxiliar de circulación dependente doutra entidade, cando o seu titular cause baixa laboral na empresa a que pertenza cando recibiu a habilitación.

c) Do procedemento sancionador que, se for o caso, derive da suspensión da habilitación, se conclúa na perda definitiva desta.

4. O procedemento de suspensión ou, se for o caso, revogación da habilitación será iniciado de oficio polo Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, con audiencia do interesado, e a súa resolución anotarase, nos casos de suspensión e revogación, no rexistro a que se refire o número segundo da disposición adicional oitava desta orde e comunicarse ao Rexistro Especial Ferroviario e ao responsable de seguridade na circulación da dita entidade. A duración dos procedementos non excederá os tres meses. Transcorrido o dito prazo sen que se notificase a resolución de suspensión ou revogación producirase a caducidade do procedemento, que se declarará por medio da correspondente resolución en que, así mesmo, se ordenará o arquivo das actuacións.

5. As resolucións do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias esgotarán a vía administrativa. Contra elas caberá interpor recurso potestativo de reposición, sendo o prazo máximo para ditala e notificar a resolución sobre o dito recurso dun mes. Transcorrido o dito prazo sen que recaese resolución expresa deberase entender desestimado o dito recurso. Todo isto sen prexuízo do dereito dos interesados a recorrer na vía xurisdiccional contencioso-administrativa.

TÍTULO III

Persoal de infraestrutura

Artigo 12. *Principios xerais.*

1. O persoal de infraestrutura que exerza funcións relativas á seguridade da circulación deberá dispor dunha habilitación en vigor concedida de conformidade co disposto neste título polo Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, por proposta do responsable da seguridade na circulación deste.

2. Corresponde ao responsable de seguridade na circulación do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, no marco do establecido nesta orde:

a) Propor o tipo e alcance das habilitacións correspondentes ao persoal de infraestrutura.

b) Comprobar o cumprimento polo aspirante das condicións mínimas exixidas para acceder á formación necesaria para obter as referidas habilitacións.

c) Determinar o contido dos programas de formación para a obtención e renovación das ditas habilitacións.

d) Aprobar a proposta de desenvolvemento do contido dos programas de formación e as probas de avaliación que lle formule o centro homologado de formación correspondente.

3. O Administrador de Infraestruturas Ferroviarias comunicará á Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias as decisións que adopte en cumprimento do previsto no número anterior.

Artigo 13. *Tipos de habilitación.*

1. Para o persoal de infraestrutura establécense, en función do tipo de actividade que se vaia realizar, as seguintes habilitacións:

a) De encargado de traballos.

b) De piloto de seguridade na circulación.

c) De operador de maquinaria de infraestrutura.

2. A habilitación de encargado de traballos faculta o seu titular para realizar as funcións correspondentes a actuacións en vía bloqueada segundo se establece na normativa ferroviaria vixente en materia de seguridade na circulación, controlar e, de ser o caso, dirixir os traballos que se leven a cabo na infraestrutura ferroviaria ou nas súas proximidades, controlando os pilotos de seguridade na circulación nas súas funcións de vixilancia da infraestrutura e protección dos traballos sobre ela en relación coa seguridade na circulación. En cada caso a habilitación especificará as funcións correspondentes ás actuacións ou especialidades de que se trate, que poderán ser de infraestrutura e vía; electrificación; sinalización; ou telecomunicacións; ou calquera outra que poida establecer a Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias por proposta do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias.

3. A habilitación de piloto de seguridade na circulación faculta o seu titular para realizar as funcións de vixilancia da infraestrutura e protección dos traballos sobre ela en relación coa seguridade na circulación ferroviaria, así como a vixilancia dos pasos a nivel.

4. A habilitación de operador de maquinaria de infraestrutura faculta o seu titular para desprazar, manexar e guiar o material rodante auxiliar especificamente habilitado para realizar traballos na infraestrutura ferroviaria, incluíndose, entre outros, a maquinaria de vía, os vehículos de socorro e os vehículos automóbiles adaptados para circular polas vías.

En todo caso, para a condución dos ditos vehículos ferroviarios auxiliares por tramos de liña non exclusivos para traballos de infraestrutura, exixirase ao titular desta habilitación estar en posesión da licenza de condución regulada nesta orde e do certificado

correspondente ou, en defecto deste último, que vaia acompañado dun axente responsable coñecedor da correspondente infraestrutura conforme as condicións que se establezan na normativa de seguridade na circulación.

5. O Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, cando o considere necesario, poderá outorgar as habilitacións establecidas neste artigo para piloto de seguridade na circulación e para operador de maquinaria de infraestrutura, a persoal doutras entidades para a realización dalgunha das funcións recollidas por estas habilitacións, sempre que este persoal cumpra os requisitos exixidos para a súa obtención. As ditas entidades deberán comunicar de maneira inmediata ao Administrador de Infraestruturas Ferroviarias a baixa laboral do persoal a que se outorgase a habilitación.

A habilitación de encargado de traballos outorgarase ao persoal do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias.

Artigo 14. Condicións para acceder á formación que permite a obtención das habilitacións de infraestrutura.

Exixirase a todo aquel que queira acceder á formación que permite obter as habilitacións, o cumprimento das seguintes condicións:

- a) Ter feitos dezoito anos.
- b) Contar, polo menos, coa titulación indicada no anexo VII. Non obstante, para obter a habilitación de encargado de traballos será necesario dispor do título de bacharel ou equivalente para efectos laborais.
- c) E, para aqueles interesados cuxo idioma nativo non sexa o castelán, acreditar un coñecemento suficiente do castelán que permita ao aspirante o adecuado seguimento do proceso formativo. Os centros homologados de formación poderán, para os exclusivos efectos da admisión, realizar aos interesados probas de avaliación de nivel lingüístico.

Artigo 15. Obtención das habilitacións.

1. A obtención de calquera das habilitacións que se recollen neste título requirirá a superación das correspondentes probas teóricas e prácticas que aseguren un nivel de formación e coñecemento adecuados para realizar as funcións para as que facultan, así como da obtención do certificado de aptitude psicofísica regulado no anexo II desta orde.

2. Determinado o contido dos programas de formación para a obtención das habilitacións de infraestrutura polo responsable de seguridade na circulación do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, corresponde ao centro homologado con que esta entidade conviñese a formación o seu desenvolvemento, establecendo as horas de docencia e a tipoloxía e características das probas teóricas e prácticas que se teñan que superar de conformidade co disposto nos programas de formación.

Esta proposta de desenvolvemento deberase presentar ante o responsable de seguridade na circulación do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias para a súa aprobación, de acordo co establecido no artigo 12 desta orde.

Non obstante o anterior, a formación teórica que se determine para a obtención de calquera habilitación de infraestrutura deberá garantir o coñecemento suficiente da normativa ferroviaria vixente en materia de seguridade na circulación.

Así mesmo, sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, o programa de formación que se determine para a obtención da habilitación de operador de maquinaria de infraestrutura incluirá, polo menos, unha carga lectiva equivalente de 150 horas, das cales 30 corresponderán a unha formación práctica, e destas, como mínimo 20 empregaranse no manexo de material rodante auxiliar. Non obstante, cando se dispoña de licenza e certificado de condución de categoría A, esta carga lectiva equivalente será de 100 horas, das cales, 20 corresponderán a unha formación práctica. En todo caso, a formación para a obtención desta habilitación deberá recoller, como mínimo, coñecementos da parte que corresponda ao operador de maquinaria de infraestrutura, dos manuais de circulación e do Regulamento xeral de circulación, características físicas e técnicas da infraestrutura ferroviaria dos distintos ámbitos operativos sobre os cales vai realizar a súa actividade,

coñecementos teóricos das características xerais do material rodante e da infraestrutura e das específicas do vehículo con que vai operar, xunto coas prácticas en vía e de manexo real neste, así como formación en materia de prevención de riscos laborais do propio posto.

3. A formación exixida para a obtención das habilitacións recollidas neste título será impartida por un centro homologado de formación.

4. O certificado de aptitude psicofísica deberase obter nun centro homologado de recoñecemento médico.

5. O deseño, formato e contido do documento que formalice o outorgamento das habilitacións serán establecidos polo Administrador de Infraestruturas Ferroviarias. Este documento conterá, polo menos, a seguinte información:

- a) Identificación do responsable de seguridade na circulación do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias.
- b) Nome, apelidos e fotografía recente do titular.
- c) Data de nacemento.
- d) Número do documento nacional de identidade, do permiso de residencia, do pasaporte e nacionalidade.
- e) Domicilio para efectos de notificacións.
- f) Tipo de habilitación e data de expedición.
- g) Data de realización da última reciclaxe formativa.
- h) Data de expedición do último certificado de aptitude psicofísica e prazo de validez deste.

6. As habilitacións expediranse en castelán. Non obstante, o documento en que figuren tamén poderá estar redactado noutra lingua cooficial no lugar da súa expedición.

Artigo 16. *Validez das habilitacións.*

1. As habilitacións serán válidas mentres os seus titulares cumpran as condicións exixidas para o seu mantemento e non incorran nalgunha das causas de suspensión ou revogación establecidas no artigo seguinte.

2. Non obstante o establecido no número anterior, periodicamente e, polo menos cada tres anos, e en calquera caso cando se produzan cambios normativos que afecten o contido da habilitación, os titulares das habilitacións deberán seguir un curso de actualización e reciclaxe de coñecementos teóricos e prácticos cuxo contido e alcance será establecido polo Administrador de Infraestruturas Ferroviarias.

3. Sen prexuízo do previsto no artigo 64 desta orde, en relación cos prazos de validez do certificado de aptitude psicofísica, o persoal de infraestrutura someterase, por indicación do seu superior xerárquico, a recoñecementos psicofísicos adicionais cando se dea algunha das circunstancias seguintes:

- a) Estivese involucrado nun accidente ou nun incidente de circulación que puidese dar lugar a un accidente.
- b) Se observen no titular alteracións evidentes do seu estado físico ou psíquico.
- c) Estivese apartado, por enfermidade ou accidente, do exercicio efectivo de funcións de persoal de infraestrutura durante máis de tres meses; así como despois dun accidente laboral grave ou moi grave.

Artigo 17. *Suspensión e revogación das habilitacións.*

1. Para os efectos de garantir a seguridade no tráfico ferroviario, o Administrador de Infraestruturas Ferroviarias suspenderá a habilitación cando:

- a) Se detecten, no seu titular, niveis de alcohol superiores aos autorizados ou indicios analíticos de consumo de estupefacientes, psicotrópicos ou calquera outra substancia que produce efectos análogos.

b) Non se realizasen, en tempo e forma, os cursos de actualización e reciclaxe a que se refire o artigo 16.2 desta orde.

c) Se cometa unha infracción administrativa nos termos previstos nos artigos 88 e 89 da Lei do sector ferroviario.

d) Non se renove puntualmente a validez do certificado de aptitude psicofísica.

e) O seu titular, no exercicio da súa actividade profesional, se negue a someterse a un control para a detección de consumo de alcohol ou de indicios analíticos de consumo de estupefacientes, psicotrópicos ou calquera outra substancia que produce efectos análogos, realizado por persoal suficientemente cualificado e autorizado para o efecto, de acordo coa normativa vixente.

2. O titular poderá recuperar a validez da habilitación suspendida cando:

a) Acredite de novo a súa aptitude psicofísica no suposto dos casos a) e d) do número anterior.

b) Supere os oportunos cursos de actualización e reciclaxe no suposto do caso b) do número anterior.

c) Cumpra a sanción administrativa a que dese lugar a infracción cometida, ou se proceda ao seu arquivo no suposto dos casos a) e c) do número anterior.

d) Transcorridos tres meses desde a súa negativa no suposto do caso e) do número anterior, logo de acreditación da súa aptitude psicofísica.

3. O Administrador de Infraestruturas Ferroviarias revogará a habilitación cando:

a) Exista unha perda sobrevida das condicións exixidas para a súa obtención.

b) O seu titular cese na súa actividade no Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, ou, se for o caso, cause baixa laboral na empresa a que pertencía cando recibiu a habilitación.

c) Do procedemento sancionador que, se for o caso, derive da suspensión da habilitación, se conclúa na perda definitiva desta.

4. O procedemento de suspensión ou, se for o caso, revogación da habilitación iniciárase de oficio con audiencia do interesado, e a súa resolución nos casos de suspensión ou revogación anotarase no rexistro a que se refire o ordinal segundo da disposición adicional oitava desta orde e comunicárase ao Rexistro Especial Ferroviario. A duración dos procedementos non excederá os tres meses. Transcorrido o dito prazo sen que se notificase a resolución de suspensión ou revogación producírase a caducidade do procedemento, que se declarará por medio da correspondente resolución en que, así mesmo, se ordenará o arquivo das actuacións.

5. As resolucións do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias esgotarán a vía administrativa. Contra elas poderase interpor recurso potestativo de reposición, sendo o prazo máximo para dital e notificar a resolución sobre o dito recurso dun mes. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa deberase entender desestimado o dito recurso. Todo isto sen prexuízo do dereito dos interesados a impugnar na vía xurisdiccional contencioso-administrativa.

TÍTULO IV

Persoal de operacións do tren

Artigo 18. *Principios xerais.*

1. O persoal de operacións do tren, de calquera tren que circule pola rede ferroviaria de interese xeral, deberá dispor, para o exercicio das súas funcións, da correspondente habilitación en vigor outorgada pola empresa ferroviaria para a cal o dito persoal preste os seus servizos, xa sexa propio ou alleo, por proposta do responsable da seguridade na circulación desta.

Así mesmo, o Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, para exercer as funcións deste inherentes á súa propia actividade e que precisen da pertinente habilitación, poderá outorgar, por proposta do responsable da seguridade na circulación da dita entidade, as habilitacións de operacións do tren a persoal propio ou doutras entidades.

2. Correspóndelles aos responsables de seguridade na circulación no marco do establecido nesta orde:

- a) Propor o tipo e alcance das habilitacións correspondentes ao persoal de operacións do tren.
- b) Comprobar o cumprimento polo aspirante das condicións mínimas exixidas para acceder á formación necesaria para obter as referidas habilitacións.
- c) Determinar o contido dos programas de formación para a obtención e renovación das ditas habilitacións.
- d) Aprobar a proposta de desenvolvemento do contido dos programas de formación e as probas de avaliación que lle formule o centro homologado de formación correspondente.

3. As empresas ferroviarias e, de ser o caso, o Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, comunicarán á Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias as decisións que adopten en cumprimento do previsto no número anterior.

Artigo 19. *Tipos de habilitación.*

1. Para o persoal de operacións do tren establécense, en función do tipo de actividade que vaia realizar, as seguintes habilitacións:

- a) De auxiliar de operacións do tren.
- b) De cargador.
- c) De operador de vehículos de manobras.

2. A habilitación de auxiliar de operacións do tren faculta o seu titular para realizar, entre outros, os labores de enganche, desenganche e acoplamento de vehículos ferroviarios, colaborar na realización de probas de freada e efectuar a colocación e retirada dos sinais de cola dos trens. Tamén poderá realizar, ás ordes do responsable de circulación, e cando dispoña da formación requirida e así conste na súa habilitación, todas as operacións que comporta a realización de manobras, excepto o manexo dos vehículos de manobras.

3. A habilitación de cargador faculta o seu titular para dirixir e, se for o caso, ademais realizar, as operacións de carga e descarga das mercadorías transportadas por ferrocarril, entre as que se inclúen o acondicionamento da carga e a súa suxeición ao material remolcado. Correspóndelle á Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias establecer, se for o caso, especialidades que correspondan a esta modalidade de habilitación.

4. A habilitación de operador de vehículos de manobras faculta o seu titular para realizar –dentro do límite da denominada zona de manobras das terminais de mercadorías e estacións integrantes da rede ferroviaria de interese xeral, que establece a normativa ferroviaria vixente en materia de seguridade na circulación–, o desprazamento e manexo de vehículos ferroviarios polas súas vías, en operacións asociadas ás actividades de manobras, de clasificación, e de retirada ou subministración de material rodante a derivacións particulares, centros de tratamento técnico ou centros de mantemento de material ferroviario. En todo caso, cando no manexo dos correspondentes vehículos sexa necesario saír a vías de circulación, o titular desta habilitación deberá estar en posesión da licenza de condución.

Artigo 20. *Condicións para acceder á formación que permite a obtención das habilitacións de operacións de tren.*

Exirase a todo aquel que queira acceder á formación que permite obter as habilitacións o cumprimento das seguintes condicións:

- a) Ter feito dezaioito anos.
- b) Contar, polo menos, coa titulación indicada no anexo VII para a habilitación que corresponda.
- c) E, para aqueles interesados cuxo idioma nativo non sexa o castelán, acreditar un coñecemento suficiente do castelán que permita ao aspirante o adecuado seguimento do proceso formativo. Os centros homologados de formación poderán, para os exclusivos efectos da admisión, realizar aos interesados probas de avaliación de nivel lingüístico.

Artigo 21. *Obtención das habilitacións.*

1. A obtención das habilitacións que se recollen neste título requirirá a superación das correspondentes probas teóricas e prácticas que aseguren un nivel de formación e coñecemento adecuados para realizar as funcións para as que facultan, así como a obtención previa do certificado de aptitude psicofísica regulado no anexo III desta orde.

2. Determinado o contido dos programas de formación para a obtención das habilitacións de operacións do tren polos responsables de seguridade na circulación das entidades ferroviarias, corresponde ao centro homologado con que estas entidades conviñesen a formación do seu respectivo persoal o desenvolvemento destes, establecendo as horas de docencia e a tipoloxía e características das probas teóricas e prácticas que se teñan que superar, debéndose garantir o suficiente coñecemento da normativa ferroviaria vixente en materia de seguridade na circulación.

Esta proposta de desenvolvemento deberase presentar ante o responsable da seguridade na circulación das empresas ferroviarias ou do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias para a súa aprobación, de acordo co establecido no artigo 18 desta orde.

Non obstante o anterior, o programa de formación que se elabore para poder obter unha habilitación de operador de vehículos de manobras deberá incluír, polo menos, unha carga lectiva equivalente de 100 horas das cales, 80 corresponderán a unha formación práctica e destas, como mínimo, 40 empregaranse no manexo de vehículos ferroviarios dentro da terminal. Non obstante, cando se dispoña da licenza e o certificado de conducción de categoría A, será de 60 horas das cales 40 corresponderán a formación práctica e destas 20 a conducción co vehículo ferroviario que vaia operar. En todo caso, a formación para a obtención desta habilitación deberá recoller, polo menos, coñecementos da parte que corresponda ao operador de vehículos de manobras, dos manuais de circulación e demais normativa ferroviaria vixente, características físicas e técnicas da terminal ferroviaria e do ámbito operativo sobre o cal vai realizar a súa actividade, coñecementos teóricos das características xerais do material rodante de manobras e adaptación ao vehículo con que vai operar, xunto coas prácticas en vía e de manexo real neste, así como formación en materia de prevención de riscos laborais do propio posto.

3. A formación exixida para a obtención das habilitacións recollidas neste título será impartida por centros homologados de formación.

4. O certificado de aptitude psicofísica deberase obter nun centro homologado de recoñecemento médico.

5. O deseño, formato e contido do documento que formalice o outorgamento das habilitacións de operacións de tren, serán establecidos pola entidade ferroviaria correspondente. Non obstante, este documento conterá, polo menos, a seguinte información:

- a) Nome da entidade ferroviaria correspondente, con identificación do responsable de seguridade na circulación desta.
- b) Nome, apelidos e fotografía recente do titular.
- c) Data de nacemento.
- d) Número do documento nacional de identidade, ou do permiso de residencia ou do de pasaporte e nacionalidade.
- e) Domicilio para efectos de notificacións.
- f) Tipo de habilitación e data de expedición.
- g) Data de realización da última reciclaxe formativa.

h) Data de expedición do último certificado de aptitude psicofísica e prazo de validez.

6. As habilitacións expediranse en castelán. Non obstante, o documento en que figuren tamén poderá estar redactado noutra lingua cooficial no lugar da súa expedición.

Artigo 22. *Validez das habilitacións.*

1. As habilitacións serán válidas mentres os seus titulares cumpran as condicións exixidas para o seu mantemento e non incorran en ningunha das causas de suspensión ou revogación establecidas no artigo seguinte.

2. Non obstante o establecido no número anterior, periodicamente e, polo menos cada tres anos, e en calquera caso cando se produzan cambios normativos que afecten o contido da habilitación, os titulares das habilitacións deberán seguir un curso de actualización e reciclaxe de coñecementos teóricos e prácticos cuxo contido e alcance será establecido pola entidade outorgante destas.

3. Sen prexuízo do previsto no artigo 64 desta orde, en relación cos prazos de validez do certificado de aptitude psicofísica, o persoal de operacións do tren someterase, por indicación do seu superior xerárquico, a recoñecementos psicofísicos adicionais cando se dea algunha das circunstancias seguintes:

a) Estivese involucrado nun accidente ou nun incidente de circulación que puidese dar lugar a un accidente.

b) Se observen no titular alteracións evidentes do seu estado físico ou psíquico.

c) Estivese apartado, por enfermidade ou accidente, do exercicio efectivo de funcións relacionadas coa operación de trens, durante máis de tres meses; así como despois dun accidente laboral grave ou moi grave.

Artigo 23. *Suspensión e revogación das habilitacións.*

1. Para os efectos de garantir a seguridade no tráfico ferroviario, as habilitacións suspenderanse cando:

a) Se detecten no seu titular, niveis de alcohol superiores aos autorizados ou indicios analíticos de consumo de estupefacientes, psicotrópicos ou calquera outra substancia que produce efectos análogos.

b) Non se realizasen, en tempo e forma, os cursos de actualización e reciclaxe a que se refire o artigo 22.2 desta orde.

c) Se cometa unha infracción administrativa nos termos previstos nos artigos 88 e 89 da Lei do sector ferroviario.

d) Non se renove puntualmente a validez do certificado de aptitude psicofísica.

e) O seu titular, no exercicio da súa actividade profesional, se negue a someterse a un control para a detección de consumo de alcohol ou de indicios analíticos de consumo de estupefacientes, psicotrópicos ou calquera outra substancia que produce efectos análogos realizado por persoal suficientemente cualificado e autorizado para o efecto, de acordo coa normativa vixente.

2. O titular poderá recuperar a validez da habilitación suspendida cando:

a) Acredite de novo a súa aptitude psicofísica no suposto dos casos a) e d) do número anterior.

b) Cumpra a sanción a que dese lugar a infracción cometida, ou se proceda ao seu arquivo no suposto dos casos a) e c) do número anterior.

c) Supere os oportunos cursos de actualización e reciclaxe no suposto do caso b) do número anterior.

d) Transcorridos tres meses desde a súa negativa no suposto do caso e) do número anterior, loge de acreditación da súa aptitude psicofísica.

3. Revogarase a habilitación cando:
 - a) Exista unha perda sobrevida das condicións exixidas para a súa obtención.
 - b) O seu titular cese na actividade coa entidade da cal recibiu a habilitación.
 - c) Do procedemento sancionador que, se for o caso, derive da suspensión da habilitación, se conclúa coa perda definitiva desta.

4. A decisión resultante do procedemento de suspensión ou, se for o caso, revogación da habilitación, anotarase, nos casos de suspensión ou revogación, no rexistro a que se refire o número segundo da disposición adicional oitava desta orde e comunicarse ao Rexistro Especial Ferroviario e ao responsable de seguridade na circulación da entidade que outorgou a dita habilitación. A duración dos procedementos non excederá os tres meses. Transcorrido o dito prazo sen que se notificase a decisión de suspensión ou revogación producirase a caducidade do procedemento, que se declarará por medio da correspondente decisión en que, así mesmo, se ordenará o arquivo das actuacións.

5. As decisións das entidades ferroviarias outorgantes serán –segundo a natureza xurídica das ditas entidades– recorribles ou, se for o caso, impugnables ante estas, e o prazo máximo para ditar e notificar a decisión sobre o dito recurso ou impugnación é dun mes. Transcorrido o dito prazo sen que se producise unha decisión expresa deberase entender desestimado o citado recurso ou impugnación. Todo isto sen prexuízo do dereito dos interesados a recorrer na vía xurisdiccional correspondente.

TÍTULO V

Persoal responsable de control do mantemento de material rodante ferroviario

Artigo 24. Principios xerais.

1. O persoal responsable de control do mantemento de material rodante ferroviario nos centros homologados de mantemento de material rodante que opere na rede ferroviaria de interese xeral deberá dispor dunha habilitación en vigor, outorgada polo director do centro homologado de mantemento correspondente, de conformidade co disposto neste título.

As habilitacións que se emitan deberán ser concordantes cos tipos de intervención de mantemento para os que o mencionado centro de mantemento se encontre habilitado de conformidade co establecido na Orde FOM/233/2006, do 31 de xaneiro, pola que se regulan as condicións para a homologación do material rodante ferroviario e dos centros de mantemento e se fixan as contías da taxa por certificación do dito material.

2. No marco desta orde, correspóndelle ao director do centro homologado, que deberá posuír unha experiencia profesional mínima de tres anos no desempeño de funcións relacionadas coa fabricación, o mantemento ou a reparación do material rodante ferroviario:

- a) Outorgar, suspender e revogar as habilitacións de responsable de control do mantemento de material rodante ferroviario.
- b) Determinar o alcance das habilitacións correspondentes ao persoal responsable de control do mantemento do material rodante ferroviario.
- c) Comprobar o cumprimento polo candidato das condicións mínimas exixidas para acceder á formación necesaria para obter as referidas habilitacións.
- d) Determinar o contido dos programas de formación para a obtención e renovación das ditas habilitacións.
- e) Aprobar a proposta de desenvolvemento do contido dos programas de formación e as probas de avaliación que lle formule o centro homologado de formación correspondente.

3. O director do centro homologado de mantemento de material rodante ferroviario informará a Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias e o Administrador de

Infraestruturas Ferroviarias das decisións que se adopten en cumprimento do previsto no número anterior.

Artigo 25. Habilitación de responsable de control do mantemento de material rodante ferroviario.

1. Para o persoal responsable de control do mantemento de material rodante ferroviario establécese unha habilitación, que poderá estar referida a un ou varios tipos de vehículos ferroviarios e a un ou varios tipos de intervencións.

2. A habilitación facultará o seu titular para emitir, en nome do centro homologado de mantemento, a certificación de que se realizaron todas as intervencións e operacións do material rodante levadas a cabo segundo as normas técnicas de mantemento e seguridade do vehículo ferroviario conforme o seu plan de mantemento e de acordo co plan de calidade do mencionado centro.

3. O director dun centro homologado de mantemento de material rodante ferroviario poderá outorgar a habilitación establecida neste artigo ao persoal doutras empresas, sempre que este preste os seus servizos para ese centro e cumpra os requisitos exixidos para a súa obtención.

Artigo 26. Condicións para acceder á formación que permite a obtención da habilitación de responsable de control do mantemento de material rodante.

Exixirase a todo aquel que queira acceder á formación que permite obter a habilitación de responsable de control do mantemento de material rodante, o cumprimento das seguintes condicións:

- a) Ter feito dezaioito anos.
- b) Dispor, polo menos, dun título de técnico de formación profesional de grao medio relacionado coas áreas de mantemento de vehículos ferroviarios (mecánica, electricidade, electrónica, etc.); ou de formación profesional equivalente en mantemento doutros medios de transporte e, neste caso, acreditar unha experiencia mínima de dous anos na realización de traballos de mantemento de vehículos ferroviarios.

Alternativamente, cando non se teña o nivel académico referido anteriormente, polo menos deberase contar coa certificación profesional de ter superado os programas de iniciación profesional ou titulación profesional equivalente e acreditar unha experiencia mínima de cinco anos na realización de traballos de mantemento de vehículos ferroviarios.

- c) E, para aqueles interesados cuxo idioma nativo non sexa o castelán, acreditar un coñecemento suficiente do castelán que permita ao aspirante o adecuado seguimento do proceso formativo. Os centros homologados de formación poderán, para os exclusivos efectos da admisión, realizar aos interesados probas de avaliación de nivel lingüístico.

Artigo 27. Obtención da habilitación.

1. A obtención da habilitación que se recolle neste título requirirá a superación das correspondentes probas teóricas e prácticas que aseguren un nivel de formación e coñecemento adecuados para realizar as funcións para as que facultan.

2. Determinado o contido dos programas de formación para a obtención das habilitacións de responsable de control do mantemento de material rodante ferroviario polo director do centro de mantemento, corresponde ao centro homologado de formación con que se convíñese a formación o seu desenvolvemento, establecendo as horas de docencia e a tipoloxía e características das probas teóricas e prácticas que se teñan que superar de conformidade co disposto nos programas de formación.

Esta proposta de desenvolvemento deberase presentar ante o director do centro homologado de mantemento para a súa aprobación, de acordo co establecido no artigo 24 desta orde.

Non obstante o anterior, os programas de formación deberán recoller, polo menos, o seguinte:

a) Coñecementos dos sistemas e órganos de seguridade dos vehículos ferroviarios (tracción, choque, freada, etc.), dos protocolos de mantemento, normas técnicas e de seguridade recollidas nos programas e plans de mantemento dos diferentes vehículos ferroviarios, para a execución das distintas intervencións correspondentes ao tipo de vehículo a que se refira a habilitación.

b) Coñecemento dos plans de calidade que rexan no centro de mantemento.

c) Coñecementos en materia de prevención de riscos laborais.

3. A formación exixida para a obtención da habilitación recollida neste título será impartida polos centros homologados de formación conforme o disposto no título IX desta orde.

4. O deseño, formato e contido do documento que formalice o outorgamento das habilitacións de responsable de control do mantemento de material rodante ferroviario serán establecidos polo director do correspondente centro homologado de mantemento. Este documento conterá, polo menos, a seguinte información:

a) Nome da entidade que outorga a habilitación, coa identificación do director do centro homologado que a outorga.

b) Nome, apelidos e fotografía recente do titular.

c) Data de nacemento.

d) Número do documento nacional de identidade, do permiso de residencia ou do pasaporte e nacionalidade.

e) Domicilio para efectos de notificacións.

f) Tipos de vehículos e de intervencións de mantemento para os que está habilitado e data de expedición.

g) Data de realización da última reciclaxe formativa.

5. As habilitacións expediranse en castelán. Non obstante, o documento en que figuren tamén poderá estar redactado noutra lingua cooficial no lugar da súa expedición.

Artigo 28. *Validez da habilitación.*

1. A habilitación de responsable de control do mantemento de material rodante ferroviario será válida mentres o seu titular non incorra en ningunha das causas de suspensión ou revogación establecidas no artigo seguinte.

2. Non obstante o establecido no número anterior, periodicamente e, polo menos cada tres anos, e en calquera caso cando se produzan cambios normativos que afecten o contido da habilitación, o titular desta habilitación deberá seguir un curso de actualización e reciclaxe de coñecementos teóricos e prácticos cuxo contido e alcance será establecido polo centro homologado de mantemento.

Artigo 29. *Suspensión e revogación da habilitación.*

1. Para os efectos de garantir a seguridade no tráfico ferroviario, suspenderase unha habilitación cando:

a) Non se realice o mantemento de acordo cos estándares e procedemento aprobados ou non cumpra coas obrigas para as cales estea habilitado e lle fosen encomendadas pola organización.

b) Non se realizasen, en tempo e forma, os cursos de actualización e reciclaxe a que se refire o artigo 28.2 desta orde.

2. O titular poderá recuperar a validez da habilitación cando, respectivamente:

a) Cumpra a sanción a que dese lugar a infracción cometida, ou se proceda ao seu arquivo.

- b) Supere os oportunos cursos de actualización e reciclaxe.
3. Para os efectos de garantir a seguridade no tráfico ferroviario, a habilitación revogarase cando:
- a) Do procedemento sancionador que, se for o caso, derive da suspensión da habilitación, se conclúa na perda definitiva, polo seu titular, da dita habilitación.
- b) O seu titular cese na actividade laboral coa entidade de que recibiu a habilitación.
4. A decisión resultante do procedemento de suspensión ou, de ser o caso, revogación da habilitación comunicarase, nos casos de suspensión e revogación, ao Rexistro Especial Ferroviario da Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias e ao Administrador de Infraestruturas Ferroviarias. A duración dos procedementos non excederá os tres meses. Transcorrido o dito prazo sen que se notificase a decisión de suspensión ou revogación producirase a caducidade do procedemento, que se declarará por medio da correspondente decisión en que, así mesmo, se ordenará o arquivo das actuacións.
5. As decisións do director do centro homologado serán –segundo a natureza xurídica das ditas entidades– recorribles ou, se for o caso, impugnables ante estas, e o prazo máximo para ditar e notificar a decisión sobre o dito recurso ou impugnación é dun mes. Transcorrido o dito prazo sen que se producise unha decisión expresa deberase entender desestimado o citado recurso ou impugnación. Todo isto sen prexuízo do dereito dos interesados a recorrer na vía xurisdiccional correspondente.

TÍTULO VI

Persoal de condución

CAPÍTULO I

Réxime xeral. Certificación de maquinistas

Artigo 30. *Certificación de maquinistas. Licenza e certificados.*

1. O persoal de condución que opere na rede ferroviaria de interese xeral como maquinista pertencente a unha empresa ferroviaria provista de certificado de seguridade ou a un administrador de infraestrutura ferroviaria provisto de autorización de seguridade, deberá posuír a aptitude e cualificación necesarias para conducir locomotoras e trens, coa pertinente certificación de maquinista en vigor, de conformidade co establecido neste título.

A certificación de maquinista comporase de dous documentos:

a) Unha licenza que demostre que o maquinista reúne as condicións mínimas establecidas en canto a requisitos e competencias xerais. A licenza identificará o maquinista e o órgano outorgante e nela figurará o seu período de validez.

b) Un ou máis certificados en que se consignarán as infraestruturas polas cales o titular está autorizado a conducir e indícarase o material rodante que ten permitido utilizar.

2. A duración dos programas de formación para a obtención das licenzas e dos certificados de condución será establecida polo director xeral de Infraestruturas Ferroviarias a través da oportuna resolución publicada no «Boletín Oficial del Estado». Na dita resolución establecerase a distribución do número de horas de carga lectiva entre os programas formativos correspondentes á licenza e aos certificados de categoría A e B, e salvo que a normativa comunitaria estableza outra cousa, terá en conta que o número global de horas de formación sexa equivalente ao establecido na Orde FOM 2520/2006, do 27 de xullo, para os títulos de condución de categoría A e B e as habilitacións de condución.

CAPÍTULO II

Licenza

Artigo 31. *Licenza.*

1. Para obter a licenza de maquinista será necesario demostrar que se reúnen as condicións mínimas establecidas en canto a requisitos médicos e formativos, e competencias profesionais xerais que se establecen nos seguintes artigos.

2. A licenza terá carácter de documento persoal do seu titular. Será expedida pola Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias do Ministerio de Fomento e o seu contido axustarase ao anexo VI desta orde. Inscribírase no Rexistro Especial Ferroviario mediante un número atribuído a cada maquinista.

Artigo 32. *Condicións para acceder á formación que permite obter a licenza de maquinista.*

1. Para acceder á formación que permite obter a licenza de maquinista, o solicitante deberá satisfacer os requisitos seguintes:

- a) Contar, polo menos, coa titulación indicada no anexo VII.
- b) E, para aqueles interesados cuxo idioma nativo non sexa o castelán, acreditar un coñecemento suficiente do castelán que permita ao aspirante o adecuado seguimento do proceso formativo. Os centros homologados de formación poderán, para os exclusivos efectos da admisión, realizar aos interesados probas de avaliación de nivel lingüístico.

2. O solicitante deberá demostrar os seus coñecementos profesionais xerais superando as probas de avaliación que inclúan as materias xerais indicadas no anexo V.

Artigo 33. *Programas de formación.*

1. A formación necesaria para obter a licenza de conducción de vehículos ferroviarios que se recolle neste capítulo será impartida en centros homologados conforme o disposto no título IX desta orde.

2. Para obter a correspondente autorización dos programas de formación, os centros homologados proporán á Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias unha relación dos contidos e materias que pretendan impartir.

3. O programa de formación axustarase aos criterios enunciados no anexo V. No dito programa deberanse desenvolver, polo menos, as materias e probas recollidas no dito anexo.

Artigo 34. *Probas de avaliación.*

1. O aspirante á obtención da licenza de maquinista regulada nesta orde deberá demostrar un nivel de coñecementos teóricos e prácticos suficientes, para o cal terá que superar as correspondentes probas de avaliación realizadas pola Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias conforme o previsto no anexo V e que se organizarán de maneira que non se poidan suscitar conflitos de intereses.

Previamente á realización das referidas probas, os aspirantes deberán presentar ante a Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias o certificado de aptitude psicofísica regulado no anexo IV desta orde, que deberá estar emitido conforme o disposto no título X desta orde, por un centro homologado de recoñecemento médico, dentro dos dous meses anteriores á data de iniciación das probas de avaliación. Así mesmo, os aspirantes deberán acreditar ante a dita Dirección Xeral, previamente á realización das probas, a titulación académica que lles foi exixida para acceder á formación.

2. A Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias convocará as probas de avaliación, e na correspondente convocatoria informará das súas características e criterios de avaliación.

3. Para a realización das probas de avaliación, a Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias, tendo presentes criterios de independencia, competencia e imparcialidade, nomeará un tribunal examinador formado por expertos cualificados pola súa experiencia profesional e coñecementos, que se encargarán da supervisión, control e avaliación dos aspirantes; todo isto sen prexuízo de que o examinador poida pertencer a unha entidade ferroviaria. A presidencia do dito tribunal recaerá nun funcionario da Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias.

4. As circulacións necesarias para a realización dos exames levaranse a cabo nos tramos e sucos horarios que estableza o Administrador de Infraestruturas Ferroviarias. Ás ditas circulacións non lles será de aplicación canon ningún polo uso da infraestrutura, salvo que estas constitúan circulacións comerciais. Nos exames poderanse utilizar, ademais, simuladores para comprobar a aplicación das normas de explotación e o comportamento do aspirante en situacións especialmente difíciles e degradadas.

Artigo 35. *Obtención da licenza.*

1. Para a obtención da licenza será necesario:

- a) Ter feito dezoito anos de idade. No caso daqueles que non fixesen vinte anos de idade a validez da licenza quedará circunscrita á rede ferroviaria de interese xeral administrada polo Administrador de Infraestruturas Ferroviarias.
- b) Cursar os programas de formación.
- c) Superar as probas de avaliación.
- d) Xustificar a aptitude psicofísica a través do preceptivo certificado médico regulado no anexo IV.

2. Unha vez realizadas as probas de avaliación, a Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias comunicará aos aspirantes, no prazo máximo dun mes desde a data en que foron realizadas, os seus resultados, outorgando, se for o caso, a licenza dentro dos trinta días seguintes á data de comunicación dos ditos resultados, co aboamento previo da correspondente taxa prevista na Lei do sector ferroviario. A dita licenza será inscrita no Rexistro Especial Ferroviario.

3. A licenza expedirase nun único exemplar. Non se outorgarán duplicados, salvo nos supostos de perda, roubo ou extravío debidamente acreditados.

Artigo 36. *Validez da licenza.*

1. A licenza terá unha validez de dez anos sempre que se cumplan os requisitos psicofísicos exixidos para a súa obtención; e será renovable logo da constatación pola Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias do mantemento dos ditos requisitos.

2. Se un maquinista deixa de prestar os seus servizos nunha entidade ferroviaria, a licenza conservará a súa validez sempre que siga cumprindo as condicións establecidas nesta orde. As entidades ferroviarias informarán sen demora da baixa do maquinista ao Rexistro Especial Ferroviario.

Artigo 37. *Suspensión e revogación da licenza.*

1. Para os efectos de garantir a seguridade no tráfico ferroviario a Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias suspenderá a licenza cando:

- a) Non se renove puntualmente a validez do certificado de aptitude psicofísica.
- b) Se cometa unha infracción das previstas no artigo 92 da Lei do sector ferroviario.

2. Se a Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias comproba que o maquinista deixou de cumprir algún dos requisitos exixidos, suspenderá a licenza temporalmente e en función do risco para a seguridade ferroviaria. Comunicará inmediatamente a decisión motivada ao maquinista e á entidade ferroviaria para a cal traballe, sen prexuízo do posible recurso de alzada previsto neste artigo.

Se a licenza está expedida por outro Estado membro da Unión Europea, a Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias porase en contacto coa autoridade competente do dito Estado para solicitarlle de forma motivada, ben a realización dunha inspección suplementaria ou ben a suspensión da licenza; e informará disto a Comisión Europea e as demais autoridades competentes. Todo isto sen prexuízo da posible adopción por parte do dito centro directivo das medidas cautelares que procedan co fin de garantir a seguridade da circulación ferroviaria.

3. O titular poderá recuperar a validez da licenza suspendida cando, respectivamente:

- a) Acredite de novo a súa aptitude psicofísica.
- b) Cumpra a sanción a que dese lugar a infracción cometida, ou se proceda ao seu arquivo.

4. A Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias revogará a licenza cando:

- a) Exista unha perda sobrevida das condicións exixidas para a súa obtención.
- b) Derive dun procedemento sancionador que conclúa na súa perda definitiva.
- c) De acordo co artigo 42, fose obxecto de revogación do certificado, por terse detectado, no seu titular, niveis de alcohol superiores aos autorizados ou indicios analíticos de consumo de estupefacientes, psicotrópicos ou calquera outra substancia que produza efectos análogos, un mínimo de dúas veces nun período de cinco anos.

5. O procedemento para a suspensión ou, se for o caso, a revogación da licenza iniciárase a Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias, de oficio ou por instancia da entidade ferroviaria en que o interesado preste os seus servizos, dándose audiencia a este para que formule as alegacións que considere pertinentes no prazo máximo de quince días desde que se inicie o dito procedemento. A Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias ditará resolución nos quince días seguintes, a cal se anotará no Rexistro Especial Ferroviario e, se for o caso, se comunicará ao responsable de seguridade na circulación da entidade para a cal o afectado realiza a actividade ferroviaria. Transcorrido o dito prazo sen que se notificase a resolución de suspensión ou revogación producirase a caducidade do procedemento, que se declarará por medio da correspondente resolución en que, así mesmo, se ordenará o arquivo das actuacións.

6. A resolución da Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias non esgotará a vía administrativa, e contra ela poderase interpor recurso de alzada. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución sobre o dito recurso será de tres meses. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa deberase entender desestimado o dito recurso. Todo isto sen prexuízo do dereito do interesado de acudir posteriormente á orde xurisdiccional de conformidade co establecido na normativa vixente.

CAPÍTULO III

Certificados

Artigo 38. *Certificados.*

1. O maquinista que conduza pola rede ferroviaria de interese xeral administrada polo Administrador de Infraestruturas Ferroviarias deberá dispor, ademais da licenza de maquinista, do certificado ou certificados correspondentes onde se consignen tanto as infraestruturas polas cales o seu titular estea autorizado a conducir como o tipo ou tipos de material rodante que estea autorizado a utilizar. En concordancia co artigo 30, o certificado autoriza o maquinista para a conducción dunha das seguintes categorías de vehículos, ou das dúas:

- a) Categoría A: vehículos e locomotoras de manobra; trens de traballo a velocidade máxima de 60 km/h e nunha distancia máxima de 100 km desde a base á zona de traballos e viceversa; vehículos ferroviarios empregados para o mantemento e construción da

infraestrutura ferroviaria; e locomotoras cando estas sexan utilizadas para a realización de manobras.

- b) Categoría B: trens de transporte de viaxeiros e/ou de mercadorías.

2. Os ditos certificados axustaranse ao contido do anexo VI desta orde e serán expedidos pola empresa ferroviaria ou polo Administrador de Infraestruturas Ferroviarias que empregue ao maquinista por proposta do responsable de seguridade na circulación da entidade ferroviaria na cal aquel preste os seus servizos.

Sen prexuízo de expedirse nominativamente ao seu titular, o certificado non terá carácter persoal senón que pertencerá á entidade ferroviaria outorgante, polo que perderá a súa validez cando se extinga a relación laboral con esta; sen prexuízo do dereito do maquinista a obter unha copia certificada deste, segundo o modelo comunitario establecido polo anexo III do Regulamento (UE) n.º 36/2010 da Comisión do 3 de decembro de 2009, sobre os modelos comunitarios de licenzas de condución de trens, certificados complementarios, copias autenticadas de certificados complementarios e formularios de solicitude de licenzas de condución de trens, en aplicación da Directiva 2007/59/CE do Parlamento Europeo e do Consello, e de todos os documentos que acrediten a súa formación, cualificacións, experiencia e competencias profesionais.

3. Corresponde aos responsables de seguridade na circulación no marco do establecido nesta orde:

- a) Propor o tipo e alcance dos certificados de condución.
- b) Comprobar o cumprimento polo aspirante das condicións mínimas exixidas para acceder á formación necesaria para obter os referidos certificados.
- c) Determinar o contido dos programas de formación para a obtención e renovación dos ditos certificados.
- d) Aprobar a proposta de desenvolvemento do contido dos programas de formación e as probas de avaliación que lle formule o centro homologado de formación correspondente.

4. As empresas ferroviarias e, se for o caso, o administrador de infraestruturas ferroviarias comunicarán á Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias as decisións que adopten en cumprimento do previsto no número anterior.

Artigo 39. Condicións para acceder á formación que permite obter os certificados de condución.

1. Para acceder á formación que permite obter os certificados de condución de vehículos ferroviarios exixírase o cumprimento das seguintes condicións:

- a) Ser titular dunha licenza de maquinista expedida por un Estado membro da Unión Europea.
- b) E, para aqueles interesados cuxo idioma nativo non sexa o castelán, acreditar un coñecemento suficiente do castelán que permita ao aspirante o adecuado seguimento do proceso formativo. Os centros homologados de formación poderán, para os exclusivos efectos da admisión, realizar aos interesados probas de avaliación de nivel lingüístico.

2. Ademais, para acceder á formación que permita obter o certificado de condución de categoría B será necesario ter o título de bacharel ou equivalente para efectos laborais ou, no seu defecto, acreditar ter desempeñado durante polo menos dous anos as funcións amparadas por un certificado de condución de categoría A.

Artigo 40. Programas de formación e probas de avaliación para a obtención dos certificados.

1. A obtención dos certificados requirirá a superación das correspondentes probas de avaliación teóricas e prácticas conforme o anexo V co fin de asegurar un nivel de formación e coñecemento adecuados para realizar as funcións para as que faculta.

2. Os programas de formación axustaranse aos criterios enunciados no anexo V.
3. As tarefas de formación relacionadas cos coñecementos profesionais sobre o material rodante e infraestruturas impartiranse necesariamente en centros homologados conforme esta orde.
4. O calendario formativo, a tipoloxía, as características das probas teóricas e prácticas, así como a duración dos exercicios e probas de avaliación correspondentes serán establecidos polos centros homologados de formación, por solicitude do responsable de seguridade na circulación das entidades ferroviarias, conforme o programa de formación correspondente. En todo caso deberase dar ao aspirante formación adecuada sobre o sistema de xestión da seguridade existente na entidade ferroviaria en que preste os seus servizos.
5. Ao finalizar cada curso de formación realizaranse exames teóricos e prácticos sobre o nivel de coñecementos adquiridos polos aspirantes. As probas prácticas de avaliación para a obtención do certificado de condución e as prácticas de condución efectiva realizaranse nas liñas da rede ferroviaria de interese xeral administrada polo Administrador de Infraestruturas Ferroviarias ou, no caso de manobras, en instalacións conectadas a ela. Ás ditas circulacións non lles será de aplicación canon ningún polo uso da infraestrutura.
Nos exames poderanse utilizar simuladores para comprobar a aplicación das normas de explotación e o comportamento do maquinista en situacións particularmente difíciles e degradadas.
6. As probas de avaliación serán efectuadas ante un tribunal formado por examinadores do centro homologado de formación e da entidade ferroviaria que expida o certificado, á cal corresponderá ademais a súa presidencia. Organizaranse de maneira que non se poidan suscitar conflitos de intereses.
7. As probas de avaliación farán referencia ás materias recollidas no anexo V.
8. Polo menos cada tres anos realizaranse cursos de actualización e reciclaxe de coñecementos teóricos e prácticos para os titulares dos certificados. En todo caso, deberanse realizar os ditos cursos cando se produzan innovacións tecnolóxicas ou cambios normativos e cando, a xuízo da Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias, así se considere.
9. A formación exixida para a obtención de certificados recollidos neste título así como os cursos de reciclaxe será impartida polos centros homologados de formación.
10. O formato básico do documento que formalice o outorgamento dos certificados será establecido pola Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias e conterá, polo menos, a información reflectida no anexo VI desta orde.
11. Os certificados expediranse en castelán. Non obstante, o documento en que figuren tamén poderá estar redactado noutra lingua cooficial no lugar da súa expedición.
12. Cando se obteña un novo certificado, a entidade outorgante actualizará as referencias ao material rodante e infraestruturas autorizados ao maquinista titular.

Artigo 41. Validez.

1. O período de validez dos certificados suxeitarase ao réxime de renovación que estableza a entidade ferroviaria correspondente, sen prexuízo do establecido nos números seguintes.
2. Para que un certificado siga tendo validez o seu titular deberá superar o curso de actualización e reciclaxe a que se refire o número 8 do artigo 40. A entidade ferroviaria a que pertenza o maquinista establecerá a frecuencia dos ditos cursos e controis conforme o seu propio sistema de xestión da seguridade, respectando as frecuencias mínimas establecidas no número 8 do artigo 40.
En cada un destes cursos, a entidade outorgante confirmará, mediante mención no certificado correspondente e anotación no seu rexistro, que o maquinista cumpre os requisitos a que se refire o primeiro parágrafo deste número; así mesmo, comunicarllo ao Rexistro Especial Ferroviario.

En caso de non realización do dito curso de actualización e reciclaxe periódica, salvo causa xustificada debidamente acreditada, ou de obter un resultado negativo, aplicarase o procedemento establecido no artigo 42.

3. Os certificados perderán a súa validez cando:

a) O seu titular cause baixa laboral na entidade ferroviaria que o expediu. Neste caso, o titular terá dereito a recibir unha copia certificada daquel, de acordo co anexo III do Regulamento (UE) n.º 36/2010 da Comisión, do 3 de decembro de 2009, sobre os modelos comunitarios de licenzas de condución de trens, certificados complementarios, copias autenticadas de certificados complementarios e formularios de solicitude de licenzas de condución de trens, en aplicación da Directiva 2007/59/CE do Parlamento Europeo e do Consello, e de todos os documentos que acrediten a súa formación, cualificacións, experiencia e competencias profesionais adquiridos na entidade ferroviaria.

b) A licenza de que dispón o titular sexa suspendida ou revogada, conforme o previsto no artigo 37 desta orde.

4. Todo réxime de renovación dos certificados deberá prever un curso de actualización e reciclaxe de coñecementos teóricos e prácticos coa periodicidade e contido que dispoña a entidade que os emita.

5. Sen prexuízo do previsto no artigo 64 desta orde, en relación cos prazos de validez do certificado de aptitude psicofísica, todo titular dun certificado se someterá, por indicación do seu superior xerárquico, a recoñecementos psicofísicos adicionais cando se dea algunha das circunstancias seguintes:

a) Estivese involucrado nun accidente ou nun incidente de circulación que puidese ter dado lugar a un accidente.

b) Se observen no titular alteracións evidentes do seu estado físico ou psíquico.

c) Estivese apartado, por enfermidade ou accidente, do exercicio das tarefas de condución de vehículos ferroviarios durante máis de tres meses; así como despois dun accidente laboral grave ou moi grave. Todo isto sen prexuízo do establecido no anexo IV.

Artigo 42. *Suspensión e revogación dos certificados.*

1. Para os efectos de garantir a seguridade no tráfico ferroviario suspenderase a validez do certificado cando:

a) Se detecten, no seu titular, niveis de alcohol superiores aos autorizados ou indicios analíticos de consumo de estupefacientes, psicotrópicos ou calquera outra substancia que produce efectos análogos.

b) Non se realizasen, en tempo e forma, os cursos de actualización e reciclaxe correspondentes.

c) Se cometa unha infracción administrativa nos termos previstos no artigo 92 da Lei do sector ferroviario.

d) O seu titular, no exercicio da súa actividade profesional, se negue a someterse a un control para a detección de consumo de alcohol ou de indicios analíticos de consumo de estupefacientes, psicotrópicos ou calquera outra substancia que produce efectos análogos, realizado por persoal suficientemente cualificado e autorizado para o efecto, de acordo coa normativa vixente.

Se a Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias constata, nas súas actuacións de inspección ou control, que o maquinista deixou de cumprir algún dos requisitos exixidos para a obtención do certificado, porase en contacto coa entidade ferroviaria outorgante deste para solicitarlle que leve a cabo unha inspección suplementaria ou que proceda á suspensión do certificado. A entidade outorgante adoptará as medidas adecuadas e comunicarallas á Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias nun prazo máximo de catro semanas. Con independencia disto, a Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias

poderá prohibir cautelarmente ao dito maquinista que opere na rede ferroviaria de interese xeral ata que reciba o informe da entidade outorgante.

Se a dita dirección xeral, ou o Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, considera que o estado ou actuación dun maquinista supón unha ameaza grave para a seguridade ferroviaria adoptará as medidas necesarias, que poderán incluír a solicitude de detención do tren, e prohibir ao maquinista temporalmente a realización da súa actividade xustificando a decisión tomada. En todos os casos as decisións anteriores serán obxecto de anotación nos rexistros correspondentes e comunicaranse á Comisión Europea e demais autoridades competentes, no caso de que afecten entidades ferroviarias doutros Estados membros.

2. O titular poderá recuperar a validez do certificado suspendido cando:

- a) Acredite de novo a súa aptitude psicofísica, no suposto dos casos a) e d) do número anterior.
- b) Supere os oportunos cursos de actualización e reciclaxe, no suposto do caso b) do número anterior.
- c) Cumpra a sanción administrativa a que dese lugar a infracción cometida, ou se proceda ao seu arquivo no suposto dos casos a) e c) do número anterior.
- d) Transcorridos tres meses despois da súa negativa no suposto do caso d) do número anterior, logo de acreditación da súa aptitude psicofísica.

3. Revogarase o certificado cando derive dun procedemento sancionador que, se for o caso, conclúa na súa perda definitiva, ben por terse detectado, no seu titular, niveis de alcohol superiores aos autorizados ou indicios analíticos de consumo de estupefacientes, psicotrópicos ou calquera outra substancia que produza efectos análogos, un mínimo de dúas veces nun período de cinco anos, ou ben por outra causa.

4. O procedemento de suspensión ou, se for o caso, revogación do certificado iniciarao de oficio a entidade ferroviaria con audiencia do interesado, e a súa resolución nos casos de suspensión ou revogación anotarase no rexistro a que se refire o número segundo da disposición adicional oitava desta orde e comunicarse ao Rexistro Especial Ferroviario. A duración dos procedementos non excederá os tres meses. Transcorrido o dito prazo sen que se notificase a decisión de suspensión ou revogación producirase a caducidade do procedemento, que se declarará por medio da correspondente decisión en que, así mesmo, se ordenará o arquivo das actuacións.

5. As decisións das entidades ferroviarias outorgantes serán –segundo a natureza xurídica das ditas entidades– recorribles ou, se for o caso, impugnables ante estas, e o prazo máximo para ditar e notificar a decisión sobre o dito recurso ou impugnación é dun mes. Transcorrido o dito prazo sen que se producise unha decisión expresa deberase entender desestimado o citado recurso ou impugnación. Todo isto sen prexuízo do dereito dos interesados a recorrer na vía xurisdiccional correspondente.

Artigo 43. Supervisión dos maquinistas polas entidades ferroviarias.

As entidades ferroviarias deberán controlar a validez das licenzas así como controlar e garantir a dos certificados dos maquinistas que teñan empregados, establecendo un sistema de supervisión. Se os seus resultados fan dudar da aptitude dun maquinista para realizar o seu traballo e do mantemento da validez da súa licenza ou certificados, tomarán inmediatamente as medidas necesarias.

TÍTULO VII

Obrigas das entidades ferroviarias. O responsable de seguridade na circulación

Artigo 44. Obrigas das entidades ferroviarias.

As entidades ferroviarias están obrigadas a dispor de programas de formación do seu persoal afectado por esta orde e de sistemas que garantan o mantemento e perfeccionamento dos coñecementos profesionais deste.

Ademais, de conformidade co Regulamento sobre seguridade na circulación da rede ferroviaria de interese xeral, aprobado polo Real decreto 810/2007, do 22 de xuño, e de acordo co establecido nesta orde, as entidades ferroviarias deberán ter no cadro de persoal un responsable de seguridade na circulación.

Artigo 45. *Condicións para ser responsable de seguridade na circulación e competencias deste.*

1. O responsable de seguridade na circulación deberá dispor dun título universitario e dunha experiencia mínima de catro anos no desempeño de funcións relacionadas, ben coa xestión da seguridade na circulación de calquera sistema de transporte, ou coa xestión da circulación ferroviaria, ou ben coa condución de vehículos ferroviarios.

2. No marco do establecido nesta orde, corresponde aos responsables de seguridade na circulación das entidades ferroviarias:

a) Asumir a responsabilidade de cantas materias teñan relación coa salvagarda da seguridade na circulación.

b) Propor o tipo e alcance das habilitacións e certificados de persoal ferroviario recollidos nesta orde.

c) Comprobar o cumprimento polos aspirantes das condicións mínimas exixidas para acceder á formación necesaria para obter os citados certificados e habilitacións.

d) Determinar o contido dos programas de formación para a obtención e renovación das habilitacións e certificados.

e) Aprobar a proposta de desenvolvemento do contido dos programas de formación e as probas de avaliación que lle formule o centro homologado de formación correspondente.

f) Propor o outorgamento e, se for o caso, suspensión e revogación das correspondentes habilitacións e certificados, conforme o establecido nesta orde.

TÍTULO VIII

Avaliación dos procedementos de formación e exame

Artigo 46. *Avaliación independente.*

A Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias e as entidades ferroviarias, nos seus respectivos ámbitos de competencia, encargarán, por intervalos non superiores a cinco anos, a realización de avaliacións independentes dos procedementos de adquisición e avaliación dos coñecementos e competencias profesionais así como o sistema de outorgamento de licenzas e certificados de condución.

A dita avaliación non comprenderá as actividades xa previstas nos sistemas de xestión da seguridade e calidade establecidos polo administrador de infraestruturas ferroviarias e as empresas ferroviarias conforme o Regulamento de seguridade na circulación da rede ferroviaria de interese xeral, aprobado polo Real decreto 810/2007, do 22 de xuño.

A avaliación será realizada por persoas físicas ou xurídicas cualificadas que non poderán estar dedicadas por razón da materia ás actividades en cuestión.

Os resultados das avaliacións irán acompañados de documentos xustificativos, e comunicaranse á Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias, que adoptará ou, de ser o caso, propondrá as medidas oportunas en cada caso.

TÍTULO IX

Centros homologados de formación de persoal ferroviario

CAPÍTULO I

Réxime xeral

Artigo 47. *Concepto e ámbito.*

1. Para os efectos desta orde, os centros homologados de formación de persoal ferroviario son organizacións destinadas a impartir a formación necesaria para a obtención e mantemento, ben da licenza de condución de vehículos ferroviarios, ou ben de calquera das diversas clases de habilitacións e certificados de persoal ferroviario nos termos que establece esta orde, ou ambos.

2. Para o exercicio das funcións a que se refire o artigo seguinte, todo centro de formación deberá estar debidamente homologado conforme o establecido neste título.

3. A Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias outorgará a correspondente homologación en que figurarán as especialidades formativas autorizadas ao centro docente.

4. A formación teórica das licenzas, certificados e habilitacións deberase realizar sempre en locais dependentes dos centros homologados. Non obstante, excepcionalmente, en casos debidamente xustificados, a Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias poderá autorizar, de forma motivada a petición dos centros e coa conformidade das entidades ferroviarias nos casos de certificados e habilitacións, a impartición dunha parte da dita formación por medio dun sistema semipresencial a distancia.

5. A infraestrutura ferroviaria sobre a que se deben desenvolver as prácticas de condución por parte dos aspirantes á obtención das licenzas e demais títulos habilitantes de condución de vehículos ferroviarios regulados nesta orde deberá corresponder, como regra xeral, á rede ferroviaria de interese xeral administrada polo Administrador de Infraestruturas Ferroviarias. Non obstante, por solicitude do centro homologado de formación, a Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias poderá autorizar a realización de prácticas de condución en vías ferroviarias, terminais e instalacións conectadas á dita rede.

As prácticas de formación dos aspirantes á obtención das demais habilitacións reguladas nesta orde deberanse realizar, como regra xeral, na rede ferroviaria de interese xeral administrada polo Administrador de Infraestruturas Ferroviarias; ben que a Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias, por solicitude do centro homologado de formación, poderá autorizar a realización das ditas prácticas noutros lugares que considere adecuados para isto. A exixencia anterior non será aplicable á formación para a obtención das habilitacións de auxiliar de operacións de tren e de cargador.

6. As circulacións necesarias para a realización dos exames efectuaranse na rede ferroviaria de interese xeral administrada polo Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, o cal, por instancia dos centros homologados de formación, establecerá os tramos, sucos e horarios precisos para as circulacións necesarias para a realización dos exames e das prácticas que así o requiran. Ás ditas circulacións non lles será de aplicación canon ningún polo uso da infraestrutura, salvo que estas constitúan circulacións comerciais.

7. Co obxecto de axustar a formación teórica dos candidatos interesados, autorízanse os centros homologados de formación de persoal ferroviario para efectuar validacións da carga lectiva teórica dos correspondentes programas de formación, mediante decisión motivada, atendendo aos coñecementos formativos que acrediten aqueles. Así mesmo, o centro homologado, co informe favorable da entidade ferroviaria correspondente, poderá solicitar á Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias a validación, parcial ou total, da carga lectiva práctica, que esta poderá conceder mediante resolución motivada atendendo aos coñecementos formativos e experiencia que se acrediten.

Os ditos coñecementos poderanse acreditar, entre outros medios, por un documento emitido pola entidade ferroviaria correspondente, así como polas correspondentes licenzas, certificados ou habilitacións.

8. A realización do correspondente curso de formación permitirá ao aspirante presentarse ata un máximo de dúas probas de avaliación teóricas e dúas probas de avaliación prácticas, no prazo máximo de tres anos contados a partir do inicio do curso. Para poder realizar a proba de avaliación práctica será preciso ter superado a proba de avaliación teórica. Aqueles que finalmente non superen as probas de avaliación deberán realizar un novo curso formativo.

Artigo 48. *Funcións.*

1. Para os efectos do disposto neste título, son funcións dos centros homologados de formación, segundo o caso, as seguintes:

a) Impartir a formación de persoal ferroviario para a obtención da licenza, certificados de condución e habilitacións regulados nesta orde.

b) O desenvolvemento dos programas de formación para a obtención das habilitacións ou certificados que se recollen nesta orde, a partir do contido establecido polos responsables de seguridade na circulación ou, se for o caso, polo director do centro homologado de mantemento de material rodante, e a definición das probas de avaliación correspondentes para a súa obtención.

c) A realización das probas de avaliación teóricas e prácticas para a obtención das habilitacións ou certificados establecidos nesta orde, conforme este título.

d) A realización de cursos específicos de actualización e reciclaxe de coñecementos, previstos nesta orde.

e) Propor á Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias, no caso da licenza de condución, a aprobación do programa de formación que se pretenda impartir, segundo o establecido no artigo 33 desta orde.

f) Propor á Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias a validación da carga lectiva práctica para a obtención de licenzas, certificados e habilitacións.

2. Os centros homologados de formación deberán colaborar coa Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias, por requirimento desta, nas tarefas de supervisión que lles demande.

3. Os centros homologados poderán establecer acordos docentes entre si, coas empresas ferroviarias ou co Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, para o uso das instalacións e dos seus materiais e equipamentos, e comunicarán o seu contido, en todo caso, á Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias.

Artigo 49. *Réxime de funcionamento dos centros homologados en materia da licenza de condución.*

1. Os centros homologados de formación deberán propor á Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias a aprobación do contido dos programas de formación que pretendan impartir, recollidos no título VI desta orde, polo menos, tres meses antes do inicio da actividade docente.

Os programas deberán conter un cadro de actividades referidas ás diferentes materias, tanto teóricas como prácticas, indicando os tempos de dedicación a cada unha delas. Igualmente, deberán prever a realización das prácticas de condución, entre as que poderán figurar prácticas en simulador, especialmente para reproducir situacións particularmente difíciles ou degradadas na condución; e que en ningún caso se computarán como horas de condución efectiva.

A Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias resolverá sobre a aceptación ou non da proposta e poderá impor modificacións nos programas. Se non recaese resolución dentro dos dous meses posteriores á data de presentación da proposta, entenderase que esta foi aceptada.

2. Cada centro homologado de formación poderá propor á Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias modificacións nos programas de formación destinadas a mellorar a formación dos aspirantes, seguindo a pauta que establece o número anterior.

3. Cada centro homologado de formación realizará, polo menos, as convocatorias dos cursos de formación que, con carácter xeral, establece a Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias.

4. Nas convocatorias que realice un centro para impartir a súa formación figurará:

- a) O número de prazas dispoñibles.
- b) Os requisitos requiridos para acceder ao curso, conforme o establecido no artigo 32 desta orde.
- c) A data límite para formular a solicitude de admisión e o prazo de matriculación.
- d) A cantidade que se debe satisfacer pola matrícula no centro homologado, que abranguerá a formación e a realización das probas de avaliación, así como todos os custos a que estas dean lugar. A contía correspondente comunicaralla o centro homologado á Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias e entenderase que, se nun prazo máximo de dous meses esta non contesta, a considera aceptada.

5. A convocatoria deberase producir polo menos tres meses antes do inicio de cada curso de formación.

6. Todo cidadán que cumpra os requisitos e condicións exixibles terá dereito de acceso, de forma equitativa e non discriminatoria, ás convocatorias da formación para a obtención da licenza de condución que impartan os centros que non dependan de empresas ferroviarias. Para tal efecto, os ditos centros recibirán as solicitudes de matrícula que ordenarán por orde de presentación e estarán obrigados a admitir como aspirantes todos os solicitantes que cumpran os requisitos exixidos ata esgotar a capacidade autorizada por curso a cada centro pola Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias, e sen que poida excedela salvo autorización expresa desta. Cando o número de solicitudes supere o número de prazas ofertadas, os centros de formación homologados estarán obrigados a realizar procesos de selección que respecten os principios de igualdade e méritos. Cada convocatoria requirirá un proceso de admisión propio e independente doutras anteriores.

O disposto neste número tamén obrigará os centros homologados de formación pertencentes a entidades dependentes das administracións públicas.

En calquera caso, a Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias poderá realizar convocatorias de cursos, por petición das entidades ferroviarias, restrinxidos á promoción interna do seu persoal.

7. Para cumprir as obrigas impostas por esta orde, os centros homologados de formación terán que programar cursos específicos de actualización e de reciclaxe de coñecementos e, de ser o caso, probas teóricas e prácticas. Os programas e contidos das probas deberán ser aprobados pola Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias.

8. A Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias, por causas extraordinarias debidamente xustificadas, xa sexa por innovacións tecnolóxicas ou por cambios normativos, poderá impor aos centros homologados de formación que teñan capacidade suficiente, a programación de cursos de formación adicionais.

Artigo 50. Réxime de funcionamento dos centros homologados en materia de habilitacións e certificados de persoal ferroviario.

1. A formación exixida para a obtención das habilitacións e certificados recollidos nesta orde será impartida por un centro homologado de formación de acordo co previsto neste título.

2. Os centros homologados responsabilizaranse de impartir os contidos dos programas de formación, así como a realización das probas de avaliación teóricas e prácticas.

3. Os contidos dos programas de formación para a obtención das habilitacións do persoal de circulación, do persoal de infraestrutura e do persoal de operacións do tren serán determinados, en cada caso, polo correspondente responsable de seguridade na

circulación. Baseándose neste contido, o centro homologado de formación proporá ao dito responsable o desenvolvemento dos ditos programas, establecendo as horas de docencia e a tipoloxía e características das probas teóricas e prácticas que se teñan que superar. O dito desenvolvemento deberá ser aprobado polo citado responsable de seguridade na circulación.

No caso da habilitación do persoal responsable de control do mantemento de material rodante ferroviario, será o director do centro homologado de mantemento quen determine o contido dos programas de formación e quen aprobe a súa proposta de desenvolvemento, elaborada polo centro homologado de formación correspondente.

O contido dos programas de formación para a obtención dos certificados de condución será determinado, en cada caso, polo correspondente responsable de seguridade na circulación, de conformidade cos contidos formativos mínimos establecidos nesta orde. Ademais, o citado responsable de seguridade aprobará o desenvolvemento dos programas de formación, que deberá proporcionar o coñecemento suficiente para a superación das probas correspondentes. No caso de que o centro considere que a dita formación non é suficiente ou que non cumpre o establecido nesta orde, deberá comunicalo á Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias; de non facelo entenderase que o dito centro de formación considera adecuada e conforme coa orde a aludida formación.

4. En cumprimento do establecido nesta orde, os centros homologados de formación poderán programar cursos de actualización e reciclaxe de coñecementos.

Artigo 51. *Obrigas dos centros homologados de formación.*

1. Os centros homologados de formación estarán obrigados a conservar, durante un período de cinco anos, os expedientes de cada curso, e telos á disposición da Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias, das entidades ferroviarias e, se for o caso, dos centros de mantemento de material rodante, con que establezan convenios.

2. Igualmente deberán remitir ao Rexistro Especial Ferroviario información sobre os datos correspondentes ao dito rexistro dos alumnos titulares dunha licenza de condución que superasen o nivel de coñecementos exixido nos correspondentes cursos de actualización e reciclaxe.

Artigo 52. *Convocatoria de exames. Examinadores.*

1. En cada convocatoria de probas de avaliación para a obtención da licenza de condución, a Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias definirá o contido das probas sobre coñecementos teóricos e prácticos, respectando o contido mínimo que se establece no anexo V desta orde, con indicación da súa duración, número de preguntas ou exercicios que se deben realizar e criterios para a súa cualificación.

A Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias nomeará para examinar os aspirantes un tribunal examinador conforme o disposto no artigo 34.3 desta orde.

Para a realización dos exames os centros homologados estarán obrigados a pór á disposición da Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias os medios humanos e materiais e a prestar a colaboración necesaria, cando lles sexan requiridos.

2. As convocatorias para a obtención de habilitacións e certificados estarán restrinxidas ao ámbito e aos procedementos que fosen acordados, segundo os casos, polo Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, polas empresas ferroviarias ou polos centros homologados de mantemento de material rodante, cos centros homologados de formación. Os mesmos acordos rexerán, se for o caso, para definir o contido das probas de exame, a elección de examinadores e os criterios de cualificación. Para o caso dos certificados, o contido dos ditos acordos estará en concordancia co sistema de xestión de seguridade de cada entidade ferroviaria.

Artigo 53. *Réxime de inspección.*

1. Os centros homologados de formación serán obxecto de inspección pola Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias en todas as operacións vinculadas coa formación de

persoal para a obtención da licenza, certificados e habilitacións establecidos nesta orde. Para tal fin poderá contar coa colaboración das entidades que, para o efecto, determine.

2. Os centros homologados deberán proporcionar á Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias tanta información relacionada coa formación dos alumnos lles sexa requirida como consecuencia das actuacións de inspección.

3. Nos labores de inspección e control comprobarase que os centros manteñen o nivel de formación e cumpren os requisitos que foron exixidos para a súa homologación.

CAPÍTULO II

Réxime de homologación dos centros de formación

Artigo 54. *Homologación. Requisitos para a súa obtención.*

1. Corresponde á Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias a autorización, a través da correspondente homologación, dos centros de formación, conforme o procedemento que se establece neste capítulo.

2. Para a homologación requirirase o cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Ser persoa física ou xurídica, residente en España e con capacidade para desenvolver actividades mercantís conforme o establecido no Código de comercio, así como tamén as fundacións que teñan no seu obxecto social a formación de persoal ferroviario.

b) Acreditar competencia profesional e capacidade técnica suficientes.

c) Contar con capacidade financeira para facer fronte ás súas obrigas.

d) Ter cuberta a responsabilidade civil de acordo coa normativa vixente.

e) Dispor dun estatuto interno que recolla o seu réxime de funcionamento, os procedementos de avaliación e control dos alumnos, o réxime de cualificacións, e calquera outra regra que sexa necesaria para un mellor desenvolvemento da súa actividade.

3. Non se poderán homologar aqueles que se encontren nalgún dos seguintes supostos:

a) Os sancionados por infraccións administrativas moi graves previstas na lexislación mercantil e docente, no prazo de cinco anos desde a imposición da sanción.

b) Os sancionados ou condenados, mediante resolución ou sentenza firme, por infraccións moi graves cometidas no ámbito da lexislación docente ou por infracción grave ou reiterada das obrigas derivadas das normas sociais ou laborais, en particular da lexislación sobre seguridade e saúde no traballo, no prazo de cinco anos desde que se produza a firmeza da resolución sancionadora.

c) Os que non se encontren ao día das obrigas tributarias, así como das súas obrigas coa Seguridade Social.

d) Aqueles centros de formación ou entidades a que pertencen, cuxos administradores ou membros do seu persoal directivo sufran ou sufrisen, en España ou fóra dela, pena privativa de liberdade, fosen declarados en situación concursal, inhabilitados ou suspendidos para exercer cargos de administración en sociedades ou sancionados ou condenados mediante resolución ou sentenza firmes pola comisión das infraccións a que se refiren as letras anteriores ata que quede integramente extinguida a súa responsabilidade.

Artigo 55. *Criterios para valorar a competencia profesional e a capacidade técnica.*

Cumpríranse os requisitos de competencia profesional e de capacidade técnica cando o centro conte con:

a) Unha estrutura empresarial adecuada para ofrecer a formación que pretende impartir co debido nivel de calidade, que se acreditará con:

1.º Un proxecto docente para o conxunto de actividades que se pretenden desenvolver.

2.º Un plan de calidade da formación que permita garantir a calidade na formación impartida.

3.º Un responsable como director do centro, con experiencia profesional no campo da formación e cun título universitario ou equivalente.

b) Persoal docente adecuadamente capacitado e en número suficiente para exercer a actividade para a que se solicita a homologación. Entre este persoal deberase encontrar:

1.º Polo menos un responsable entre o persoal instrutor da formación teórica, que deberá dispor dun título universitario ou equivalente, e acreditar unha experiencia profesional e docente suficiente nas materias que compoñen a formación.

2.º Polo menos un responsable entre o persoal instrutor da formación práctica que deberá, para o caso da licenza de condución, estar en posesión dunha licenza en vigor e dunha experiencia profesional na condución de trens e locomotoras de, polo menos, dous anos.

O responsable para o caso dos certificados de condución, ademais do previsto no número anterior, deberá acreditar unha experiencia en condución de trens e locomotoras de, polo menos, catro anos.

3.º Polo menos un responsable entre o persoal instrutor da formación práctica para as habilitacións que se recollen nesta orde, que deberá acreditar unha experiencia nas funcións correspondentes ás habilitacións cuxa formación se imparta de polo menos catro anos para a formación da habilitación de responsable de circulación, e tres anos para o resto das habilitacións excepto para a de cargador que será de seis meses; salvo supostos excepcionais expresamente autorizados, caso a caso, pola Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias.

c) Medios e, se for o caso, instalacións adecuadas e en número suficiente para exercer a actividade para a que se solicita a homologación. Considerarase que o centro cumpre este requisito se dispón de:

1.º Aulas de clases teóricas, cunha superficie media aproximada de 2,5 metros cadrados por alumno, co mobiliario e os medios docentes adecuados ao número de alumnos e aos cursos e contidos previstos no proxecto docente.

2.º Instalacións para a realización das prácticas que correspondan á formación que se vaia impartir. Terán a consideración como instalacións de prácticas, no caso da licenza ou certificados de condución, as cabinas dos vehículos ferroviarios e os talleres onde se manteñen. Para as habilitacións poderanse considerar instalacións de prácticas, as estacións, os postos de mando, as terminais, os talleres e demais instalacións ferroviarias onde se realice a actividade para a que se pretende habilitar.

3.º Un sistema de arquivo adecuado para a documentación relativa ao seu persoal, aos programas de formación e ás actividades docentes que realice.

4.º Os centros deberán reunir as condicións de habitabilidade e de seguridade exixidas pola normativa vixente.

d) Acordos, se for o caso, realizados coas entidades ferroviarias para a realización de prácticas de condución acompañados por un maquinista provisto da licenza e o certificado correspondente.

Artigo 56. *Criterios para valorar a capacidade financeira e a cobertura de responsabilidade civil.*

1. Cumprirase o requisito de capacidade financeira cando a entidade solicitante da homologación dispoña de recursos suficientes para facer fronte, en calquera momento, ás obrigas que contraese ou poida contraer, por un período de doce meses, contado desde o

outorgamento da homologación. Poderase acreditar mediante a presentación dun informe pericial ou de documentos adecuados expedidos por entidades de crédito ou auditores de contas.

2. Para os efectos exclusivos do outorgamento da homologación, entenderase que un centro de formación cobre a súa responsabilidade civil derivada das actividades da formación que imparta se, no momento de formular a solicitude de homologación dispón dun compromiso cunha entidade aseguradora de cobertura dos riscos derivados da súa actividade ou un compromiso de afianzamento mercantil cunha entidade legalmente autorizada. Será necesario formalizar o compromiso convido antes de iniciar a actividade.

Artigo 57. *Procedemento de homologación.*

1. A solicitude de homologación dun centro de formación, co contido previsto no artigo 70.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, dirixirase á Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias e incluírá a asunción formal, polo solicitante, de cantas condicións e garantías se establecen nesta orde.

2. A solicitude de homologación dun centro de formación irá acompañada da documentación que se relaciona neste número e daqueloutra que o solicitante entenda que poida contribuír a un maior coñecemento e unha mellor valoración da súa petición, e deberase xuntar, polo menos, a seguinte:

a) Cando se trate de sociedades mercantís, a escritura de constitución e, se for o caso, de modificación, inscrita no rexistro mercantil, na cal conste o seu capital social no momento da solicitude. Cando se trate de fundacións, a escritura de constitución e a súa inscrición no correspondente rexistro de fundacións. Cando se trate de centros dependentes dunha entidade ferroviaria, a escritura de constitución desta ou, se for o caso, as referencias legais á condición de entidade pública empresarial de que depende.

b) Unha declaración responsable de non estar incurso en ningún dos supostos enumerados no artigo 54.3 cando non sexa posible presentar os certificados correspondentes. Os administradores ou directivos de entidades que soliciten a homologación e teñan nacionalidade estranxeira deberán presentar un certificado expedido polo órgano competente do seu Estado en que se faga constar que non están incurso en ningún dos supostos expresados no citado artigo.

c) Unha copia do estatuto interno do centro.

d) Un organigrama da estrutura organizativa do centro en que figuren os principais responsables desta nas diferentes áreas de formación.

e) Un proxecto docente do centro de formación en que consten os programas de ensino de cada curso e materia que se pretenda impartir. No proxecto determinarase o tipo e volume medio anual do número de alumnos que se prevexa atender e indicarse o profesorado con que contará.

f) «Currículum vitae» dos responsables da dirección do centro e das formacións teóricas e prácticas, indicando entre outros datos, a licenza, certificados, habilitacións e outros títulos e diplomas con que contan, de ser o caso.

g) «Currículum vitae» do resto do persoal instrutor con que conte o centro, indicando entre outros datos, a licenza, certificados, habilitacións e outros títulos e diplomas con que contan, de ser o caso.

h) Copia, se for o caso, dos convenios subscritos con entidades ferroviarias para a realización de prácticas de condución cun condutor autorizado, ou para utilizar os seus simuladores e equipamentos.

i) Descrición das instalacións que ocupará o centro, cos seus correspondentes planos de detalle e relación xustificada de equipamentos e demais medios materiais de que vaia dispor.

j) Plan de Prevención de Riscos Laborais para o exercicio da súa actividade.

k) Indicación dos sistemas con que se comunicará coa Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias, co Administrador de Infraestruturas Ferroviarias e, se for o caso, coas empresas que operen no sector ferroviario para cuxos traballadores prevexa realizar actividades formativas.

l) Documentación que acredite o cumprimento dos requisitos de capacidade financeira.

m) Documentación que acredite o cumprimento dos requisitos de cobertura de responsabilidade civil.

n) Documentación xustificativa da personalidade xurídica do petionario e, se for o caso, do representante e do poder con que este actúa.

No suposto de que sexa requirida algunha documentación adicional á disposta neste número, o solicitante disporá de quince días, desde a data en que esta lle sexa requirida, para presentar a documentación que emende e complete a entregada xunto coa solicitude. A falta de presentación da referida documentación no prazo disposto será motivo suficiente para a denegación da solicitude de homologación.

3. A Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias, antes de ditar resolución, poderá requirir do solicitante a información ou as aclaracións que considere convenientes sobre a súa solicitude ou sobre os documentos que se xuntan a esta.

4. A Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias realizará unha visita ao centro de formación e, á vista do informe elaborado e dos restantes antecedentes, resolverá motivadamente o expediente, notificando, nun prazo máximo de cinco meses contado desde a data de presentación da solicitude de homologación, a resolución do seu outorgamento ou da súa denegación.

Transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que recaese resolución expresa, entenderase estimada a solicitude.

5. Outorgada a homologación, o centro deberá satisfacer a taxa por homologación de centros de formación, establecida no artigo 69 da Lei do sector ferroviario.

6. A homologación outorgarase inicialmente por un período de tres anos e as renovacións sucesivas por períodos de cinco anos. Para os efectos da renovación aplicarase idéntico réxime que o establecido para a homologación, e deberase formular a solicitude daquela, coa necesaria antelación, antes da expiración da validez da homologación en vigor.

7. A Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias inscribirá no Rexistro Especial Ferroviario os centros que obteñan a homologación para formar o persoal ferroviario.

8. A resolución que decida sobre a solicitude de homologación dun centro de formación non esgotará a vía administrativa, e poderase interpor contra ela recurso de alzada. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución sobre o dito recurso será de tres meses. Transcorrido o dito prazo sen que recaese resolución expresa deberase entender desestimado o dito recurso. Todo isto sen prexuízo do dereito dos interesados, esgotada a vía administrativa, a recorrer na vía xurisdiccional contencioso-administrativa.

Artigo 58. *Validez da homologación.*

1. A homologación conservará a súa validez dentro do seu período de vixencia, mentres o centro homologado de formación cumpra os requisitos previstos para o seu outorgamento nesta orde.

2. A Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias poderá comprobar, en calquera momento, o cumprimento polos centros dos citados requisitos.

A dita dirección xeral poderá exixir aos centros homologados de formación a achega de canta información entenda necesaria para comprobar que se manteñen as condicións que xustificaron o outorgamento da homologación.

3. En particular, a Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias realizará inspeccións dos centros homologados de formación:

a) Cando se teñan dúbidas fundadas de posibles incumprimentos dos requisitos que lles sexan exixibles a estes.

b) Aleatoriamente, en calquera momento que así o decida.

4. Sen prexuízo do indicado nos números anteriores, todos os centros homologados de formación están obrigados a notificar, previamente, á Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias cantas variacións se produzan nos datos achegados na solicitude de homologación do centro. Tamén deberán comunicar previamente os seus plans relativos a novas ensinanzas.

Ademais comunicarán, no prazo máximo dun mes desde que se produza, calquera variación que afecte os datos que constan na Sección de Centros de Formación do Persoal Ferroviario do Rexistro Especial Ferroviario.

5. Cando a Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias constate que un centro de formación deixou de cumprir os requisitos que lle sexan exixibles, iniciará o procedemento de suspensión ou, se for o caso, de revogación, da homologación de que dispoña, conforme o establecido no artigo seguinte.

6. A Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias poderá utilizar, para o apoio ás funcións inspectoras referidas anteriormente, a colaboración de entidades de probada capacidade.

Artigo 59. *Suspensión e revogación da homologación.*

1. A Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias poderá suspender motivadamente a homologación outorgada a un centro de formación. A dita suspensión acordarase cando se constate o incumprimento de calquera dos requisitos exixidos para o seu outorgamento así como das demais exixencias e obrigas que se establecen nesta orde, e mentres non se emenden os incumprimentos detectados.

2. A resolución pola que se acorde a suspensión da homologación será inmediatamente executiva desde a súa notificación ao interesado.

3. O centro de formación poderá proceder a solicitar a anulación da suspensión, unha vez emendadas as anomalías causantes desta.

4. A Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias revogará a homologación dun centro de formación cando os incumprimentos que provocaron a suspensión da dita homologación non sexan convenientemente emendados no prazo de doce meses desde que foi executada a suspensión.

5. O procedemento para a suspensión ou, se for o caso, a revogación da homologación, iniciarao a Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias, e daráselle audiencia ao centro para que, no prazo máximo de 15 días formule as alegacións que considere pertinentes. A Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias ditará resolución no prazo máximo de seis meses, a cal se anotará no Rexistro Especial Ferroviario. Transcorrido o dito prazo sen que se notificase a resolución de suspensión ou revogación producirase a caducidade do procedemento, que se declarará por medio da correspondente resolución en que, así mesmo, se ordenará o arquivo das actuacións.

6. A resolución que decida sobre a suspensión ou revogación da homologación dun centro de formación non esgotará a vía administrativa, e poderase interpor contra ela recurso de alzada. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución sobre o dito recurso será de tres meses. Transcorrido o dito prazo sen que recaese resolución expresa deberase entender desestimado o dito recurso. Esgotada a vía administrativa o interesado poderá acudir á xurisdición contencioso-administrativa de conformidade coa normativa vixente.

TÍTULO X

Centros homologados de recoñecemento médico de persoal ferroviario

CAPÍTULO I

Réxime xeral

Artigo 60. *Concepto e ámbito.*

1. Os centros homologados de recoñecemento médico, para os efectos regulados nesta orde, son organizacións encargadas de certificar a aptitude psicofísica exixible para a obtención e mantemento da licenza de condución de vehículos ferroviarios e, se for o caso, das habilitacións e certificados de persoal ferroviario nos termos que esta establece.

2. Para o exercicio das funcións a que se refire o artigo seguinte, todo centro de recoñecemento médico deberá estar debidamente homologado conforme o establecido neste título.

Así mesmo, os ditos centros deberán contar, en todo caso, coas correspondentes autorizacións outorgadas polas autoridades sanitarias competentes.

Artigo 61. *Funcións.*

1. Corresponde aos centros homologados de recoñecemento médico, para os efectos desta orde, a realización das probas de avaliación para a obtención do certificado de aptitude psicofísica, así como a emisión do certificado da aptitude psicofísica correspondente a cada caso.

2. Os centros de recoñecemento médico deberán colaborar coa Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias, por requirimento desta, nas tarefas de supervisión que lles demande.

Artigo 62. *Probas de valoración da capacidade psicofísica.*

1. As probas para a valoración da capacidade psicofísica teñen por obxecto verificar o cumprimento dos requisitos exixidos para a emisión do correspondente certificado de aptitude.

2. As probas para a valoración da capacidade psicofísica, periódicas e adicionais, axustaranse ás condicións de capacidade do persoal ferroviario, segundo lles corresponda, conforme o previsto nos anexos desta orde.

3. A persoa que se deba someter ás probas de avaliación psicofísica achegará ao centro de recoñecemento médico onde as vaia efectuar unha declaración que conteña os datos sobre a súa saúde, para os efectos de, se for o caso, comprobación polo persoal médico facultativo.

4. Ao finalizaren as probas de valoración de capacidade psicofísica, o centro efectuará unha avaliación da aptitude do solicitante, e establecerá un informe para os casos en que a súa aptitude non sexa a requirida ou, sendo a requirida, sexa necesario realizar novas probas no prazo que se estableza.

5. Os impresos orixinais cos resultados das probas complementarias practicadas ao solicitante, xunto co informe de aptitude emitido polo centro homologado de recoñecemento médico, quedarán arquivados no seu expediente clínico persoal. Os expedientes de avaliación psicofísica persoais arquivados no centro homologado de recoñecemento médico, deberanse custodiar, durante un período de cinco anos, coas garantías propias de datos médicos de carácter persoal, de conformidade coa normativa vixente.

6. O importe que se deba satisfacer ao centro homologado de recoñecemento médico pola realización das probas para a obtención dos certificados de avaliación de aptitude psicofísica para a expedición da licenza de condución será fixado pola Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias por petición de cada centro de forma motivada.

7. Nos supostos recollidos no número 4 deste artigo, entregarase ao solicitante o informe de capacidade. Nos restantes supostos, entregarase o dito informe, logo de petición do aspirante para obter o certificado de aptitude.

Artigo 63. Emisión de certificados de aptitude psicofísica.

1. Para a obtención e conservación da licenza, os certificados e as habilitacións recollidos nesta orde, será necesario dispor do correspondente certificado de aptitude psicofísica.

2. Unha vez finalizadas e superadas as probas de aptitude psicofísica, o centro homologado entregará o certificado de aptitude psicofísica á persoa valorada.

3. O certificado de aptitude psicofísica conterá a seguinte información:

- a) Identificación do centro onde se practicou o recoñecemento.
- b) O número de referencia, coa nomenclatura que indique a Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias, que terá uns díxitos para identificar o centro homologado, outros para a clase de recoñecemento, e outros de orde de emisión polo centro.
- c) O tipo de certificado.
- d) O nome e apelidos da persoa que o obteña.
- e) O número de documento nacional de identidade, do permiso de residencia, ou do pasaporte.
- f) A súa nacionalidade.
- g) Data en que se practica o recoñecemento.
- h) As limitacións que se lle impoñan.
- i) O nome do médico avaliador, a súa sinatura e número de colexiado.

4. A emisión dos certificados de aptitude psicofísica realizarana os centros homologados, nos impresos aprobados pola Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias.

Artigo 64. Validez dos certificados de aptitude psicofísica.

1. O certificado de aptitude psicofísica para o persoal de conducción terá como regra xeral unha validez de tres anos desde a data da súa expedición. Non obstante, o prazo de validez dos certificados expedidos a persoas de máis de 55 anos reducirase a un ano. As idades antes referidas teranse en conta no momento de finalización das probas de aptitude psicofísica.

Non obstante o anterior, o centro homologado de recoñecemento médico poderá prescribir exames de aptitude psicofísica máis frecuentes, se así o exige o estado de saúde do traballador e, adicionalmente, efectuar un recoñecemento psicofísico en especial tras unha baixa por enfermidade de 30 días. Así mesmo, prescribiraos despois de todo accidente con vítimas e despois dun accidente laboral que implique un período de ausencia de 30 días.

A entidade ferroviaria poderá solicitar que se verifique a aptitude psicofísica do traballador se este tivo que ser apartado do servizo por razóns de seguridade na circulación.

2. O certificado de aptitude psicofísica do resto do persoal ferroviario terá como regra xeral unha validez de cinco anos. A partir dos 50 anos o prazo de validez reducirase a tres anos e, a partir dos 60, a un ano; coa excepción do caso dos cargadores en que o prazo de validez será de tres anos a partir dos 50 anos de idade. As idades antes referidas teranse en conta no momento de finalización das probas de aptitude psicofísica.

3. O período de validez do certificado de aptitude psicofísica poderá ser reducido, en casos concretos, polo correspondente centro homologado, en función dos resultados das probas practicadas.

Artigo 65. *Obrigas do centro de recoñecemento médico.*

1. Os centros de recoñecemento médico que fosen homologados estarán obrigados a conservar durante cinco anos os expedientes clínicos persoais de cada avaliación, e telos á disposición da Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias, e das entidades públicas empresariais e empresas ferroviarias coas que establezan convenios. A dita obriga poderá ser cumprida por medios electrónicos sempre que quede acreditado suficientemente o contido dos ditos expedientes clínicos. Todo isto, sen prexuízo do cumprimento da lexislación sobre protección de datos de carácter persoal.

2. No caso dos titulares dunha licenza de condución, os centros homologados de recoñecemento médico deberán informar o Rexistro Especial Ferroviario sobre o resultado das avaliacións psicofísicas realizadas.

3. Cando os centros de recoñecemento médico procedan á realización das probas a que se refiren os artigos 10, 16, 22 e 41, comunicarán o seu resultado, ademais de ao propio interesado, ao órgano ou entidade que as requiriu e ao Rexistro Especial Ferroviario.

Artigo 66. *Réxime de inspección.*

1. Os centros homologados de recoñecemento médico de persoal ferroviario serán inspeccionados pola Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias en todas as operacións vinculadas coa avaliación da capacidade psicofísica para as licenzas e diferentes habilitacións e certificados establecidos nesta orde. Para tal fin a dita dirección xeral poderá contar coa colaboración das entidades que, para o efecto, determine.

2. Os centros deberán proporcionar á Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias canta información relacionada coa avaliación da capacidade psicofísica de persoal ferroviario lles sexa requirida como consecuencia das actuacións de inspección.

3. Nos labores de inspección comprobarase que, polo menos, se manteñen os requisitos exixidos nesta orde para a homologación dos centros de recoñecemento médico.

CAPÍTULO II

Réxime de homologación dos centros de recoñecemento médico

Artigo 67. *Requisitos para a homologación.*

1. Corresponde á Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias homologar os centros de recoñecemento médico seguindo os procedementos e cumprindo os requisitos que se establecen neste título, sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas na materia.

2. A homologación de centros de recoñecemento médico requirirá que se acredite o cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Revestir, en caso de non formar parte do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias ou dunha empresa ferroviaria, a forma de sociedade mercantil.
- b) Acreditar a competencia profesional e a capacidade técnica.
- c) Contar con capacidade financeira para facer fronte ás súas obrigas.
- d) Ter cuberta a responsabilidade civil de acordo coa normativa vixente.
- e) Dispor dun estatuto interno que recolla o seu réxime de funcionamento, os procedementos de avaliación de capacidade psicofísica e calquera outra regra que sexa necesaria para un mellor desenvolvemento da súa actividade.

3. Non se poderán homologar aqueles centros de recoñecemento médico que se encontren nalgún dos seguintes supostos:

- a) Os sancionados por infraccións administrativas moi graves previstas na lexislación mercantil e sanitaria, no prazo de cinco anos desde a imposición da sanción.

b) Os sancionados ou condenados, mediante resolución ou sentenza firme, por infraccións moi graves cometidas no ámbito da lexislación sanitaria, ou por infracción grave ou reiterada das obrigas derivadas das normas sociais ou laborais, en particular da lexislación sobre seguridade e saúde no traballo, no prazo de cinco anos desde que se produza a firmeza da resolución sancionadora.

c) Os que non se encontren ao día no pagamento das obrigas tributarias, así como das obrigas coa Seguridade Social.

d) Aquelas cuxos administradores ou membros do seu persoal directivo sufran ou sufrisen, en España ou fóra dela, pena privativa de liberdade, fosen declarados en situación concursal, inhabilitados ou suspendidos para exercer cargos de administración en sociedades, ou sancionados ou condenados mediante resolución ou sentenza firmes pola comisión das infraccións a que se refiren as letras anteriores ata que quede integramente extinguida a súa responsabilidade.

Artigo 68. Criterios para valorar a competencia profesional e a capacidade técnica.

Cumprirase o requisito de competencia profesional e capacidade técnica cando o centro conte con:

a) Unha estrutura empresarial adecuada para realizar as avaliacións de capacidade psicofísica co debido nivel de calidade, que se acreditará coa documentación que demostre que:

1.º Reúne os requisitos exixidos polas autoridades sanitarias para a realización de recoñecementos, informes e avaliacións médicas requiridos para a emisión dos certificados de valoración de capacidade psicofísica.

2.º Dispón dun director do centro, con experiencia profesional e con título universitario ou equivalente.

b) O persoal do centro estará integrado como mínimo por:

1.º Un responsable médico do centro, que estea en posesión do título de licenciado en medicina e cirurxía e cunha experiencia de, polo menos, tres anos en servizos médicos de empresa.

2.º Persoal capacitado e en número suficiente para recoñecer e avaliar a capacidade psicofísica. Para tal efecto, no cadro de persoal do centro deberá existir, como mínimo, un licenciado en medicina e cirurxía, que poderá coincidir co responsable médico do centro, un licenciado en psicología, e un diplomado universitario en enfermaría. En canto ao resto do persoal se refire, o centro poderá ter establecido acordos con médicos e laboratorios de análises clínicas así como con calquera centro médico ou gabinete psicolóxico.

c) Medios e, se for o caso, instalacións adecuadas e en número suficiente para exercer a actividade para a que se solicita a homologación. Considerarase que o centro cumpre este requisito se dispón de:

1.º Instalacións adecuadas para a súa finalidade, con estándares suficientes de calidade, validados mediante a obtención da debida autorización sanitaria.

2.º Un sistema de arquivo adecuado para a documentación relativa ao seu persoal e ás avaliacións de capacidade psicofísica que realicen.

Artigo 69. Criterios para valorar a capacidade financeira e a cobertura de responsabilidade civil.

1. Cumprirase o requisito de capacidade financeira cando a entidade solicitante da homologación dispoña de recursos suficientes para facer fronte, en calquera momento, ás obrigas que contraese ou poida contraer, por un período de doce meses contado desde o outorgamento da homologación. Poderase acreditar mediante a presentación dun informe

pericial ou de documentos adecuados expedidos por entidades de crédito ou auditores de contas.

2. Para os efectos exclusivos do outorgamento da homologación, entenderase que un centro de recoñecemento médico cobre a súa responsabilidade civil derivada das actividades de avaliación de capacidade psicofísica que preste, se no momento de formular a solicitude de homologación dispón dun compromiso cunha entidade aseguradora dun seguro de responsabilidade civil que cubra os riscos derivados da súa actividade, ou un compromiso cunha entidade de afianzamento mercantil legalmente establecida. Será necesario formalizar o compromiso convido antes do inicio da actividade.

Artigo 70. *Procedemento de homologación.*

1. A solicitude de homologación dun centro de recoñecemento médico, co contido previsto no artigo 70.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, dirixirase á Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias, nos termos previstos nel, e incluírá a asunción formal, polo solicitante, de cantas condicións e garantías se establecen nesta orde.

2. A solicitude de homologación irá acompañada da documentación que se relaciona neste número e daqueloutra que o solicitante entenda que poida contribuír a un maior coñecemento e unha mellor valoración da súa petición, e deberase xuntar, polo menos, a seguinte:

a) Cando se trate de sociedades mercantís constituídas co obxecto social de centro médico, a escritura de constitución e, se for o caso, de modificación, inscrita no Rexistro Mercantil, en que conste o seu capital social no momento da solicitude. Cando se trate de centros dependentes dunha entidade ferroviaria, a escritura de constitución desta ou, se for o caso, as referencias legais á condición da entidade pública empresarial de que depende.

b) Unha declaración responsable dos administradores e directivos do centro de non estar incurso en ningún dos supostos enumerados no ordinal terceiro do artigo 67, en canto non sexa posible achegar os certificados correspondentes. Os administradores ou directivos de empresas que soliciten a homologación e teñan nacionalidade estranxeira deberán presentar un certificado expedido polo órgano competente do seu país no cal se faga constar que non están incursos en ningún dos supostos expresados no dito artigo.

c) Unha copia do estatuto interno do centro.

d) Un organigrama da estrutura organizativa da empresa no cal figuren os principais responsables deste nas diferentes áreas de avaliación de capacidade psicofísica.

e) Autorización, emitida pola autoridade sanitaria correspondente para a realización de recoñecementos, informes e avaliacións médicas.

f) Un proxecto de traballo en que consten os programas de actividade do centro de recoñecemento médico e os cometidos dos diferentes profesionais responsables deste.

g) «Currículum vitae» do responsable director do centro, do responsable médico do centro e dos profesionais médicos, psicólogos e persoal sanitario de que dispón para a avaliación da capacidade psicofísica, achegando a titulación requirida en cada caso.

h) Copia, se for o caso, dos convenios subscritos con outras organizacións para realizar as actividades de avaliación da capacidade psicofísica. Deberase achegar relación nominal de todos os profesionais concernidos por estes convenios, con indicación da especialidade e, se for o caso, titulación.

i) Descrición das instalacións que ocupará o centro, cos seus correspondentes planos de detalle, e relación xustificada de equipamentos e demais medios materiais de que vaia dispor.

j) Un plan de prevención de riscos laborais para o exercicio da súa actividade.

k) Indicación dos sistemas con que se comunicará coa Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias, co Administrador de Infraestruturas Ferroviarias e, se for o caso, coas empresas ferroviarias para cuxos traballadores realice algunha das funcións que lle correspondan.

l) Documentación que acredite o cumprimento dos requisitos de capacidade financeira.

m) Documentación que acredite o cumprimento dos requisitos de cobertura de responsabilidade civil.

n) Documentación xustificativa da personalidade xurídica do petionario e, se for o caso, do representante e o poder con que este actúa.

No suposto de que sexa requirida algunha documentación adicional á disposta neste número, o solicitante disporá de quince días, desde a data en que esta lle sexa requirida, para presentar a documentación que emende, ou complete, a entregada xunto coa solicitude. A falta de presentación da referida documentación no prazo disposto será motivo suficiente para a denegación da solicitude de homologación.

3. A Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias, antes de ditar resolución, poderá requirir do solicitante a información ou as aclaracións que considere convenientes sobre a súa solicitude ou sobre os documentos que se xuntan a este.

4. A Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias realizará unha visita ao centro de recoñecemento médico e, á vista do informe elaborado e dos restantes antecedentes, resolverá motivadamente o expediente, notificando, nun prazo máximo de cinco meses contado desde a data de presentación da solicitude de homologación, a resolución do seu outorgamento ou da súa denegación.

Transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que recaese resolución expresa, entenderase estimada a solicitude.

5. A homologación outorgarase inicialmente por un período de tres anos e as renovacións sucesivas por períodos de cinco anos. Para os efectos da renovación, aplicarase idéntico réxime que o establecido para a homologación, e deberase formular a solicitude de renovación coa necesaria antelación previamente á expiración da validez da homologación en vigor.

6. A Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias inscribirá no Rexistro Especial Ferroviario os centros de recoñecemento médico que obteñan a homologación que os faculte para avaliar a capacidade psicofísica do persoal ferroviario.

7. A resolución que decida sobre a solicitude de homologación dun centro de recoñecemento médico non esgotará a vía administrativa, e poderase interpor contra ela recurso de alzada. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución sobre o dito recurso será de tres meses. Transcorrido o dito prazo sen que recaese resolución expresa deberase entender desestimado o dito recurso. Todo isto sen prexuízo do dereito dos interesados, esgotada a vía administrativa, a recorrer na vía xurisdiccional contencioso-administrativa.

Artigo 71. *Validez da homologación.*

1. A homologación conservará a súa validez dentro do seu período de vixencia mentres o centro cumpra os requisitos exixidos nesta orde para o seu outorgamento.

Corresponde á Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias comprobar, en calquera momento, o cumprimento polos centros dos citados requisitos.

2. A Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias poderá exixir aos centros homologados de recoñecemento médico a achega de tanta información entenda necesaria para comprobar que se manteñen as condicións que xustificaron o outorgamento da homologación.

3. En particular, a Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias realizará inspeccións dos centros homologados:

a) Cando se teñan dúbidas fundadas de posibles incumprimentos dos requisitos que lles sexan exixibles a estes.

b) Aleatoriamente, en calquera momento que así o decida.

4. Sen prexuízo do indicado nos números anteriores, todos os centros homologados están obrigados a notificar previamente, á Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias, cantas variacións se produzan nas materias sobre as que se lles require información nesta

orde. Tamén deberán comunicar previamente os seus plans relativos a novas metodoloxías e prácticas de avaliación da capacidade psicofísica, así como as modificacións dos seus medios materiais.

Ademais comunicarán, no prazo máximo dun mes desde que se produza, calquera variación que afecte os datos que constan na Sección de Centros Médicos do Rexistro Especial Ferroviario.

5. A Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias poderá contar, para o exercicio das súas funcións inspectoras na dita materia, coa colaboración de entidades de probada capacidade.

6. Cando a Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias constate que un centro de recoñecemento médico deixou de cumprir os requisitos que lle sexan exixibles iniciará o procedemento de suspensión ou, de ser o caso de revogación, da homologación de que dispoña, conforme o establecido no artigo seguinte.

Artigo 72. Suspensión e revogación da homologación.

1. A Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias poderá suspender motivadamente a homologación outorgada a un centro homologado. A dita suspensión acordarase cando se constate o incumprimento de calquera dos requisitos exixidos para o seu outorgamento e mentres non se emenden os incumprimentos detectados.

2. A resolución pola que se acorde a suspensión da homologación será inmediatamente executiva desde a súa notificación ao interesado.

3. O centro de recoñecemento médico poderá solicitar a anulación da dita suspensión, unha vez emendadas as anomalías causantes desta.

4. A Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias revogará a homologación dun centro médico cando os incumprimentos que provocaron a suspensión da dita homologación non fosen convenientemente emendados no prazo de doce meses desde que foi executada a suspensión.

5. O procedemento para a suspensión ou, se for o caso, a revogación da homologación, iniciarao a Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias, dándose audiencia ao centro para que, no prazo máximo de 15 días formule as alegacións que considere pertinentes. A Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias ditará resolución no prazo máximo de seis meses, a cal se anotará no Rexistro Especial Ferroviario. Transcorrido o dito prazo sen que se notificase a resolución de suspensión ou revogación producirase a caducidade do procedemento, que se declarará por medio da correspondente resolución en que, así mesmo, se ordenará o arquivo das actuacións.

6. A resolución que decida sobre a suspensión ou revogación da homologación dun centro non esgotará a vía administrativa, e poderase interpor recurso de alzada. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución sobre o dito recurso será de tres meses. Transcorrido o dito prazo sen que recaese resolución expresa deberase entender desestimado o dito recurso. Esgotada a vía administrativa o interesado poderá acudir á xurisdición contencioso-administrativa de conformidade coa normativa vixente.

Disposición adicional primeira. Dereito de acreditación da formación, cualificación e experiencia previa do persoal ferroviario.

Para o efecto de acreditar a súa formación, cualificación e experiencia previa, todo aquel persoal que exerza ou exercese, no ámbito ferroviario, algunha das funcións relacionadas coa seguridade na circulación para as que nesta orde se recolle a correspondente habilitación ou certificado, terá dereito a solicitar á entidade ferroviaria ou centro homologado de mantemento de material rodante en que prestou os seus servizos laborais, a pertinente certificación que acredite o desempeño das mencionadas funcións, os cales estarán obrigados a emitila e notificala no prazo máximo dun mes. Calquera controversia suscitada en relación coa dita certificación laboral poderá ser formulada polo interesado na vía xurisdiccional laboral. Nesta certificación farase constar, ademais, a formación, cualificación e experiencia previa do citado persoal. A dita certificación poderá ser tida en conta polos centros homologados de formación, os responsables de seguridade

na circulación e os directores dos centros homologados de mantemento de material rodante para os efectos de validación para a obtención ou recuperación da validez das habilitacións ou certificados.

Disposición adicional segunda. *Persoal que exerza a súa actividade nas conexións doutras redes coa rede ferroviaria de interese xeral administrada polo Administrador de Infraestructuras Ferroviarias.*

1. Nos convenios que estableza o Administrador de Infraestructuras Ferroviarias cos portos ou aeroportos de interese xeral ou con administradores de infraestructuras doutras redes ferroviarias, especificaranse, entre outros aspectos, os requisitos e as condicións de autorización que deberá cumprir o persoal das citadas entidades que, exercendo responsabilidades de circulación, se ocupa de realizar, entre outros, os cometidos de interlocución e coordinación para os movementos de conexión de entrada e saída das redes dos ditos portos ou aeroportos cara a e desde a rede ferroviaria de interese xeral administrada pola dita entidade pública empresarial.

2. Nos convenios que estableza o Administrador de Infraestructuras Ferroviarias cos titulares de apartadoiros ou derivacións, especificaranse, entre outros aspectos, os requisitos e as condicións de autorización que deberá cumprir o persoal das ditas instalacións que, exercendo responsabilidades de circulación, se ocupe de realizar, baixo as ordes e supervisión do responsable de circulación do Administrador de Infraestructuras Ferroviarias, os cometidos de interlocución e coordinación para os movementos de conexión de entrada e saída dos ditos apartadoiros ou derivacións, cara a e desde a rede ferroviaria de interese xeral administrada pola dita entidade pública empresarial.

En ningún caso os titulares da dita autorización poderán exercer función ningunha inherente á xestión do sistema de control, de circulación e de seguridade na rede ferroviaria de interese xeral administrada polo Administrador de Infraestructuras Ferroviarias, función cuxo exercicio deberá realizar sempre esta entidade pública empresarial de acordo co que establece o número 4 do artigo 22 da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario.

A referida autorización estará suxeita ao réxime que se estableza expresamente nos convenios antes citados, especialmente en canto se refire ás súas condicións de outorgamento, validez, suspensión e renovación. Ademais, a Dirección Xeral de Infraestructuras Ferroviarias poderá fixar, mediante a correspondente resolución, as determinacións relativas á formación exigible, a expedición da propia autorización e as probas de valoración da aptitude psicofísica.

Mentres non se formalicen os referidos convenios serán de aplicación as consignas actualmente vixentes en cada un dos casos. En calquera caso, no prazo máximo de doce meses contados a partir da data de entrada en vigor desta orde, as ditas consignas deberán ser actualizadas e adaptadas ao que se establece nela. En caso de estaren formalizados xa os ditos convenios, e sempre que non sexan contraditorios co sinalado nesta disposición adicional, o prazo de actualización e revisión reducirase a seis meses.

Ao persoal ferroviario que, no momento da entrada en vigor desta orde, xa estea realizando funcións de responsabilidade da coordinación da circulación nas conexións dos apartadoiros e derivacións particulares coa rede ferroviaria de interese xeral administrada polo Administrador de Infraestructuras Ferroviarias, expediráselle a referida autorización sen que sexa de aplicación exigencia formativa ningunha, especificando que o seu outorgamento obedece ao establecido nesta disposición adicional.

Disposición adicional terceira. *Recoñecemento das licenzas de maquinistas expedidas por outros Estados membros da Unión Europea.*

1. As licenzas de maquinistas en vigor expedidas polos demais Estados membros da Unión Europea de conformidade coa normativa comunitaria serán válidas no Estado español. Por razóns de seguridade na circulación deberán acreditar o requisito de coñecemento do idioma castelán correspondente ao nivel 3 do anexo VI, número 8, da

Directiva 2007/59, do 23 de outubro, polo cal o maquinista demostre a capacidade de comunicarse de forma que:

- Poida facer fronte a situacións concretas en que exista un elemento imprevisto.
- Poida describir.
- Poida manter unha conversa sinxela.

Coa finalidade de que as comunicacións se realicen de maneira segura e eficaz con todos os seus interlocutores no sistema ferroviario español.

2. A acreditación do coñecemento do idioma castelán a que se refire o número anterior poderase realizar, entre outras formas, a través dun certificado expedido por un centro homologado de formación de persoal ferroviario.

3. A validez das licenzas dos maquinistas expedidas por Estados non membros da Unión Europea dependerá do que se estableza nos correspondentes acordos bilaterais subscritos polo Estado español.

4. Para o recoñecemento das licenzas de maquinista expedidas a cidadáns da Unión Europea nun Estado non membro dela, seralles de aplicación o réxime de recoñecemento das cualificacións profesionais establecido polo Real decreto 1837/2008, do 8 de novembro, que incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2005/36/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de setembro de 2005, e a Directiva 2006/100/CE do Consello, do 20 de novembro de 2006, relativas ao recoñecemento de cualificacións profesionais, así como a determinados aspectos da profesión de avogado.

Disposición adicional cuarta. *Excepcións ao réxime xeral dos certificados ou habilitacións de condución.*

1. Excepcións á exigencia do certificado de condución de infraestrutura. Non se aplicará aos maquinistas que desenvolvan a súa actividade por conta de entidades ferroviarias, o requisito de ser titular dun certificado ou habilitación para unha parte determinada da infraestrutura, sempre que durante a condución aqueles estean acompañados doutro maquinista que posúa o certificado ou habilitación válido requirido para a infraestrutura de que se trate, nos seguintes casos:

- a) Alteración do servizo ferroviario que exixa o desvío de trens ou o mantemento de tramos, especificados polo Administrador de Infraestruturas Ferroviarias.
- b) Servizos excepcionais de carácter único que utilicen trens históricos.
- c) Servizos de mercadorías excepcionais de carácter único, sempre que fose autorizado polo Administrador de Infraestruturas Ferroviarias.
- d) No caso de entrega, demostración e probas técnicas dun tren e dunha locomotora novos.
- e) Para efectos de formación e exame de maquinistas.

Cando se recorra a un maquinista adicional informarase previamente o Administrador de Infraestruturas Ferroviarias.

O recurso a esta posibilidade será decidido pola empresa ferroviaria; e non poderá ser imposto polo Administrador de Infraestruturas Ferroviarias nin pola Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias.

2. Autorizacións excepcionais de condución para novo material rodante. Con independencia da exigencia dos certificados ou habilitacións de condución necesarios para conducir material rodante pola rede ferroviaria de interese xeral administrada polo Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, poderanse outorgar autorizacións excepcionais de condución para novo material rodante nos seguintes casos:

- a) Supostos de novo material rodante en proceso de validación ou fabricación, por parte do fabricante ou en proceso de validación ou de probas, por parte dunha entidade ferroviaria:

Nos procesos de fabricación ou validación que leve a cabo o fabricante, para conducir –en probas ou demostración ou ben para a súa entrega–, material rodante autopropulsado, tren ou locomotora, pola rede ferroviaria de interese xeral administrada polo Administrador de Infraestruturas Ferroviarias; así como para conducir en probas novo material rodante dunha entidade ferroviaria pola dita rede, será preciso que o axente de conducción pertenza a unha entidade ferroviaria e dispoña dunha autorización excepcional outorgado pola entidade ferroviaria por proposta do seu responsable de seguridade na circulación e dun certificado do responsable do fabricante do material en que se exprese que o interesado realizou unha formación adecuada para realizar demostracións, desprazamentos para a entrega ou as probas, segundo os casos.

En todo caso, a conducción amparada polas ditas autorizacións excepcionais estará condicionada ao cumprimento dos requisitos exixibles, conforme a normativa de seguridade na circulación, tanto respecto ao material rodante como respecto á infraestrutura pola cal deberá circular.

b) Suposto de material rodante reformado en proceso de validación.

Para conducir material rodante reformado, en probas do proceso de validación, pola rede ferroviaria de interese xeral administrada polo Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, será preciso que o axente de conducción dispoña dunha autorización excepcional outorgada pola entidade ferroviaria por proposta do seu responsable de seguridade na circulación.

En todo caso, a conducción amparada polas ditas autorizacións excepcionais estará condicionada ao cumprimento dos requisitos exixibles, conforme a normativa de seguridade na circulación, tanto respecto ao material rodante como respecto da infraestrutura pola cal deberá circular.

As autorizacións excepcionais a que se refiren as letras a) e b) anteriores, salvo os supostos que se expidan para casos concretos ou por unha soa vez, expediranse por un prazo máximo de 12 meses, renovables por unha soa vez; e quedarán extinguidas automaticamente polo cumprimento do prazo para o que foron outorgados.

Disposición adicional quinta. *Alteracións das condicións psicofísicas do persoal ferroviario.*

Cando o persoal ferroviario afectado pola orde considere que o seu estado de saúde pon en risco a súa aptitude para o traballo, deberá informar inmediatamente a entidade ferroviaria de que dependa.

Cando a entidade ferroviaria teña coñecemento, por si mesma ou por un médico, de que o estado de saúde do referido persoal se deteriorou ata o punto de pór en risco a súa aptitude para o traballo, adoptará inmediatamente as medidas necesarias, incluídos exames de aptitude psicofísica, e se fose necesario procederá á suspensión ou, de ser o caso, revogación do certificado ou habilitación correspondente e á actualización no seu rexistro. Ademais, tomará as medidas necesarias para que, en ningún momento durante o servizo, se poida ver afectada a súa concentración, atención ou conduta por estar baixo a influencia de calquera substancia que o poida afectar. Nos casos de incapacidade laboral de máis de tres meses informarase de inmediato o Rexistro Especial Ferroviario.

Disposición adicional sexta. *Controis para detección de consumo de alcohol e de indicios analíticos de consumo de drogas de abuso e substancias psicoactivas.*

1. Nas probas iniciais ou periódicas dos certificados de aptitude psicofísica, que se efectúen nos centros de recoñecemento médico homologados, para a obtención e conservación da eficacia dos títulos habilitantes que o requiran, tal e como se establece nesta orde, realizaranse, dentro destas, probas específicas para detectar consumo de alcohol e indicios analíticos de consumo de drogas de abuso e substancias psicoactivas.

2. O Administrador de Infraestruturas Ferroviarias e as empresas ferroviarias, para dar cumprimento á normativa regulamentaria sobre seguridade na circulación ferroviaria,

poderán realizar controis aleatorios para a detección de taxas de alcoholemia e drogas de abuso e substancias psicoactivas entre todo o persoal habilitado por estes.

3. O Ministerio de Fomento e o Administrador de Infraestruturas Ferroviarias no exercicio das facultades de inspección das actividades ferroviarias, que lles confiren o artigo 86 da Lei do sector ferroviario e a súa correlación en materia de investigación de accidentes recollidas no Regulamento do sector ferroviario, poderán ordenar a realización de controis para detectar consumo de alcohol e indicios analíticos de consumo de drogas de abuso e substancias psicoactivas.

Estes controis deberanse realizar no exercicio da súa actividade profesional, e poderanse efectuar ao persoal de circulación, de infraestrutura, de operacións do tren e de conducción que se regula nesta orde.

4. O resultado obtido tras a realización das probas para detectar o consumo de alcohol considerárase positivo cando este supere as taxas de alcoholemia máximas establecidas na disposición adicional décimo primeira do Real decreto 2387/2004, do 30 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do sector ferroviario.

5. O resultado obtido tras a realización das probas para detectar o consumo de drogas de abuso e substancias psicoactivas considerárase positivo se existen indicios analíticos das ditas substancias.

6. En calquera dos casos expresados no número anterior, e para garantir ao interesado a identidade da mostra biolóxica analizada e a idoneidade do resultado obtido, establecerase un procedemento de cadea de custodia das mostras biolóxicas, e acordarase, co laboratorio de análises clínicas, realizar a todas as mostras que resulten positivas unha segunda proba que se considera de confirmación, e que se efectuará cun método analítico distinto, de maior sensibilidade, capaz de validar os resultados obtidos.

7. Se o resultado dunha das probas permite detectar que se excede a taxa máxima de alcohol establecida no Real decreto 2387/2004, do 30 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do sector ferroviario, ou que existen indicios analíticos de consumo de drogas de abuso e/ou substancias psicoactivas, procederase da seguinte forma:

a) Nas probas de valoración de capacidade psicofísica, o suxeito será valorado coa consideración de non apto.

b) Nos controis aleatorios aplicarase o previsto no articulado desta orde, para cada caso, en cada un dos títulos habilitantes que teña a persoa sometida a este control.

Disposición adicional sétima. *Establecemento de itinerarios formativos básicos.*

Corresponderá á Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias, mediante resolución publicada no «Boletín Oficial del Estado», o establecemento dos itinerarios formativos básicos e a carga lectiva mínima que deberán respectar os programas formativos para a obtención das habilitacións e certificados regulados na orde.

No caso de novo material rodante, a Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias autorizará os ditos itinerarios formativos básicos e a carga lectiva mínima, de conformidade coa proposta formulada polas empresas ferroviarias, a través dos seus responsables de seguridade na circulación, que deberán ter previsto, durante o proceso construtivo de novo material rodante o itinerario formativo e a carga lectiva mínima, e formular a correspondente proposta á citada dirección xeral, polo menos cunha antelación de tres meses á previsión de posta en servizo do dito material.

Disposición adicional oitava. *Rexistro e intercambio de información.*

1. No Rexistro Especial Ferroviario anotaranse todos os títulos habilitantes que sexan outorgados, así como as súas actualizacións, renovacións, modificacións, suspensións, revogacións e datas de expiración, e outras circunstancias tales como extravíos, roubo ou destrución destes. Así mesmo, facilitará, logo de solicitude razoada, información sobre a situación dos ditos títulos ás autoridades competentes españolas ou da Unión Europea, ou entidades de que dependa o seu titular. Os titulares poderán acceder, así mesmo, en

calquera momento aos datos propios que constan no Rexistro Especial Ferroviario sobre os referidos títulos habilitantes. Os datos do rexistro serán actualizados periodicamente.

2. As empresas ferroviarias e o Administrador de Infraestruturas Ferroviarias:

a) Levarán un rexistro en que anotarán todos os certificados e habilitacións expedidos, así como as súas actualizacións, renovacións, modificacións, suspensións, revogacións e datas de expiración así como outras circunstancias tales como extravíos, roubo ou destrución. O dito rexistro conterá os datos de cada certificado ou habilitación expedidos, así como os relativos ás verificacións periódicas correspondentes. Os datos do rexistro actualizaranse periodicamente.

b) Colaborarán co Rexistro Especial Ferroviario para intercambiar información e proporcionar a este o acceso aos datos correspondentes.

c) Facilitarán información sobre o contido dos certificados e habilitacións ás autoridades competentes españolas e, se for o caso, dos demais Estados membros da Unión Europea cando así se o requiran como consecuencia das súas actividades transnacionais.

O titular poderá acceder en calquera momento aos datos propios que constan nos rexistros das entidades ferroviarias, así como obter unha copia deles logo de solicitude.

Disposición adicional novena. *Gastos de formación dos maquinistas.*

Cando unha entidade ferroviaria empregue un maquinista cuxa formación fose financiada, en parte ou na súa totalidade, por outra entidade ferroviaria que o maquinista abandonou voluntariamente antes dos dous anos, esta poderá solicitar a aquela ser compensada polo custo da dita formación.

Disposición adicional décima. *Condicións excepcionais de capacidade psicofísica e requisitos médicos.*

Ata o 12 de xaneiro de 2019, ao persoal ferroviario afectado por esta orde seranlle de aplicación, en casos excepcionais autorizados pola Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias, condicións distintas ás establecidas nos anexos desta orde referidos ás condicións de capacidade psicofísica e requisitos médicos. Neste caso a validez das licenzas quedará limitada ao territorio español.

Disposición adicional décimo primeira. *Habilitacións de piloto de seguridade e de operador de maquinaria de infraestruturas.*

Cando unha persoa en posesión da habilitación de piloto de seguridade ou de operador de maquinaria de infraestrutura outorgada ao abeiro do establecido no número 5 do artigo 13 cambie de empresa, o responsable de seguridade na circulación do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias poderá propor, mediante resolución motivada, o outorgamento doutra idéntica sen necesidade de que a citada persoa siga o correspondente curso de formación, sempre que a dita persoa cumpra os requisitos establecidos para o mantemento das mencionadas habilitacións.

Disposición adicional décimo segunda. *Inclusión no sistema de xestión da seguridade.*

Toda empresa ferroviaria ou administrador de infraestrutura ferroviaria, incluírá, conforme esta orde, como parte do seu sistema de xestión da seguridade na circulación, os procedementos de expedición e actualización dos certificados de condución, así como os procedementos de recursos ou impugnación que permitan ao persoal solicitar a revisión dunha decisión relativa á expedición, actualización, suspensión ou retirada do dito certificado. Así mesmo, farase referencia aos requisitos dos exames e examinadores destinados a comprobar as cualificacións requiridas para a obtención dos citados certificados.

Disposición transitoria primeira. *Equivalencia de titulacions académicas para efectos laborais.*

A equivalencia dos estudos académicos exixidos na orde serao para efectos laborais. A Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias poderá recoñecer de forma motivada a equivalencia para efectos laborais das titulacions académicas dos aspirantes á obtención dos títulos habilitantes regulados nesta orde.

Disposición transitoria segunda. *Réxime aplicable ao persoal ferroviario que presta os seus servizos na entidade pública empresarial Ferrocarrís de Vía Estreita (FEVE).*

De acordo co establecido na disposición transitoria quinta da Lei do sector ferroviario, o persoal ferroviario que preste os seus servizos na entidade pública empresarial Ferrocarrís de Vía Estreita (FEVE) continuará rexéndose polo réxime que actualmente lle é de aplicación mentres non se desenvolva un réxime específico para o dito persoal.

Disposición transitoria terceira. *Validación ao persoal de RENFE dos requisitos de nivel académico mínimo exixibles para o acceso á formación para os títulos e habilitacións.*

Para os efectos do regulado nesta orde, establécese, para o persoal que, cando entrou en vigor a Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, pertencía á entidade Rede Nacional dos Ferrocarrís Españóis e que actualmente está integrado nos cadros de persoal das entidades RENFE-Operadora ou Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, un prazo transitorio para a adaptación da súa cualificación profesional, durante o cal, en virtude da experiencia profesional acumulada e dos procesos de formación continua existente nas ditas entidades, lle será considerado validado o cumprimento dos requisitos de nivel académico mínimo previsto nesta orde, para poder acceder á formación que permita a obtención dos títulos de condución e dos diferentes tipos de habilitacións que se regulan nela.

Este prazo transitorio finalizará o 31 de decembro de 2011.

Disposición transitoria cuarta. *Acceso aos títulos de condución do persoal pertencente a outras empresas ferroviarias distintas de RENFE-Operadora.*

O persoal a que se refire a disposición transitoria terceira da Orde FOM/2520/2006, do 27 de xullo, pola que se determinan as condicións para a obtención de títulos e habilitacións que permiten o exercicio das funcións do persoal ferroviario relacionadas coa seguridade, así como o réxime dos centros de formación do dito persoal e dos de valoración da súa aptitude psicofísica, e que no momento en que entre en vigor esta orde non superase as probas correspondentes e que teña dereito a presentarse a novos exames, deberao realizar antes do 31 de decembro de 2011.

Disposición transitoria quinta. *Réxime aplicable ao persoal das entidades prestadoras dos servizos complementarios.*

1. Mentres o Ministerio de Fomento non aprobe, de conformidade coa Lei do sector ferroviario e o Regulamento do sector ferroviario, o réxime xurídico que estableza os requisitos exixibles para a prestación dos servizos complementarios, o Administrador de Infraestruturas Ferroviarias outorgará, se for o caso, ao persoal das entidades que presten tales servizos, as habilitacións que correspondan cando para o exercicio das súas funcións se requira algunha das reguladas por esta orde.

2. As habilitacións outorgadas conforme o disposto no número anterior deixarán de ter validez de conformidade co que se estableza na normativa aprobada para tal efecto polo Ministerio de Fomento.

Disposición transitoria sexta. *Persoal non pertencente a entidades ferroviarias.*

O persoal que non pertenza a unha empresa ferroviaria ou ao Administrador de Infraestruturas Ferroviarias e que, no momento da entrada en vigor desta orde, estea en

posesión da habilitación de operador de maquinaria de infraestrutura e do correspondente título A de conducción, descritos no título V da Orde FOM 2520/2006, do 27 de xullo, poderá continuar exercendo a conducción de vehículos ferroviarios auxiliares por tramos de liña non exclusivos para traballos de infraestrutura, sempre que vaia acompañado dun axente responsable coñecedor da correspondente infraestrutura conforme as condicións que se establezan na normativa de seguridade na circulación.

O persoal que non pertenza a unha empresa ferroviaria ou ao Administrador de Infraestruturas Ferroviarias e que, no momento da entrada en vigor desta orde, estea en posesión da habilitación de operador de vehículos de manobras e do correspondente título A de conducción, descritos no título V da Orde FOM 2520/2006, do 27 de xullo, poderá continuar exercendo as funcións de operador de vehículos de manobras coas mesmas condicións e idénticos requisitos con que as vifa desempeñando.

Disposición transitoria sétima. *Autorizacións para determinado persoal ferroviario.*

Sen prexuízo do previsto no artigo 13.5 desta orde, as persoas alleas ao Administrador de Infraestruturas Ferroviarias que, no momento da súa entrada en vigor, dispoñan dunha autorización de encargo de traballos expedida pola dita entidade, que as faculta para a realización das funcións correspondentes á habilitación de encargo de traballos, regulada no referido artigo 13, manterana a título persoal, mentres cumpran as condicións de validez determinadas no artigo 16.

Nos casos excepcionais, debidamente xustificados, en que non exista persoal habilitado dispoñible da dita entidade, poderase admitir que realicen tal función axentes doutras empresas que se habiliten debidamente como encargados de traballos pola dita entidade. As referidas habilitacións terán unha validez non superior a tres anos.

Disposición transitoria oitava. *Vixencia temporal do título V da Orde FOM 2520/2006, do 27 de xullo.*

O título V da Orde FOM 2520/2006, do 27 de xullo, pola que se determinan as condicións para a obtención de títulos e habilitacións que permiten o exercicio das funcións do persoal ferroviario relacionadas coa seguridade, así como o réxime dos centros de formación do dito persoal e dos de valoración da súa aptitude psicofísica, manterá a súa vixencia ata o día 11 de xaneiro de 2019, data na cal será substituído polo título VI desta orde, todo isto de conformidade co calendario establecido na disposición derradeira terceira.

Disposición transitoria novena. *Adecuación dos títulos habilitantes da actual orde á normativa comunitaria.*

As competencias funcionais, as horas de formación e o resto dos requisitos e condicións establecidos nesta orde para a obtención e o exercicio dos diferentes títulos habilitantes a que se refire esta, acomodaranse, en cada momento, aos que estableza a normativa da Unión Europea.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a Orde FOM 2520/2006, do 27 de xullo, pola que se determinan as condicións para a obtención de títulos e habilitacións que permiten o exercicio das funcións do persoal ferroviario relacionadas coa seguridade, así como o réxime dos centros de formación do dito persoal e dos de valoración da súa aptitude psicofísica, e os seus anexos.

Disposición derradeira primeira. *Horas de formación dos cursos formativos de licenza e certificados do persoal de conducción.*

A resolución da Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias a que se refire o número 2 do artigo 30 desta orde será publicada no «Boletín Oficial del Estado» antes do 1 de xullo 2011 para as licenzas e certificados do persoal de conducción que preste servizos

transfronteirizos; e antes do 1 de xullo de 2013 para as licenzas e certificados do persoal de condución que preste os demais servizos ferroviarios.

Disposición derradeira segunda. *Adaptación de denominacións.*

As referencias feitas ao responsable técnico de mantemento de material rodante ferroviario, conforme a denominación realizada pola Orde FOM/2520/2006, do 27 de xullo, pola que se determinan as condicións para a obtención de títulos e habilitacións que permiten o exercicio das funcións do persoal ferroviario relacionadas coa seguridade, así como o réxime dos centros de formación do dito persoal e dos de valoración da súa aptitude psicofísica, deberanse entender feitas no sucesivo ao responsable de control de mantemento de material rodante ferroviario regulada nesta orde.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

1. Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», coa excepción do título VI que o será conforme o calendario seguinte:

a. A partir do 12 de xaneiro de 2012: para o outorgamento das licenzas e certificados de condución para a realización de transporte internacional de viaxeros, incluída, de ser o caso, a realización de cabotaxe, ou de transporte internacional de mercadorías.

A partir desa mesma data os maquinistas que desenvolven a súa actividade nos servizos de transporte anteriores deberán cumprir o recollido nesta orde en relación co cumprimento das verificacións periódicas.

b. A partir do 12 de xaneiro de 2014, o outorgamento das novas licenzas e certificados de condución realizarase de conformidade co establecido nesta orde.

c. Respecto dos títulos e habilitacións de condución expedidos de acordo coa Orde FOM 2520/2006, do 27 de xullo, seguirase o seguinte proceso de troca:

c.1 Títulos de condución de categoría A e habilitacións de condución correspondentes. A partir do 1 de xaneiro de 2014 procederase a trocar os títulos de condución de categoría A e as habilitacións de condución polas correspondentes licenzas de maquinista e certificados de categoría A, acordes con esta orde. O calendario que regulará o dito proceso de troca será establecido pola Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias antes do 1 de outubro de 2013. Este proceso deberá estar concluído antes do 1 de abril de 2015.

c.2 Títulos de condución de categoría B e habilitacións de condución correspondentes. A partir do 1 de xaneiro de 2017 procederase a trocar os títulos de condución de categoría B e as habilitacións de condución polas correspondentes licenzas de maquinista e certificados de categoría B, acordes con esta orde. O calendario que regulará o dito proceso de troca será establecido pola Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias antes do 1 de xullo de 2016. Este proceso deberá estar concluído antes do 12 de xaneiro de 2019.

c.3 A licenza de maquinista será expedida pola Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias e os certificados de categoría A e B pola entidade ferroviaria en que estea empregado o traballador. Ambos os documentos deberán facer mención expresa a esta disposición derradeira terceira, así como tamén á norma legal ou regulamentaria que amparou o outorgamento do correspondente título de condución.

d. Ao persoal en formación que con anterioridade ao 12 de xaneiro de 2012 iniciase un curso formativo de condución para os servizos a que se refire a letra a) anterior obterá, se for o caso, os correspondentes títulos e habilitacións de conformidade co establecido na indicada Orde FOM 2520/2006.

e. Ao persoal en formación que con anterioridade ao 12 de xaneiro de 2014 iniciase un curso formativo de condución para os servizos a que se refire a letra b) anterior, obterán, se for o caso, os correspondentes títulos e habilitacións de conformidade co establecido na citada Orde FOM 2520/2006.

2. Ata entón seguirá vixente o título V da Orde FOM 2520/2006, do 27 de xullo, pola que se determinan as condicións para a obtención de títulos e habilitacións que permiten o exercicio das funcións do persoal ferroviario relacionadas coa seguridade, así como o réxime dos centros de formación do dito persoal e dos de valoración da súa aptitude psicofísica. O dito título perderá a súa vixencia, en cada un dos supostos indicados nas letras a) á e) do número anterior, nas datas que se indican nas citadas letras para cada suposto.

3. A referencia que se fai á licenza de condución nos artigos 13.4 e 19.4, correspondentes á habilitación de operador de maquinaria de infraestrutura e de operador de vehículos de manobras, respectivamente, entenderase feita tamén ao título de condución de categoría A regulado na citada Orde 2520/2006 ata o límite temporal indicado na letra c) do número 1 anterior.

Disposición derradeira cuarta. *Autorización á Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias.*

A Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias adoptará as medidas necesarias para o cumprimento e aplicación desta orde e resolverá as dúbidas que en relación coa súa interpretación se poidan suscitar.

Madrid, 5 de novembro de 2010.–O ministro de Fomento, José Blanco López.

ANEXO I

Condições de capacidade psicofísica para a certificación de valoración de aptitude do persoal de circulación

Requisitos xerais:

Non deberán padecer enfermidade nin tomar medicación, drogas ou substancias que poidan provocar os seguintes efectos:

Perda repentina da conciencia;
Diminución da atención ou concentración;
Incapacidade repentina;
Perda do equilibrio ou da coordinación;
Limitación significativa da mobilidade.

Visión:

a) Agudeza visual ao lonxe: 0,800 con ambos os ollos en visión binocular, cun mínimo de 0,300 no ollo peor, con ou sen corrección (escala decimal de visión ao lonxe).

b) Se se precisa utilizar dispositivos correctores para alcanzar a agudeza visual requirida, deberá levar dispoñible un reposto da súa corrección.

c) Máxima corrección permitida: hipermetropía +5 dioptrías/miopía -8 dioptrías.

d) Está permitida a utilización de lentes de contacto, coa condición de que non sexan coloreadas nin fotocromáticas. As lentes de contacto provistas de filtro UV están autorizadas.

e) Agudeza visual intermedia e próxima: suficiente, sen ou con corrección.

f) Outras condicións:

1.º Sentido cromático normal co test de Ishihara e, se é necesario, confirmado con outra proba.

2.º Tempo de resposta ao cegamento normal.

3.º Sentido luminoso normal.

4.º Visión estereoscópica normal.

5.º Campo visual completo.

6.º Integridade dos ollos e os seus anexos.

7.º Fusión presente.

8.º Non padecer enfermidade progresiva dos órganos da visión.

9.º En caso de implantes e/ou cirurxía refractiva deberán transcorrer seis meses antes de ser valorado de novo, en todo caso deberá presentar informe oftalmolóxico favorable.

Audición:

a) Audición suficiente, sen ou con prótese auditiva, confirmada por un audiograma, isto é, audición suficiente para manter unha conversa telefónica e ser capaz de oír tonalidades de alerta e mensaxes de radio.

b) Audiometría tonal liminar:

1.º Perda media calculada coa media aritmética das perdas a 500, 1.000 e 2.000 Hz que cumpra a seguinte condición:

Non superar os 40 dB H.L. en ningún dos oídos. Só se permitirá alcanzar os 45 dB H.L. no oído con peor audición, cando no outro oído non se superen os 30 dB H.L.

2.º Perda a 4.000 Hz que cumpra a seguinte condición:

Non superar os 60 dB H.L. en ningún dos oídos. Só se permitirá alcanzar os 70 dB H.L. no oído con peor audición, cando no outro oído non se superen os 50 dB. H.L.

c) Outras condicións otorrinolaringolóxicas:

1.º Non padecer alteracións crónicas da fala que dificulten a comunicación verbal suficientemente potente e clara.

2.º Non padecer anomalías nin enfermidade do sistema vestibular.

Capacidade psicolóxica:

A capacidade psicolóxica para o desempeño das súas tarefas con criterios de seguridade establecerase con base na avaliación das seguintes aptitudes:

a) Cognitiva (atención, concentración, memoria, razoamento, percepción, comunicación).

b) Psicomotora (velocidade de reacción, coordinación psicomotora).

c) Comportamento-personalidade (autocontrol emocional, fiabilidade comportamental, responsabilidade, psicopatoloxía, autonomía).

ANEXO II

Condicións de capacidade psicofísica para a certificación de valoración de aptitude do persoal de infraestrutura

Requisitos xerais:

Non deberán padecer enfermidade nin tomar medicación, drogas ou substancias que poidan provocar os seguintes efectos:

Perda repentina da conciencia;
Diminución da atención ou concentración;
Incapacidade repentina;
Perda do equilibrio ou da coordinación;
Limitación significativa da mobilidade.

1. Para o caso do encargado de traballos e do piloto de seguridade na circulación:

Visión:

a) Agudeza visual ao lonxe: 0,800 con ambos os ollos en visión binocular, cun mínimo de 0,300 no ollo peor, con ou sen corrección (escala decimal de visión ao lonxe).

b) Se se precisa utilizar dispositivos correctores para alcanzar a agudeza visual requirida, deberá levar dispoñible un reposto da súa corrección.

c) Máxima corrección permitida: hipermetropía +5 dioptrías/miopía -8 dioptrías.

d) Está permitida a utilización de lentes de contacto, coa condición de que non sexan coloreadas nin fotocromáticas. As lentes de contacto provistas de filtro UV están autorizadas.

e) Agudeza visual intermedia e próxima: suficiente, sen ou con corrección.

f) Outras condicións:

1.º Sentido cromático normal co test de Ishihara e, se é necesario, confirmado con outra proba.

2.º Tempo de resposta ao cegamento normal.

3.º Sentido luminoso normal.

4.º Visión estereoscópica normal.

5.º Campo visual completo.

6.º Integridade dos ollos e os seus anexos.

7.º Fusión presente.

8.º Non padecer enfermidade progresiva dos órganos da visión.

9.º En caso de implantes e/ou cirurxía refractiva deberán transcorrer polo menos seis meses antes de ser valorado de novo, en todo caso deberá presentar informe oftalmolóxico favorable.

Audición:

a) Audición suficiente, sen ou con prótese auditiva, confirmada por un audiograma, isto é, audición suficiente para manter unha conversa telefónica e ser capaz de oír tonalidades de alerta e mensaxes de radio.

b) Audiometría tonal liminar:

1.º Perda media calculada coa media aritmética das perdas nas frecuencias de 500, 1.000 e 2.000 Hz que cumpra as seguintes condicións.

2.º Non superar os 40 dB H.L. en ningún dos oídos. Só se permitirá alcanzar os 45 dB H.L. no oído con peor audición, cando no outro oído non se superen os 30 dB H.L.

3.º Perda a 4.000 Hz:

Non superar os 60 dB H.L. en ningún dos oídos. Só se permitirá alcanzar os 70 dB H.L. no oído con peor audición, cando no outro oído non se superen os 50 dB H.L.

c) Outras condicións otorrinolaringolóxicas:

1.º Non padecer alteracións crónicas da fala que dificulten a comunicación verbal suficientemente potente e clara.

2.º Non padecer anomalías nin enfermidade do sistema vestibular.

Capacidade psicolóxica:

A capacidade psicolóxica para o desempeño das súas tarefas con criterios de seguridade establecerase con base na avaliación das seguintes aptitudes:

a) Cognitiva (atención, concentración, memoria, razoamento, percepción, comunicación).

b) Psicomotora (velocidade de reacción, coordinación psicomotora).

c) Comportamento-personalidade (autocontrol emocional, fiabilidade comportamental, responsabilidade, psicopatoloxía, autonomía).

2. Para o caso do operador de maquinaria de infraestrutura:

Ademais das condicións exixidas para os casos anteriores deberá cumprir as seguintes condicións adicionais, que as modifican ou complementan:

Visión:

a) Agudeza visual ao lonxe: 0,800 con ambos os ollos en visión binocular, cun mínimo de 0,500 no ollo peor, con ou sen corrección (escala decimal de visión ao lonxe).

b) Máxima corrección permitida: hipermetropía +5 dioptrías/miopía -8 dioptrías.

Audición:

a) Audición suficiente, confirmada por un audiograma, isto é, audición suficiente para manter unha conversa telefónica e ser capaz de oír tonalidades de alerta e mensaxes de radio.

b) Outras condicións otorrinolaringolóxicas:

En casos especiais, está permitido o uso de próteses auditivas.

ANEXO III

Condicións de capacidade psicofísica para a certificación de valoración de aptitude do persoal de operacións do tren

Requisitos xerais:

Non deberán padecer enfermidade nin tomar medicación, drogas ou substancias que poidan provocar os seguintes efectos:

- Perda repentina da conciencia;
- Diminución da atención ou concentración;
- Incapacidade repentina;
- Perda do equilibrio ou da coordinación;
- Limitación significativa da mobilidade.

1. Para o caso do auxiliar de operacións do tren.

Visión:

a) Agudeza visual ao lonxe: 0,700 con ambos os ollos en visión binocular, cun mínimo de 0,300 no ollo peor, con ou sen corrección (escala decimal de visión ao lonxe).

b) Se se precisa utilizar dispositivos correctores para alcanzar a agudeza visual requirida, deberá levar dispoñible un reposto da súa corrección.

c) Máxima corrección permitida: hipermetropía +5 dioptrías/miopía -8 dioptrías.

d) Está permitida a utilización de lentes de contacto, coa condición de que non sexan coloreadas nin fotocromáticas. As lentes de contacto provistas de filtro UV están autorizadas.

e) Agudeza visual intermedia e próxima: suficiente, sen ou con corrección.

f) Outras condicións:

1.º Visión binocular presente.

2.º Sentido luminoso normal.

3.º Campo visual completo.

4.º Integridade dos ollos e os seus anexos.

5.º Fusión presente.

6.º Non padecer enfermidade progresiva dos órganos da visión.

7.º En caso de implantes oculares e/ou cirurxía refractiva deberán transcorrer polo menos seis meses para ser valorado de novo, e en todo caso deberá presentar informe oftalmolóxico favorable.

Audición:

a) Audición suficiente, sen ou con prótese auditiva, confirmada por un audiograma, isto é, audición suficiente para manter unha conversa telefónica e ser capaz de oír tonalidades de alerta e mensaxes de radio.

b) Audiometría tonal liminar:

1.º Perda media calculada coa media aritmética das perdas nas frecuencias de 500, 1.000 e 2.000 Hz que cumpra as seguintes condicións.

2.º Non superar os 45 dB H.L. en ningún dos oídos. Só se permitirá alcanzar os 50 dB H.L. no oído con peor audición, cando no outro oído non se superen os 40 dB H.L.

3.º Perda a 4.000 Hz:

Non superar os 65 dB H.L. en ningún dos oídos. Só se permitirá alcanzar os 75 dB H.L. no oído con peor audición, cando no outro oído non se superen os 55 dB H.L.

c) Outras condicións otorrinolaringolóxicas:

1.º Non padecer alteracións crónicas da fala que dificulten a comunicación verbal suficientemente potente e clara.

2.º Non padecer anomalías nin enfermidade do sistema vestibular.

Sistema locomotor:

Estado anatómico e funcional do sistema locomotor que permita a realización correcta das tarefas do seu posto de traballo.

Aparello respiratorio:

- a) Non padecer enfermidade obstrutiva crónica mal controlada.
- b) Non padecer apnea do sono non controlada adecuadamente.

Sistema nervioso:

a) Non padecer afeccións que cursen con ataques convulsivos, tremores, incoordinación de movementos, trastornos da marcha, perdas bruscas de coñecemento ou alteracións do nivel de consciencia.

b) Non padecer epilepsia en ningunha das súas formas.

Psiquismo e outros:

- a) Non padecer enfermidade mental.
- b) Non padecer enfermidade alcohólica crónica.
- c) Non presentar indicios analíticos de consumo de drogas de abuso.
- d) Non estar baixo tratamento con substancias psicoactivas capaces de alterar o nivel de conciencia, a capacidade de concentración, de vixilancia, o comportamento, o equilibrio, a coordinación ou a mobilidade.

e) Non padecer diabetes insulín dependente nin diabetes tipo II con afectación sistémica ou mal controlada ou tratada con fármacos potencialmente hipoglicemiantes.

Capacidade psicolóxica:

A capacidade psicolóxica para o desempeño das súas tarefas con criterios de seguridade establecerase con base na avaliación das seguintes aptitudes:

- a) Cognitiva (atención, concentración, memoria, razoamento, percepción, comunicación).
- b) Psicomotora (velocidade de reacción, coordinación psicomotora).
- c) Comportamento-personalidade (autocontrol emocional, fiabilidade comportamental, responsabilidade, psicopatoloxía, autonomía).

2. Para o caso do cargador:

Visión:

a) Agudeza visual ao lonxe: 0,700 con ambos os ollos en visión binocular, cun mínimo de 0,300 no ollo peor, con ou sen corrección (escala decimal de visión ao lonxe).

b) Se se precisa utilizar dispositivos correctores para alcanzar a agudeza visual requirida, deberá levar dispoñible un reposto da súa corrección.

c) Máxima corrección permitida: hipermetropía +5 dioptrías/miopía -8 dioptrías.

d) Está permitida a utilización de lentes de contacto, coa condición de que non sexan coloreadas nin fotocromáticas. As lentes de contacto provistas de filtro UV están autorizadas.

e) Agudeza visual intermedia e próxima: suficiente, sen ou con corrección.

f) Outras condicións:

1.º Visión binocular presente.

- 2.º Sentido luminoso normal.
- 3.º Campo visual completo.
- 4.º Integridade dos ollos e os seus anexos.
- 5.º Fusión presente.
- 6.º Non padecer enfermidade progresiva dos órganos da visión.
- 7.º En caso de implantes oculares e/ou cirurxía refractiva deberán transcorrer polo menos seis meses para ser valorado de novo, e en todo caso deberá presentar informe oftalmolóxico favorable.

g) Outras condicións: estará permitida a visión nun só ollo sempre que a agudeza visual sexa, polo menos, 0,800, sen ou con corrección, e requirirase o resto de «outras condicións do auxiliar de operacións do tren» de igual forma pero adaptadas cando se dea esta circunstancia.

Audición:

a) Audición suficiente, sen ou con prótese auditiva, confirmada por un audiograma, isto é, audición suficiente para manter unha conversa telefónica e ser capaz de oír tonalidades de alerta e mensaxes de radio.

b) Audiometría tonal liminar:

1.º Perda media calculada coa media aritmética das perdas nas frecuencias de 500, 1.000 e 2.000 Hz que cumpra as seguintes condicións.

2.º Non superar os 45 dB H.L. en ningún dos oídos. Só se permitirá alcanzar os 50 dB H.L. no oído con peor audición, cando no outro oído non se superen os 40 dB H.L.

3.º Perda a 4.000 Hz:

Non superar os 65 dB H.L. en ningún dos oídos. Só se permitirá alcanzar os 75 dB H.L. no oído con peor audición, cando no outro oído non se superen os 55 dB H.L.

c) Outras condicións otorrinolaringolóxicas:

1.º Non padecer alteracións crónicas da fala que dificulten a comunicación verbal suficientemente potente e clara.

2.º Non padecer anomalías nin enfermidade do sistema vestibular.

3.º Para o caso do operador de vehículos de manobras:

Ademais das condicións exixidas para os casos anteriores deberá cumprir as seguintes condicións adicionais, que as modifican ou complementan:

Visión:

a) Agudeza visual ao lonxe: 0,800 con ambos os ollos en visión binocular, cun mínimo de 0,500 no ollo peor, con ou sen corrección (escala decimal de visión ao lonxe).

b) Máxima corrección permitida: hipermetropía +5 dioptrías/miopía -8 dioptrías.

c) Outras condicións:

1.º Sentido cromático normal co test de Ishihara e, se é necesario, confirmado con outra proba.

2.º Tempo de resposta ao cegamento normal.

3.º Sentido luminoso normal.

4.º Visión estereoscópica normal.

5.º Campo visual completo.

6.º Integridade dos ollos e os seus anexos.

7.º Fusión presente.

8.º Non padecer enfermidade progresiva dos órganos da visión.

9.º En caso de implantes e/ou cirurxía refractiva deberán transcorrer seis meses antes de ser valorado de novo, en todo caso deberá presentar informe oftalmolóxico favorable.

Audición:

a) Audición suficiente, confirmada por un audiograma, isto é, audición suficiente para manter unha conversa telefónica e ser capaz de oír tonalidades de alerta e mensaxes de radio.

b) Audiometría tonal liminar:

1.º Perda media calculada coa media aritmética das perdas nas frecuencias de 500, 1.000 e 2.000 Hz que cumpra as seguintes condicións.

2.º Non superar os 40 dB H.L. en ningún dos oídos. Só se permitirá alcanzar os 45 dB H.L. no oído con peor audición, cando no outro oído non se superen os 30 dB H.L.

3.º Perda a 4.000 Hz:

Non superar os 60 dB H.L. en ningún dos oídos. Só se permitirá alcanzar os 70 dB H.L. no oído con peor audición, cando no outro oído non se superen os 50 dB H.L.

c) Outras condicións otorrinolaringolóxicas:

En casos especiais, está permitido o uso de próteses auditivas.

ANEXO IV

Condicións de capacidade psicofísica para a certificación de valoración de aptitude do persoal de condución

Requisitos xerais:

Non se deberá padecer enfermidade nin tomar medicación, drogas ou substancias que poidan provocar os seguintes efectos:

Perda repentina da conciencia;
Diminución da atención ou concentración;
Incapacidade repentina;
Perda do equilibrio ou da coordinación;
Limitación significativa da mobilidade.

1. Visión:

Agudeza visual ao lonxe, con ou sen corrección: 1,0; mínimo 0,5 para o ollo de menor visión;

Lentes de contacto correctoras máximas: hipermetropía +5, miopía -8. Autorizaranse excepcións en casos especiais e tras ditame dun oftalmólogo. A decisión última corresponderá ao médico;

Visión próxima e intermedia: suficiente, con ou sen corrección;

Autorízanse as lentes de contacto e as lentes sempre que sexan sometidas ao control periódico dun especialista;

Visión de cores normal: utilización dunha proba recoñecida, como a de Ishihara, complementada con outra proba recoñecida, en caso necesario;

Campo de visión: completo;

Visión polos dous ollos: efectiva. Non é necesaria en persoas con adaptación adecuada e unha experiencia de compensación suficiente. Unicamente en caso de perda da visión binocular unha vez iniciado o traballo;

Visión binocular: efectiva;

Recoñecemento de sinais das cores: a proba deberase basear no recoñecemento de cores por separado e non de diferenzas relativas;

Sensibilidade ao contraste: boa;

Ausencia de enfermidades dexenerativas do ollo;

Só se permitirán implantes oculares, queratomías e queratectomías coa condición de que sexan obxecto de recoñecemento a intervalos anuais ou segundo a periodicidade decidida polo médico;

Capacidade de resistencia ao cegamento;

Non están autorizadas as lentes de contacto de cor nin as lentes fotocromáticas. Autorízanse as lentes con filtro UV.

2. Audición:

a) Audición suficiente, confirmada por un audiograma, isto é:

Audición suficiente para manter unha conversa telefónica e ser capaz de oír tonalidades de alerta e mensaxes de radio.

b) Audiometría tonal liminar:

1.º A perda auditiva non deberá ser superior a 40 dB a 500 e 1.000 Hz;

2.º A perda auditiva non deberá ser superior a 45 dB a 2.000 Hz para o oído de peor condución aérea;

3.º Perda aos 4.000 Hz. A perda a 4000 Hz non superará os 60 dB H.L. en ningún dos oídos. Só se permitirá alcanzar os 70 dB H.L. no oído con peor audición, cando no outro oído non se superen os 50 dB. H.L.

c) Outras condicións otorrinolaringolóxicas:

Non padecer alteracións crónicas da fala que dificulten a comunicación verbal suficientemente potente e clara.

Ningunha anomalía do sistema vestibular.

En casos especiais, está permitido o uso de próteses auditivas.

3. Capacidade psicolóxica: a capacidade psicolóxica para o desempeño das súas tarefas con criterios de seguridade establecerase con base na avaliación das seguintes aptitudes:

a) Cognitiva (atención, concentración, memoria, razoamento, percepción, comunicación).

b) Psicomotora (velocidade de reacción, coordinación psicomotora).

c) Comportamento-personalidade (autocontrol emocional, fiabilidade comportamental, responsabilidade, psicopatoloxía, autonomía).

Utilizaranse test de valoración de capacidade psicolóxica (psicotécnicos).

4. Embarazo: deberanse aplicar as disposicións legais de protección das maquinistas embarazadas. En casos de mala tolerancia ou patoloxía, o embarazo poderá ser considerado como unha causa provisional e transitoria de exclusión da maquinista.

5. Contidos mínimos do recoñecemento:

5.1 Recoñecementos médicos.

Recoñecemento médico xeral;

Exame de funcións sensoriais (visión, audición, percepción de cores);

Análises de sangue e urina, con busca, entre outras cousas, da diabetes mellitus, na medida en que sexan necesarias para valorar a aptitude física do candidato;

Electrocardiograma (ECG) en repouso;

Detección de substancias psicotrópicas como drogas ilícitas ou tratamento médico psicotrópico e o consumo de alcohol, que cuestionen a aptitude para o traballo.

5.2 Capacidade psicolóxica e exames psicolóxicos: a capacidade psicolóxica para o desempeño das súas tarefas con criterios de seguridade establecerase a partir da avaliación das seguintes aptitudes:

- a) Cognitiva (atención, concentración, memoria, razoamento, percepción, comunicación).
- b) Psicomotora (velocidade de reacción, coordinación psicomotora).
- c) Comportamento-personalidade (autocontrolemocional, fiabilidade comportamental, responsabilidade, psicopatoloxía, autonomía).

O obxectivo dos exames psicolóxicos é axudar na designación e xestión do persoal ferroviario. Na determinación do contido da avaliación psicolóxica, o exame deberá avaliar que o aspirante ou persoal ferroviario non revela deficiencias psicolóxicas, en particular en aptitudes operativas ou en calquera factor pertinente da personalidade que poidan afectar a execución segura das súas funcións. Na avaliación psicolóxica poderanse utilizar ademais exercicios de test.

6. Recoñecementos periódicos ao maquinista. Contido mínimo do recoñecemento psicofísico periódico:

Os recoñecementos periódicos deberán incluír como mínimo:

- Recoñecemento médico xeral;
- Exame de funcións sensoriais (visión, audición, percepción de cores);
- Análises de sangue e urina para a detección de diabetes mellitus e outros estados que indique o exame clínico;
- Detección de substancias psicotrópicas como drogas ilícitas ou tratamento médico psicotrópico e o consumo de alcohol.
- Realizarse, ademais, un ECG en repouso aos maquinistas maiores de 40 anos.
- Valoración da capacidade psicolóxica. O desempeño das tarefas con criterios de seguridade establecerase a partir da avaliación das seguintes aptitudes:

- a) Cognitiva (atención, concentración, memoria, razoamento, percepción, comunicación).
- b) Psicomotora (velocidade de reacción, coordinación psicomotora).
- c) Comportamento-personalidade (autocontrolemocional, fiabilidade comportamental, responsabilidade, psicopatoloxía, autonomía).

Utilizaranse test de valoración de capacidade psicolóxica (psicotécnicos).

ANEXO V

Programa de formación e probas de avaliación de maquinistas

V.1) Programa de formación:

I. Principios xerais:

Con carácter xeral, o programa de formación gardará un correcto equilibrio entre a formación teórica (aula e demostracións) e práctica (experiencia de traballo, conducción con supervisión e conducción sen supervisión en vía bloqueada da rede ferroviaria de interese xeral con fins de formación).

Será posible a formación asistida por ordenador para a aprendizaxe individual das normas de explotación, situacións de sinalización, etc., así como a utilización de simuladores, especialmente para a recreación e situacións degradada.

Polo que respecta á adquisición de coñecementos sobre unha liña, poderase considerar o sistema en que un maquinista vaia acompañado por outro maquinista durante un número adecuado de traxectos ao longo da dita liña; e é posible utilizar como métodos de formación

alternativos, entre outros, gravacións dos itinerarios realizadas desde a cabina do maquinista.

II. Coñecementos profesionais xerais e prescricións relativas á licenza:

A formación xeral terá os seguintes obxectivos:

Adquisición de coñecementos e práctica de técnicas ferroviarias, en particular os principios de seguridade e o espírito en que se basea a normativa en materia de explotación.

Adquisición de coñecementos e práctica sobre os riscos relacionados coa explotación ferroviaria e os medios para controlalos.

Adquisición de coñecementos e práctica sobre os principios reitores dun ou de varios modos de explotación.

Adquisición de coñecementos e práctica sobre os trens, a súa composición e os requisitos técnicos das máquinas motrices, vagóns, coches e demais material rodante.

En particular, o maquinista deberá poder:

Entender as condicións concretas da actividade do maquinista, o seu interese e as súas exixencias tanto no plano profesional como persoal (xornadas de traballo especiais, ausencia do domicilio, etc.).

Aplicar as regras de seguridade do persoal.

Identificar o material rodante.

Coñecer e aplicar con precisión un método de traballo.

Identificar os distintos documentos de referencia e aplicación (Manual de procedementos e Libro horario dos trens, tal como se definen na ETI de «Explotación», Manual de conducción, Guía de reparación de avarías, etc.).

Aprender comportamentos que sexan compatibles co desempeño de responsabilidades esenciais de seguridade.

Coñecer a existencia de procedementos aplicables en caso de accidente con vítimas.

Distinguir os riscos relacionados coa explotación ferroviaria en xeral.

Coñecer a existencia dos diversos principios da seguridade da circulación.

Aplicar os principios básicos da electrotecnia.

Coñecer as actuacións establecidas para situacións degradadas de seguridade na circulación.

III. Coñecementos profesionais xerais e prescricións relativos aos certificados:

A. Certificados referidos para a conducción de vehículos de categoría A

A.1 Con respecto ao material rodante: ao finalizar a formación específica relativa ao material rodante, o maquinista deberá poder realizar satisfactoriamente as seguintes tarefas:

1. Probas e verificacións prescritas antes da saída e ao comezo do servizo de manobras: o maquinista deberá poder:

Procurar a documentación e equipamento necesarios.

Comprobar as prestacións da unidade motriz.

Comprobar as indicacións que figuren nos documentos a bordo da unidade motriz.

Asegurarse, realizando as probas e comprobacións previstas, de que a unidade motriz está en condicións de asegurar o remolque do tren e dos vagóns na manobra, e de que funcionan os dispositivos de seguridade.

Comprobar a dispoñibilidade e operatividade dos equipamentos de protección e seguridade obrigatorios con anterioridade ás substitucións de locomotora e inicios de viaxe ou servizo da manobra.

Realizar as operacións correntes de mantemento preventivo.

2. Coñecementos do material rodante: para conducir a unidade motriz, o maquinista deberá coñecer a totalidade dos sistemas de mando e indicadores postos á súa disposición, en particular os relacionados con:

- A tracción.
- A freada.
- Os dispositivos relacionados coa seguridade da circulación.

Para poder detectar e localizar unha anomalía do material rodante, sinalala e determinar as condicións de continuación da marcha ou servizo da manobra así como, en determinados casos, efectuar unha intervención, o maquinista deberá coñecer:

- As estruturas mecánicas.
- Os órganos de suspensión e conexión.
- Os órganos de rodadura.
- Os equipamentos de seguridade.
- Os depósitos de combustible, dispositivos de alimentación de combustible e órganos de escape.
- O dispositivo de marcación que figura no interior e no exterior do material, especialmente os símbolos utilizados para o transporte de mercadorías perigosas.
- Os sistemas eléctricos e pneumáticos.
- Os órganos de captación e circuitos de alta tensión.
- Os medios de comunicación (radio, telefonía, sinais visuais, sinais auditivos, etc.).
- Os órganos de freada.
- Os elementos particulares das unidades motrices.

3. Probas de freada: o maquinista deberá ser capaz de:

Verificar e calcular, antes da saída do tren ou servizo da manobra, que a potencia de freada deste, tal e como vén especificada nos documentos dos vehículos, corresponde á potencia de freada prescrita para a infraestrutura e ámbitos ferroviarios.

Verificar o funcionamento dos diversos compoñentes do sistema de freada da unidade motriz e do tren, segundo proceda, antes de toda posta en movemento, na posta en servizo e en marcha.

4. Condución do tren ou da manobra de maneira que non se deteriorenen as instalacións nin os vehículos: o maquinista deberá ser capaz de:

Utilizar todos os dispositivos de mando e control que estean á súa disposición, segundo as regras aplicables.

Arrincar o tren respectando as limitacións relativas á adherencia e a potencia.

Utilizar, sempre que sexa posible, o freo con prudencia para reducir a velocidade e deter o tren, respectando o material rodante e as instalacións.

5. Anomalías: o maquinista deberá:

Ser capaz de estar atento aos acontecementos inusuais relacionados coa condución do tren.

Coñecer os medios de protección e comunicación dispoñibles.

6. Incidentes e accidentes de explotación, incendios e accidentes con vítimas: o maquinista deberá coñecer os procedementos de evacuación do tren, da terminal ou estación de clasificación en caso de emerxencia.

7. Condicións de continuación da marcha despois dun incidente que afecte o material rodante: despois dun incidente, o maquinista deberá ser capaz de avaliar se o material pode seguir circulando e en que condicións, de tal forma que notifique esas condicións o antes posible ao administrador de infraestruturas ferroviarias e á súa empresa ferroviaria.

O maquinista deberá ser capaz de determinar se é necesaria a avaliación dun perito antes de que o tren poida continuar a marcha.

8. Inmobilización do tren ou da manobra: o maquinista deberá ser capaz de tomar as medidas necesarias para evitar que o tren ou a manobra, ou partes do tren, se poñan en marcha ou en movemento intempestivamente, mesmo nas condicións máis desfavorables.

Ademais, o maquinista deberá coñecer as medidas para deter un tren, manobra ou partes dun tren, en caso de que se poñan en movemento intempestivamente.

A.2 Con respecto á infraestrutura: ao finalizar a formación específica relativa á infraestrutura, o maquinista deberá poder realizar satisfactoriamente as seguintes tarefas:

1. Probas de freada: o maquinista deberá ser capaz de verificar e calcular, antes da saída do tren ou da manobra, que a potencia de freada destes, tal e como vén especificada nos documentos dos vehículos, corresponde á potencia de freada prescrita para a liña ou manobra.

2. Tipo de marcha e velocidade máxima do tren en función das características da liña, terminal ou estación de clasificación.

O maquinista deberá ser capaz de:

a) Ter en conta as informacións que se lle transmitan, ordes relacionadas coa manobra, limitacións de velocidade ou as indicacións que ofrezan os sinais.

b) Determinar o tipo de marcha e a velocidade máxima asignada ao tren, en función das características da infraestrutura ferroviaria e do tren.

3. Coñecemento da liña, terminal ou estación de clasificación: o maquinista deberá ser capaz de prever e reaccionar correctamente en termos de seguridade e doutros aspectos funcionais, como a puntualidade e os aspectos económicos. En consecuencia, deberá coñecer ben as liñas, terminais ou estacións de manobras, así como as instalacións ferroviarias que recorra, mesmo chegado o caso, os itinerarios alternativos convidados.

Son importantes os seguintes aspectos:

As condicións de explotación (realización de manobras, cambios de vía, circulación nun só sentido, etc.).

A realización dun itinerario e a consulta dos documentos correspondentes.

A determinación das vías utilizables para o tipo de circulación considerado.

As normas de circulación aplicables e o significado do sistema de sinalización.

O réxime de explotación.

O sistema de bloqueo e regulamentación asociada.

Nome, situación e localización a distancia de estacións e postos de explotación, co fin de prever a condución.

A sinalización de transición entre os distintos sistemas de explotación ou alimentación de enerxía.

As velocidades máximas para as distintas categorías de trens conducidos polo axente.

As condicións particulares de freada, tales como as aplicables en liñas de forte pendente.

As particularidades de explotación: sinais ou paneis específicos, condicións de saída, etc.

4. Normas de seguridade: o maquinista deberá ser capaz de:

Realizar movementos de manobras, cando as condicións de seguridade se cumbran.

Pór o tren en marcha soamente se se reúnen as condicións regulamentarias (horario, orde ou sinal de saída, apertura de sinais, etc.).

Observar a sinalización (lateral ou en cabina), descodificala sen dúbidas nin erros e levar a cabo as accións prescritas.

Circular con total seguridade segundo os modos particulares de explotación: aplicación dos ditos modos cando se reciba a orde correspondente, limitación temporal de velocidade, circulación en sentido inverso ao normal, autorización para superar sinais que ordenen parada, manobras, circular por infraestruturas ferroviarias que están en mantemento e/ou reparación, etc.

5. Condución do tren: o maquinista deberá ser capaz de:

Coñecer en todo momento a súa situación na liña, terminal ou estación de clasificación pola que circula.

Utilizar, sempre que sexa posible, o freo con prudencia para reducir a velocidade e deter o tren ou a manobra, respectando o material rodante e as instalacións.

Regular a marcha do tren ou a manobra conforme o horario e as ordes relacionadas cos movementos de manobras, tendo en conta as características da unidade motriz, o tren, manobra, a liña e o contorno.

6. Anomalías: o maquinista deberá ser capaz de:

Prestar atención, na medida en que a condución do tren ou a manobra o permita, aos acontecementos inusuais relacionados coa infraestrutura ferroviaria e o contorno: ordes e indicacións relacionadas coa manobra, sinais, vía, alimentación de enerxía, pasos a nivel, arredores da vía, outras circulacións, e ao paso polas estacións.

Coñecer as distancias precisas para a realización de manobras ou obstáculos.

Notificar o antes posible ao administrador de infraestruturas o lugar e natureza das anomalías constatadas, asegurándose de ser ben interpretado polo seu interlocutor.

Ter en conta a infraestrutura, coidar ou facer que se vele pola seguridade da circulación de persoas sempre que sexa necesario.

7. Incidentes e accidentes de explotación, incendios e accidentes con vítimas: o maquinista deberá ser capaz de:

Adoptar as disposicións de protección e alerta en caso de accidente con vítimas.

Determinar o punto de parada do tren tras un incendio e, se procede, facilitar a evacuación dos ocupantes.

Facilitar en canto sexa posible os datos pertinentes sobre o incendio, se non o puido dominar el mesmo.

Notificar canto antes as ditas condicións ao administrador de infraestruturas ferroviarias.

Avaliar se a infraestrutura ferroviaria permite que continúe a marcha do vehículo ou o tren e en que condicións.

8. Proba lingüística: os maquinistas que se deban comunicar co administrador de infraestruturas ferroviarias sobre cuestións esenciais relacionadas coa seguridade, deberán posuír a necesaria competencia lingüística no idioma castelán. A dita competencia lingüística deberalles permitir comunicarse de maneira activa e eficaz en situacións tanto rutineiras como adversas e de emerxencia.

Deberán poder empregar as mensaxes e o método de comunicación especificados na ETI de «Explotación». Para isto, os maquinistas deberán ser capaces de comunicarse conforme o nivel 3 que figura nela e que se refire ao que a continuación se indica:

«Nivel 3:

Pode facer fronte a situacións concretas en que exista un elemento imprevisto.

Pode describir

Pode manter unha conversa sinxela.»

B. Certificados referidos para a condución de vehículos de categoría B.

B.1 Con respecto ao material rodante: ao finalizar a formación específica relativa ao material rodante, o maquinista deberá poder realizar satisfactoriamente as seguintes tarefas que o autorizan á condución de transporte de persoas ou de mercadorías:

1. Probas e verificacións prescritas antes da saída do tren: o maquinista deberá poder:

- Procurar a documentación e equipamento necesarios.
- Comprobar as prestacións da unidade motriz.
- Comprobar as indicacións que figuren nos documentos a bordo da unidade motriz.
- Asegurarse, realizando as probas e comprobacións previstas, de que a unidade motriz está en condicións de asegurar o remolque do tren, e de que funcionan os dispositivos de seguridade.
- Comprobar a dispoñibilidade e operatividade dos equipamentos de protección e seguridade obrigatorios con anterioridade ás substitucións de locomotora e inicios de viaxe.
- Realizar as operacións correntes de mantemento preventivo.

2. Coñecemento do material rodante: para conducir a unidade motriz, o maquinista deberá coñecer a totalidade dos sistemas de mando e indicadores postos á súa disposición, en particular, os relacionados con:

- A tracción.
 - A freada.
 - Os dispositivos relacionados coa seguridade da circulación.
- Para poder detectar e localizar unha anomalía do material rodante, sinalala e determinar as condicións de continuación da marcha así como, en determinados casos, efectuar unha intervención, o maquinista deberá coñecer:
- As estruturas mecánicas.
 - Os órganos de suspensión e conexión.
 - Os órganos de rodadura.
 - Os equipamento de seguridade.
 - Os depósitos de combustible, dispositivos de alimentación de combustible e órganos de escape.
 - O dispositivo de marcación, que figura no interior e no exterior do material, especialmente os símbolos utilizados para o transporte de mercadorías perigosas.
 - Os sistemas de rexistro de viaxes.
 - Os sistemas eléctricos e pneumáticos.
 - Os sistemas de axuda á condución.
 - Os órganos de captación e circuítos de alta tensión.
 - Os sistemas de información de sinais en cabina (ASFA, ERTMS, etc.)
 - Os medios de comunicación (radio, telefonía, sinais visuais, sinais auditivos, etc.).
 - Os plans de viaxe.
 - Os elementos que constitúen o material rodante, a súa función e os dispositivos particulares do material remolcado, en especial o sistema de parada do tren por descompresión do circuíto xeral de freada.
 - Os órganos de freada.
 - Os elementos particulares das unidades motrices.
 - O mecanismo de tracción, os motores e as transmisións.

3. Probas de freada do tren: o maquinista deberá ser capaz de:

Verificar e calcular, antes da saída do tren, que a potencia de freada deste, tal e como vén especificada nos documentos dos vehículos, corresponde á potencia de freada prescrita para a infraestrutura ferroviaria.

Verificar o funcionamento dos diversos compoñentes do sistema de freada da unidade motriz e do tren, segundo proceda, antes de toda posta en movemento, na posta en servizo, e en marcha.

4. Tipo de marcha e de velocidade máxima do tren en función das características da liña: o maquinista deberá ser capaz de:

Ter en conta as informacións que se lle transmitan antes de toda saída.

Determinar o tipo de marcha e a velocidade límite do tren en función de variables como as limitacións de velocidade, condicións meteorolóxicas ou modificacións da sinalización.

5. Condución do tren ou da manobra, de maneira que non se deteriorenen as instalacións nin os vehículos: o maquinista deberá ser capaz de:

Utilizar todos os dispositivos de mando e control que estean á súa disposición, segundo as regras aplicables.

Arrincar o tren respectando as limitacións relativas á adherencia e a potencia.

Utilizar o freo con prudencia, sempre que sexa posible, para reducir a velocidade e deter o tren, respectando o material rodante e as instalacións.

6. Anomalías: o maquinista deberá:

Ser capaz de estar atento aos acontecementos inusuais relacionados coa condución do tren.

Ser capaz de inspeccionar o tren e identificar os indicadores de anomalías, diferenciarlos e reaccionar segundo a súa importancia respectiva, e intentar solucionarlas, favorecendo en todos os casos a seguridade da circulación ferroviaria e as persoas.

Cofecer os medios de protección e comunicación dispoñibles.

7. Incidentes e accidentes de explotación, incendios e accidentes con vítimas: o maquinista deberá:

Ser capaz de tomar as disposicións de protección e alerta en caso de accidente con vítimas a bordo do tren.

Ser capaz de determinar se o tren transporta mercadorías perigosas e identificarlas sobre a base da documentación do tren e a lista de vagóns.

Cofecer os procedementos de evacuación dun tren en caso de emerxencia.

8. Condicións de continuación da marcha, despois dun incidente que afecte o material rodante: despois dun incidente, o maquinista deberá ser capaz de avaliar se o material pode seguir circulando e en que condicións, de tal forma que notifique esas condicións o antes posible ao administrador de infraestruturas ferroviarias.

O maquinista deberá ser capaz de determinar se é necesaria a avaliación dun perito antes de que o tren poida continuar a marcha.

9. Inmobilización do tren: o maquinista deberá ser capaz de tomar as medidas necesarias para evitar que o tren, ou partes do tren, se poñan en marcha ou en movemento intempestivamente, mesmo nas condicións máis desfavorables.

Ademais, o maquinista deberá cofecer medidas para deter un tren ou partes dun tren, en caso de que se poñan en movemento intempestivamente.

B.2 Con respecto á infraestrutura: ao finalizar a formación específica relativa á infraestrutura, o maquinista deberá poder realizar satisfactoriamente as seguintes tarefas:

1. Probas de freada do tren: o maquinista deberá ser capaz de verificar e calcular, antes da saída do tren, que a potencia de freada deste, tal e como vén especificada nos documentos dos vehículos, corresponde á potencia de freada prescrita para a liña.

2. Tipo de marcha e velocidade máxima do tren en función das características da liña: o maquinista deberá ser capaz de:

- a) Ter en conta as informacións que se lle transmitan, tales como as limitacións de velocidade ou as indicacións que ofrezan os sinais.
- b) Determinar o tipo de marcha e a velocidade máxima asignada do tren en función das características da infraestrutura ferroviaria e da composición do tren.

3. Coñecemento da liña: o maquinista deberá ser capaz de prever e reaccionar correctamente en termos de seguridade e doutros aspectos funcionais, como a puntualidade e os aspectos económicos. En consecuencia, deberá coñecer ben as liñas e instalacións ferroviarias que percorra, así como, chegado o caso, os itinerarios alternativos convidados.

Son importantes os seguintes aspectos:

- As condicións de explotación (cambios de vía, circulación nun só sentido, etc.).
- A realización dun itinerario e a consulta dos documentos correspondentes.
- A determinación das vías utilizables para o tipo de circulación considerado.
- As normas de circulación aplicables e o significado do sistema de sinalización.
- O réxime de explotación.
- O sistema de bloqueo e regulamentación asociada.
- Nome, situación e localización a distancia de estacións e postos de explotación, co fin de prever a conducción.
- A sinalización de transición entre os distintos sistemas de explotación ou alimentación de enerxía.
- As velocidades máximas para as distintas categorías de trens conducidos polo axente.
- Os perfís topográficos.
- As condicións particulares de freada, tales como as aplicables en liñas de forte pendente.
- As particularidades de explotación: sinais ou paneis específicos, condicións de saída, etc.

4. Normas de seguridade: o maquinista deberá ser capaz de:

Pór o tren en marcha soamente se se reúnen as condicións regulamentarias (horario, orde ou sinal de saída, apertura de sinais, etc.).

Observar a sinalización (lateral ou en cabina), descodificala sen dúbidas nin erros e levar a cabo as accións prescritas.

Circular con total seguridade segundo os modos particulares de explotación: aplicación dos ditos modos cando se reciba a orde correspondente, limitación temporal de velocidade, circulación en sentido inverso ao normal, autorización para superar sinais que ordenen parada, manobras, circular por infraestruturas ferroviarias que están en mantemento e/ou reparación, etc.

Observar as paradas que estean previstas no horario ou fosen ordenadas, e efectuar se procede as operacións de servizo de viaxeiros nelas.

5. Condución do tren: o maquinista deberá ser capaz de:

- Coñecer en todo momento a súa situación na liña pola que circula.
- Utilizar, sempre que sexa posible, o freo con prudencia para reducir a velocidade e deter o tren, respectando o material rodante e as instalacións.
- Regular a marcha do tren conforme o horario e as eventuais consignas de aforro de enerxía, tendo en conta as características da unidade motriz, o tren, a liña e o contorno.

6. Anomalías: o maquinista deberá ser capaz de:

Prestar atención, na medida en que a condución do tren o permita, aos acontecementos inusuais relacionados coa infraestrutura ferroviaria e o contorno: sinais, vía, alimentación

de enerxía, pasos a nivel, arredores da vía, outras circulacións, e ao paso polas estacións.

Coñecer as distancias precisas para respectar obstáculos.

Notificar o antes posible ao administrador de infraestruturas o lugar e natureza das anomalías constatadas, asegurándose de ser ben interpretado polo seu interlocutor.

Ter en conta a infraestruturas, coidar ou facer que se vele pola seguridade da circulación de persoas sempre que sexa necesario.

7. Incidentes e accidentes de explotación, incendios e accidentes con vítimas: o maquinista deberá ser capaz de:

Adoptar as disposicións de protección e alerta en caso de accidente con vítimas.

Determinar o punto de parada do tren tras un incendio e, se procede, facilitar a evacuación dos viaxeiros.

Facilitar en canto sexa posible os datos pertinentes sobre o incendio, se non o puido dominar el mesmo.

Notificar canto antes as ditas condicións ao administrador de infraestruturas ferroviarias.

Avaliar se a infraestruturas ferroviaria permite que continúe a marcha do vehículo ou o tren e en que condicións.

8. Proba lingüística: os maquinistas que se deban comunicar co administrador de infraestruturas ferroviarias sobre cuestións esenciais relacionadas coa seguridade, deberán posuír a necesaria competencia lingüística no idioma castelán. A dita competencia lingüística deberalles permitir comunicarse de maneira activa e eficaz en situacións tanto rutineiras como adversas e de emerxencia.

Deberán poder empregar as mensaxes e o método de comunicación especificados na ETI «Explotación». Para isto, os maquinistas deberán ser capaces de comunicarse conforme o nivel 3 que figura nela e que se refire ao que a continuación se indica:

«Nivel 3:

Pode facer fronte a situacións concretas en que exista un elemento imprevisto

Pode describir.

Pode manter unha conversa sinxela.»

V.2) Probas de avaliación: as probas de avaliación para os certificados farán referencia ás seguintes materias:

1) Para o certificado de condución de categoría A.

Con respecto ao material rodante:

Probas e verificacións prescritas antes da saída do tren e ao comezo do servizo de manobras.

Coñecemento do material rodante.

Probas de freada do tren.

Condución do tren ou da manobra, de maneira que non se deteriorenen as instalacións nin os vehículos.

Anomalías.

Incidentes e accidentes de explotación, incendios e accidentes con vítimas.

Condicións de continuación da marcha despois dun incidente que afecte o material rodante.

Inmobilización do tren.

Con respecto á infraestruturas:

Probas de freada do tren.

Tipo de marcha e velocidade máxima do tren en función das características da liña, terminal ou estación de clasificación.

Coñecemento da liña, terminal ou estación de clasificación.

Normas de seguridade.

Condución do tren.

Anomalías.

Incidentes e accidentes de explotación, incendios e accidentes con vítimas.

Proba lingüística a aqueles aspirantes a que se refire a letra b do número 1 do artigo 39.

2) Para o certificado de condución de categoría B:

Con respecto ao material rodante:

Probas e verificacións prescritas antes da saída do tren.

Coñecemento do material rodante.

Probas de freada do tren.

Tipo de marcha e de velocidade máxima do tren en función das características da liña.

Condución do tren, de maneira que non se deteriorenen as instalacións nin os vehículos.

Anomalías.

Incidentes e accidentes de explotación, incendios e accidentes con vítimas.

Condições de continuación da marcha despois dun incidente que afecte o material rodante.

Inmobilización do tren.

Con respecto á infraestrutura:

Probas de freada do tren.

Tipo de marcha e velocidade máxima do tren en función das características da liña.

Coñecemento da liña.

Normas de seguridade.

Condución do tren.

Anomalías.

Incidentes e accidentes de explotación, incendios e accidentes con vítimas.

Proba lingüística a aqueles aspirantes a que se refire a letra b do número 1 do artigo 39.

ANEXO VI

Modelos de licenza e de certificado de condución

Os modelos de licenza e de certificado de condución serán acordes, respectivamente, co establecido nos anexos I e II do Regulamento (UE) n.º 36/2010 da Comisión, do 3 de decembro de 2009, sobre os modelos comunitarios de licenzas de condución de trens, certificados complementarios, copias autenticadas de certificados complementarios e formularios de solicitude de licenzas de condución de trens, en aplicación da Directiva 2007/59/CE do Parlamento Europeo e do Consello; e as súas características e contidos son os que a continuación se relacionan, de conformidade coa dita directiva. Empregarase este formato cada vez que se expida, renove, actualice, modifique ou revogue unha licenza ou certificado de condución.

1. Características da licenza: as características físicas da licenza de maquinista ateranse ás normas ISO 7810 e ISO 7816-1.

A tarxeta deberá ser de policarbonato.

Os métodos de verificación das características do permiso de condución que permitan garantir a súa conformidade coas normas internacionais axustaranse á norma ISO 10373.

2. Contido da licenza: a cara anterior da licenza conterá os seguintes elementos:

a) A mención «licenza de maquinista» impresa en caracteres grosos en idioma castelán.

b) O nome do Estado emisor: España.

c) O escudo de España segundo o código ISO 3166, impreso en negativo en rectángulo azul e rodeado de doce estrelas amarelas.

d) Os datos específicos da licenza expedida, numerados do seguinte modo:

i) Apelidos do titular.

ii) Nome do titular.

iii) Data e lugar de nacemento do titular.

iv) Data de expedición da licenza:

Data de expiración da validez administrativa da licenza.

Designación da autoridade outorgante: Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias.

Número de referencia asignado polo empregador ao empregado.

v) Número da licenza que dá acceso aos datos do Rexistro Especial Ferroviario.

vi) Fotografía do titular.

vii) Sinatura do titular;

viii) Residencia permanente ou dirección postal do titular.

e) A mención «Modelo das Comunidades Europeas» en idioma castelán e a mención «Licenza de condución de trens» nas demais linguas da Unión Europea, impresas en amarelo para constituír o fondo da licenza.

f) Cores de referencia: azul: «Pantone Reflex Blue». Amarelo: «Pantone Yellow».

g) Información complementaria, ou restricións médicas de uso impostas ao titular, de conformidade coa normativa vixente.

3. Certificado: o certificado conterá os seguintes elementos:

a) Apelidos do titular.

b) Nome do titular.

c) Data e lugar de nacemento do titular.

d) Data de expedición do certificado.

e) Data de expiración da validez administrativa do certificado.

f) Designación da entidade outorgante.

g) Número de referencia asignado polo empregador ao empregado (opcional).

h) Número do certificado que dá acceso aos datos do Rexistro Especial Ferroviario.

i) Fotografía do titular.

j) Sinatura do titular.

k) Residencia permanente ou enderezo postal do titular (facultativo).

l) Categoría en que o titular está autorizado a conducir.

m) Tipo ou tipos de material rodante que o titular está autorizado a conducir.

n) Infraestruturas polas cales o titular está autorizado a conducir.

o) Eventuais mencións adicionais ou restritivas.

p) Coñecementos lingüísticos.

ANEXO VII

Titulacións exixibles

Establécense os seguintes requisitos de titulación exixibles para acceder á formación que permite obter, respectivamente, as licenzas de condución, as habilitacións de circulación, as habilitacións de infraestrutura e as habilitacións de operacións de tren:

1. Persoal de condución: polo menos, o título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou titulación equivalente para efectos laborais.
2. Persoal de circulación: polo menos, o título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou titulación equivalente para efectos laborais.
3. Persoal de infraestrutura: polo menos, o título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou titulación equivalente para efectos laborais.
4. Persoal de operacións de tren:

Para a habilitación de auxiliar de operacións de tren e para a habilitación de operador de vehículos de manobra: polo menos, o título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou titulación equivalente para efectos laborais.

Para a habilitación de cargador: polo menos, o nivel académico de estudos primarios ou titulación equivalente para efectos laborais.